Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 27/06/2022 12:36:19
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 336
27 de xuño de 2022

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Aprobación por unanimidade sen modificacións

2556 (11/PNC-000274)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis
Sobre o impulso polo Goberno galego, a través da Academia Galega de Seguridade, de cursos ou xornadas en materia de inspección do xogo, dirixidas ao persoal dos corpos e forzas de seguridade 131981

Rexeitamento das iniciativas

32198 (11/PNC-002880)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da eliminación da simboloxía fascista dos edificios dependentes da súa administración 131981

33314 (11/PNC-003020)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da contratación de persoal temporal ou interino a tempo parcial 131981

34420 (11/PNC-003144)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e catro deputados/as máis
Sobre a solicitude do Goberno galego ao Goberno do Estado do indulto de Xesús Anxo López Pintos 131982

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Retirada da iniciativa en comisión

22258 (11/PNC-002111)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Ríos Santomé, Paulo
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co funcionamento do ferri entre A Guarda e Camiña 131982

Aprobación sen modificacións

35284 (11/PNC-003234)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rey Varela, José Manuel e 9 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para o abastecemento de auga da cidade de Vigo e do sur da provincia de Pontevedra 131982

Rexeitamento da iniciativa

31168 (11/PNC-002793)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto dos problemas do transporte interurbano de viaxeiros por estrada que está a sufrir a veciñanza do concello de Negreira 131983

35754 (11/PNC-003292)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en marcha un plan para favorecer a emancipación da mocidade 131983

Comisión 4ª, Educación e Cultura

Rexeitamento da iniciativa

34743 (11/PNC-003178)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para acometer unha reforma integral no centro de educación infantil e primaria de Vite I, en Santiago de Compostela 131984

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.6. Corporación Radio e Televisión de Galicia

Acordo da Mesa do Parlamento, do 21 de xuño de 2022, polo que se toma coñecemento do Informe das contas anuais da Corporación de Radio e Televisión de Galicia correspondentes ao exercicio 2021 en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas 131988

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.5.4. De ámbito europeo
1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 23 de xuño de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta do principio de subsidiariedade en relación á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre o estatuto dos nacionais de terceiros países residentes de longa duración (refundición) [COM(2022) 650 final] [COM(2022) 650 final anexos] [2022/0134 (COD)] {SEC(2022) 200 final} {SWD(2022) 650 final} {SWD(2022) 651 final}

-11/UECS-000201 (36355) Consulta do principio de subsidiariedade en relación á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre o estatuto doa nacionais de terceiros países residentes de longa duración (refundición) [COM(2022) 650 final] [COM(2022) 650 final anexos] [2022/0134 (COD)] {SEC(2022) 200 final} {SWD(2022) 650 final} {SWD(2022) 651 final} 132228

Resolución da Presidencia, do 23 de xuño de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta do principio de subsidiariedade en relación á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre recuperación e comiso de activos [COM (2022) 245 final] [2022/0167 (COD)] {SEC (2022) 245 final} {SWD (2022) 245 final} {SWD (2022) 246 final}

-11/UECS-000202 (36356) Consulta do principio de subsidiariedade en relación á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre recuperación e comiso de activos [COM (2022) 245 final] [2022/0167 (COD)] {SEC (2022) 245 final} {SWD (2022) 245 final} {SWD (2022) 246 final} 132296

Resolución da Presidencia, do 23 de xuño de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta do principio de subsidiariedade en relación á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establece un procedemento único de solicitude dun permiso único que autoriza os nacionais de terceiros países a residir e traballar no territorio dun Estado membro e pola que se establece un conxunto común de dereitos para os traballadores de terceiros países que residen legalmente nun Estado membro (refundición) [COM(2022) 655 final] [COM(2022) 655 final anexos] [2022/0131 (COD)] {SEC(2022) 201 final} {SWD(2022) 655 final} {SWD(2022) 656 final}

-11/UECS-000203 (36357) Consulta do principio de subsidiariedade en relación á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establece un procedemento único de solicitude dun permiso único que autoriza os nacionais de terceiros países a residir e traballar no territorio dun Estado membro e pola que se establece un conxunto común de dereitos para os traballadores de terceiros países que residen legalmente nun Estado membro (refundición) [COM(2022) 655 final] [COM(2022) 655 final anexos] [2022/0131 (COD)] {SEC(2022) 201 final} {SWD(2022) 655 final} {SWD(2022) 656 final} 132301

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 22 de xuño de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 2556 (11/PNC-000274)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis
Sobre o impulso polo Goberno galego, a través da Academia Galega de Seguridade, de cursos ou xornadas en materia de inspección do xogo, dirixidas ao persoal dos corpos e forzas de seguridade
BOPG nº 27, do 07.10.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover, a través da Academia Galega de Seguridade, cursos ou xornadas en materia de inspección do xogo, dirixidas ao persoal dos corpos e forzas de seguridade (Garda Civil, Policía Local, Policía Nacional e Unidade de Policía Adscrita) para facilitarlles as tarefas de inspección e control dos establecementos de xogo e das máquinas e aparellos de xogo para os efectos de comprobar o debido cumprimento da normativa existente.»

Rexeitamento das iniciativas

- 32198 (11/PNC-002880)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da eliminación da simboloxía fascista dos edificios dependentes da súa administración
BOPG nº 296, do 23.03.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 33314 (11/PNC-003020)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da contratación de persoal temporal ou interino a tempo parcial
BOPG nº 307, do 13.04.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 3 votos a favor, 7 votos en contra e 2 abstencións.

- 34420 (11/PNC-003144)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e catro deputados/as máis
Sobre a solicitude do Goberno galego ao Goberno do Estado do indulto de Xesús Anxo López Pintos
BOPG nº 318, do 12.05.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 3 votos a favor, 7 votos en contra e 2 abstencións.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2022
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 22 de xuño de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Retirada da iniciativa en comisión

- 22258 (11/PNC-002111)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Ríos Santomé, Paulo
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co funcionamento do ferri entre A Guarda e Camiña
BOPG nº 206, do 29.09.2021

Aprobación sen modificacións

- 35284 (11/PNC-003234)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rey Varela, José Manuel e 9 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para o abastecemento de auga da cidade de Vigo e do sur da provincia de Pontevedra
BOPG nº 328, do 08.06.2022

Sométese a votación separada por puntos:

Puntos 1, 3 e 4: resultan aprobados por 10 votos a favor, 2 votos en contra e 0 abstencións.
Punto 2: resulta aprobado por 7 votos a favor, 2 votos en contra e 3 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

«O Parlamento insta o Goberno galego a pedir ao Goberno español que:

1. Renuncie ao bombeo de auga desde o río Verdugo ao río Oitavén, por estar acreditada como unha medida cun alto impacto e completamente ineficaz para garantir o abastecemento de auga a Vigo e ao sur da provincia de Pontevedra.

2. Inicie a tramitación ambiental para avaliar a viabilidade do conxunto de medidas propostas no estudo realizado pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil para o abastecemento a Vigo e ao sur da provincia de Pontevedra.

3. Declare o abastecemento á cidade de Vigo de interese xeral do Estado.

4. Convoque unha xuntanza cos concellos afectados polas actuacións propostas e coa Xunta de Galicia para explicar e achegar información pormenorizada sobre as alternativas propostas e sobre as súas previsións de actuación.»

Rexeitamento da iniciativa

- 31168 (11/PNC-002793)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto dos problemas do transporte interurbano de viaxeiros por estrada que está a sufrir a veciñanza do concello de Negreira
BOPG nº 286, do 02.03.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 35754 (11/PNC-003292)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en marcha un plan para favorecer a emancipación da mocidade
BOPG nº 332, do 15.06.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2022
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

Comisión 4ª, Educación e Cultura

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 23 de xuño de 2022, adoptou os seguintes acordos:

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rexeitamento da iniciativa

- 34743 (11/PNC-003178)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para acometer unha reforma integral no centro de educación infantil e primaria de Vite I, en Santiago de Compostela
BOPG nº 320, do 19.05.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2022
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.6. Corporación Radio e Televisión de Galicia

Acordo da Mesa do Parlamento, do 21 de xuño de 2022, polo que se toma coñecemento do Informe das contas anuais da Corporación de Radio e Televisión de Galicia correspondentes ao exercicio 2021 en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de xuño de 2022**,** adoptou o seguinte acordo:

- 36171 (11/TVCA-000003)
Informe das contas anuais da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, correspondentes ao exercicio 2021 en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas

A Mesa toma coñecemento e acorda o seu traslado á Comisión permanente non lexislativa de control da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, aos portavoces dos grupos parlamentarios e a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2022
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 23 de xuño de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta do principio de subsidiariedade en relación á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre o estatuto dos nacionais de terceiros países residentes de longa duración (refundición) [COM(2022) 650 final] [COM(2022) 650 final anexos] [2022/0134 (COD)] {SEC(2022) 200 final} {SWD(2022) 650 final} {SWD(2022) 651 final}

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

-11/UECS-000201 (36355) Consulta do principio de subsidiariedade en relación á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre o estatuto doa nacionais de terceiros países residentes de longa duración (refundición) [COM(2022) 650 final] [COM(2022) 650 final anexos] [2022/0134 (COD)] {SEC(2022) 200 final} {SWD(2022) 650 final} {SWD(2022) 651 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 36355, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta do principio de subsidiariedade en relación á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre o estatuto dos nacionais de terceiros países residentes de longa duración (refundición) [COM(2022) 650 final] [COM(2022) 650 final anexos] [2022/0134 (COD)] {SEC(2022) 200 final} {SWD(2022) 650 final} {SWD(2022) 651 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (no BOPG núm. 27, do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior; aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2022
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Resolución da Presidencia, do 23 de xuño de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta do principio de subsidiariedade en relación á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre recuperación e comiso de activos [COM (2022) 245 final] [2022/0167 (COD)] {SEC (2022) 245 final} {SWD (2022) 245 final} {SWD (2022) 246 final}

-11/UECS-000202 (36356) Consulta do principio de subsidiariedade en relación á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre recuperación e comiso de activos [COM (2022) 245 final] [2022/0167 (COD)] {SEC (2022) 245 final} {SWD (2022) 245 final} {SWD (2022) 246 final}

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 36356, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta do principio de subsidiariedade en relación á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre recuperación e comiso de activos [COM (2022) 245 final] [2022/0167 (COD)] {SEC (2022) 245 final} {SWD (2022) 245 final} {SWD (2022) 246 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (no BOPG núm. 27, do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior; aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2022
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Resolución da Presidencia, do 23 de xuño de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta do principio de subsidiariedade en relación á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establece un procedemento único de solicitude dun permiso único que autoriza os nacionais de terceiros países a residir e traballar no territorio dun Estado membro e pola que se establece un conxunto común de dereitos para os traballadores de terceiros países que residen legalmente nun Estado membro (refundición) [COM(2022) 655 final] [COM(2022) 655 final anexos] [2022/0131 (COD)] {SEC(2022) 201 final} {SWD(2022) 655 final} {SWD(2022) 656 final}

-11/UECS-000203 (36357) Consulta do principio de subsidiariedade en relación á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establece un procedemento único de solicitude dun permiso único que autoriza os nacionais de terceiros países a residir e traballar no territorio dun Estado membro e pola que se establece un conxunto común de dereitos para os traballadores de terceiros países que residen legalmente nun Estado membro (refundición)

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

[COM(2022) 655 final] [COM(2022) 655 final anexos] [2022/0131 (COD)] {SEC(2022) 201 final} {SWD(2022) 655 final} {SWD(2022) 656 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 36357, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta do principio de subsidiariedade en relación á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establece un procedemento único de solicitude dun permiso único que autoriza os nacionais de terceiros países a residir e traballar no territorio dun Estado membro e pola que se establece un conxunto común de dereitos para os traballadores de terceiros países que residen legalmente nun Estado membro (refundición) [COM(2022) 655 final] [COM(2022) 655 final anexos] [2022/0131 (COD)] {SEC(2022) 201 final} {SWD(2022) 655 final} {SWD(2022) 656 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (no BOPG núm. 27, do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior; aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2022
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
17 XUÑ. 2022
NUM. 36171

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
17 XUÑ. 2022
SAÍDA
Nº 58

Achégolle tres copias, en formato dixital, *das* ***Contas Anuais da Corporación da Radio Televisión de Galicia correspondentes ao exercicio 2021,*** que serán presentadas polo director xeral da CRTVG na súa próxima comparecencia na sesión da Comisión de Control da CRTVG, coa finalidade da súa distribución entre os grupos parlamentarios representados na *Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación de RTVG.*

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

A-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
al
Data e hora: 17/06/2022 12:45:15

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2021

CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA

einf

ESTADO DE INFORMACIÓN NON FINANCEIRA



CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

ESTADO
DE
INFORMACIÓN NON FINANCIEIRA

INFORME DE VERIFICACIÓN

APROBACIÓN DE CONTAS

EXERCICIO

2021

29.03.2022

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

EXERCICIO
2021

einf

ESTADO DE
INFORMACIÓN
NON FINANCEIRA

CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dirección Xeral da Corporación RTVG ©2022

Área de Xestión Corporativa

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ÍNDICE

0. INDICACIÓNS INICIAIS. 1

I. CARACTERIZACIÓN, MODELO DE NEGOCIO E ACTIVIDADE DE SERVIZO PÚBLICO DA CORPORACIÓN RTVG NO SEU CONTEXTO ESTRATÉXICO E DE MERCADO. 7

I.1. Caracterización xeral. 7
I.2. Produtos e servizos. 8
I.3. A singularidade da Corporación RTVG como operador público no mercado. 11
I.4. Elementos de contexto, desafíos estratéxicos e liñas de evolución. 12
I.5. O significado, impacto e retorno social da actividade da Corporación. 14
I.6. Indicadores xerais de actividade e negocio. 18

ÁREAS DE INFORMACIÓN ESPECÍFICA 21

II. MEDIO AMBIENTE: DATOS CRITEROS E POLÍTICAS DE SUSTENTABILIDADE E RESPONSABILIDADE. 23

II.1. Referencias xerais. 23
II.2. Referencias sobre consumo de auga. 25
II.3. Referencias sobre consumo enerxético. 26
II.4. Referencias sobre emisións de substancias á atmosfera. 29
II.5. Referencias sobre xestión de residuos sólidos e promoción dunha economía circular. 31
II.6. Referencias complementarias. 31

III. PERSOAL: DATOS, CRITERIOS E POLÍTICAS RELATIVOS Á XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS. 33

III.1. Emprego; distribucións máis relevantes do persoal. 33
III.2. Despedimentos. 47
III.3. Remuneracións e consideracións sobre fenda salarial. 47
III.4. Diálogo social e negociación colectiva. 50
III.5. Organización do tempo de traballo e medidas relacionadas; absentismo. 53
III.6. Políticas de conciliación da vida persoal e profesional dos/as traballadores/as. 55

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

III.7. Saúde e seguridade laborais. 60
III.8. Formación. 69
III.9. Xestión da diversidade. 72
III.10. Promoción da igualdade. 74

IV. CONTROL DA ACTIVIDADE: PRINCIPIOS, OBRIGAS, CRITERIOS E MEDIDAS. 77
IV.1. Referencias xerais. 77
IV.2. Principios inspiradores da actividade da Corporación RTVG. 78
IV.3. Fórmulas de control específicas da Corporación RTVG. 78
IV.4. Controis derivados da Execución da Lei 1/1999, do Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia. 79
IV.5. Controis operativos na contratación. 80
IV.6. Medidas de transparencia sobre actividade contractual e estado financeiro. 83
IV.7. Controis asociados á execución operativa do "Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital". 83
IV.8. Medidas propias de regulación da adquisición de programas destinados a comunicación audiovisual. 84
IV.9. Controis asociados ao cumprimento da normativa de comunicación audiovisual. 84
IV.10. Protección de datos, confidencialidade, seguridade para o uso informático e o uso de redes sociais. 84
IV.11. Controis e autorregulación de carácter ético. 86
IV.12. Actuacións asociadas ao cumprimento das obrigas de transparencia e publicidade na actividade pública establecidas na "Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno" e a " Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e autorregulación de carácter ético". 88
IV.13. Política de prevención de delitos 91

V. RESPONSABILIDADE SOCIAL. 93
V.1. Referencias xerais. 93
V.2. Cláusulas sociais, sub-contratación e provedores/as. 95
V.3. Outras dimensións da responsabilidade social; a súa proxección nos media; recoñecementos. 98

ÍNDICE DE REFERENCIAS Á LEI 11/2018 113

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

0. INDICACIÓNS INICIAIS

Este Estado de Información Non Financeira da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. —en diante Corporación RTVG, CRTVG ou a Corporación— relativo ao exercicio 2021 elabórase en atención ao disposto na "Lei 11/2018, de 28 de decembro, pola que se modifica o Código de Comercio, o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, e a Lei 22/2015, de 20 de xullo, de Auditoría de Contas, en materia de información non financeira e diversidade".

Na súa confección tívose en conta o requirido polo texto legal citado e, ao tempo, tomáronse como referencia de criterios estándares seleccionados da "Global Reporting Initiative" —en diante GRI—, o Pacto Mundial das Nacións Unidas polos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable e outras pautas internas e externas, estas de uso común no ámbito internacional para a elaboración de informes de sustentabilidade.

Esa suma de indicacións, referencias e criterios adaptáronse á singularidade da Corporación RTVG desde o punto de vista da información de control que xera en razón da súa natureza, características, actividades, da súa propia normativa interna e da de rango xeral que lle é de aplicación, así como das prácticas derivadas destas.

A elaboración do presente informe levouse a termo realizando unha compilación ordenada de datos e informacións procedentes das distintas instancias da Corporación —Servizos, Subdireccións de Departamento, Departamentos e Áreas, en secuencia de integración ascendente— ás que cumpriu subministralos en función das súas competencias na actividade da organización. O proceso de compilación respondeu a unha pauta de avaliación interna.

En canto á materialidade relativa aos cinco bloques que regula a Lei 11/2018, débese sinalar que no caso concreto da Corporación RTVG esta é baixa nas cuestións medio ambientais e nas relativas a dereitos humanos, media no bloque de loita contra a corrupción e suborno —tendo en conta os controis implantados nela pola súa condición de empresa pública— e alta nas cuestións sociais e as relativas ao persoal, dada a importancia que teñen por unha banda os/as traballadores/as como elemento capital da súa actividade e, por outra, a cidadanía como destinataria desa actividade.

Respecto desta determinación da materialidade débese aclarar que existen cuestións de gran relevancia xeral —dereitos humanos ou medio ambientais— que polo ámbito territorial da súa acción e pola propia actividade da Corporación RTVG non son materiais para ela.

Unha aproximación resumida á materialidade das cuestións tratadas neste informe derívase da consideración nese sentido que resulta de cruzar nunha matriz a imputación de relevancia estratéxica,

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

determinada pola Corporación, a unha serie de eixes de identidade e actividade correspondentes a catro dimensións coa que nunha escala de 1 a 5 resultou dunha consulta a informantes representativos/as de entidades que articulan o tecido social de Galicia.

Para considerar a matriz, desde o punto de vista da formulación e atribución de relevancia por parte da Corporación aos eixes débese ter en conta que:

- As catro dimensións en que se agrupan son:
  - A, Identidade e goberno corporativo.
  - B, Servizo público e actividade.
  - C, Recursos humanos.
  - D, Proxección social.
- Os máis dos eixes correspóndense con determinados criterios GRI.
- Se agruparon en catro niveis de relevancia estratéxica:
  - Importante.
  - Bastante importante.
  - Moi importante.
  - Extremadamente importante.
- Se ordenaron dentro deles tamén por relevancia estratéxica, identificando cada eixe na serie resultante cun código formado un número ordinal do 1 a 34 antecedido en cada caso pola letra maiúscula da dimensión á que corresponden

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

T.1. EIXES DE IDENTIDADE E ACTIVIDADE CORPORATIVA ORDENADOS POR RELEVANCIA ESTRATÉXICA CRECENTE, DENTRO DE CADA UNHA DE CATRO DIMENSIÓNS DE SIGNIFICADO, E CRITERIOS GRI ASOCIADOS.

DIMENSIÓNS	EIXES DE IDENTIDADE E ACTIVIDADE	CRITERIO GRI
A: IDENTIDADE E GOBERNO CORPORATIVO	A01Control e fiscalización	102 Perfil da organización 201 Desempeño económico 205 Anticorrupción 419 Cumprimento socioeconómico
	A02 Transparencia e bo goberno	102 Perfil da organización 103 Enfoque de xestión 205 Anticorrupción 419 Cumprimento socioeconómico
	A03 Expresión e construción da identidade colectiva de Galicia	Ø
	A04 Prestación dun servizo público	102 Perfil da organización 201 Desempeño económico 419 Cumprimento socioeconómico
B: SERVIZO PÚBLICO E ACTIVIDADE	B05 Autorregulación	102 Perfil da organización 201 Desempeño económico 203 Impactos económicos indirectos 419 Cumprimento socioeconómico
	B06 Financiamento mixto -achega institucional + rendementos da actividade-	102 Perfil da organización 203 Impactos económicos indirectos 419 Cumprimento socioeconómico
	B07 Impulso ao sector TIC	102 Perfil da organización 203 Impactos económicos indirectos 419 Cumprimento socioeconómico
	B08 Compromiso coa transformación dixital	102 Perfil da organización 203 Impactos económicos indirectos 419 Cumprimento socioeconómico
	B09 Sustentabilidade económico financeira	102 Perfil da organización 201 Desempeño económico 419 Cumprimento socioeconómico
	B10 Proxección exterior de Galicia	102 Perfil da organización 419 Cumprimento socioeconómico
	B11 Promoción do sector audiovisual galego	102 Perfil da organización 419 Cumprimento socioeconómico
	B12 Proximidade na información	102 Perfil da organización 419 Cumprimento socioeconómico
	B13 Nivel de audiencia	102 Perfil da organización 419 Cumprimento socioeconómico
	B14 Xestión orzamentaria equilibrada; déficit cero	201 Desempeño económico 419 Cumprimento socioeconómico
	B15 Reflexo da diversidade social	Ø
	B16 Credibilidade	Ø
	B17 Cultura galega	102 Perfil da organización
	B18 Lingua galega	Ø

DIMENSIÓNS	EIXES DE IDENTIDADE E ACTIVIDADE	CRITERIO GRI
C: RECURSOS HUMANOS	C19 Contorna de traballo	403 Saúde e seguridade no traballo
	C20 Participación do persoal	102 Perfil da organización 402 Relacións entre o persoal e a dirección 403 Saúde e seguridade no traballo
	C21 Retribución axeitada	102 Perfil da organización 201 Desempeño económico 405 Diversidade e igualdade de oportunidades
	C22 Formación	404 Capacitación e formación
	C23 Estabilidade no emprego	102 Perfil da organización 401 Emprego
	C24 Diálogo social	102 Perfil da organización 402 Relacións entre o persoal e a dirección 403 Saúde e seguridade no traballo
	C25 Conciliación da vida persoal e laboral	401 Emprego
	C26 Seguridade e saúde laboral	403 Saúde e seguridade no traballo
	C27 Igualdade, diversidade, non discriminación	102 Perfil da organización 201 Desempeño económico 401 Emprego 405 Diversidade e igualdade de oportunidades 406 Non discriminación
D: PROXECCIÓN SOCIAL	D28 Comunicación sen barreiras, accesibilidade universal aos contidos	102 Perfil da organización
	D29 Comunicación coa audiencia	102 Perfil da organización 418 Privacidade dos /as clientes
	D30 Sensibilización e promoción de valores cívicos mediante contidos e campañas singulares	102 Perfil da organización
	D31 Relación coa comunidade educativa	102 Perfil da organización
	D32 Relación co mundo asociativo e sectores sociais	102 Perfil da organización
	D33 Relación cos sectores económicos	102 Perfil da organización 203 Impactos económicos indirectos 419 Cumprimento socioeconómico
	D34 Sustentabilidade ambiental da propia actividade	102 Perfil da organización 301 Materiais 302 enerxía 303 Auga e efluentes 304 Bio-diversidade 305 Emisións 306 Efluentes e refugallos 307 Cumprimento ambiental 308 Avaliación ambiental de fornecedores

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

G.1. MATRIZ DE MATERIALIDADE DOS EIXES DE IDENTIDADE E ACTIVIDADE CORPORATIVA: RELEVANCIA IMPUTADA NA CONSULTA EXTERNA E RELEVANCIA ESTRATÉXICA IMPUTADA POLA CORPORACIÓN.



Volvendo ás referencias sobre o conxunto do documento, finalmente cabe advertir que a información requirida, articulada en bloques temáticos a xeito de capítulos con un ou varios epígrafes, se presenta acompañada doutra de valor explicativo que contribúe a un mellor entendemento da realidade da Corporación nas materias tratadas. Ademais, no desexo de deixar constancia da atención ao disposto no Art. Primeiro.6 da devandita Lei 11/2018, como xeito de localizar a información demandada dentro da compilación que supón o texto, un capítulo final complementario de orde instrumental, composto por unhas táboas índice, precisa a localización nas páxinas do documento das diferentes cuestións determinadas no artigo mencionado, relacionando en cada caso os estándares GRI que se entendeu que debían considerarse en atención ao detallado na norma citada.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

I. CARACTERIZACIÓN, MODELO DE NEGOCIO E ACTIVIDADE DE SERVIZO PÚBLICO DA CORPORACIÓN RTVG NO SEU CONTEXTO ESTRATÉXICO E DE MERCADO

I.1. Caracterización xeral

A Corporación RTVG é unha corporación de titularidade pública autonómica galega. Ademais da normativa de orde xeral e autonómico que lle é de aplicación en virtude da súa natureza e actividades, réxese especificamente polo disposto na "Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia" e nos instrumentos normativos que dela se derivan.

A personalidade xurídica e a prestación do servizo público que ten encomendada a Corporación RTVG, xuntamente con outras particularidades de seu, determinan a súa condición empresarial.

En termos xerais é, pois, un operador público no mercado da produción e difusión de contidos audiovisuais mediante telecomunicacións. Concorre no mercado xerando, adquirindo e vendendo contidos e servizos en atención a unha programación estable e continua de televisión e radio, con elementos dispoñibles á carta, xuntamente con outros específicos, na Rede. Segundo os casos emite, mediante sinais atmosféricos directos, vía satélite e mediante cable, aqueles contidos específicos correspondentes a varios medios, identificados estes con marcas de identidade propias: TVG —Televisión de Galicia, "A Galega"— Radio Galega —RG, crtvg.gal e G24.gal. Deses medios, proxéctanse en varias canles en cada caso a TVG —G (A Galega), TVG 2 (G2), TVG A (América), TVG E (Europa), RG —Radio Galega (de enfoque xeral), Radio Galega Música (radio fórmula), Son Galicia Radio (música feita en Galicia), e Radio Picariña (infantil e concibida para a súa emisión na Rede)—. Ademais en 2021 lanzouse a a plataforma G24 para os servizos Informativos orientada á súa proxección conxugada multi-canle e multimedia.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Con relación ao seu portal na Rede, crtvg.gal, como acceso aos medios e canles devanditos, e a toda unha serie de servizos e contidos especificamente deseñados, está consolidándose a súa presenza, cobrando identidade de marca e notoriedade como tal a nivel das outras dúas con maior percorrido histórico na medida que están ligadas a medios en orixe convencionais. Así, neste entorno especificamente dixital, é notable como en 2021, resultado da dixitalización funcional plena na produción, se intensificou a explotación multimedia de contidos e a interacción co público mediante redes sociais, ao tempo que se normalizou a xeración de contidos específicos para You Tube, Instagram e Tik Tok, e se incrementou o rendemento das App, debendo ademais destacarse nesta perspectiva a creación da citada plataforma G24 especializada en noticias de proximidade.

I.2. Produtos e servizos

A Corporación RTVG desenvolve en razón da súa actividade oito liñas de negocio:

1. Venda de espazos publicitarios na televisión, na radio e nas canles dixitais. Atende todos os formatos de comercialización posible no mercado dentro das directrices e na procura duns obxectivos dun programa anual. Constitúe a súa actividade de negocio máis importante. Comprende tres eixes distintos con dinámicas propias:
   - Publicidade comercial no ámbito galego. Xestiónaa, desde a comercialización ao cobro, unha empresa concesionaria en exclusiva contratada mediante licitación pública.
   - Publicidade comercial no ámbito estatal. A Corporación RTVG está integrada na alianza do conxunto de televisións autonómicas que se concreta na FORTA. Por esa vía participa da estratexia de comercialización conxunta nese ámbito de todos os anunciantes que queren desenvolver nel campañas de alcance xeral.
   - Publicidade institucional. Caracteristicamente das Administracións Públicas, tramítase directamente polo equipo da Área de Innovación e Negocio.
2. Distribución estatal e internacional de produtos audiovisuais de produción propia. Alén da súa emisión en primeiro termo nas propias canles, estes produtos —fundamentalmente de ficción e entretemento: películas, series, programas— destínanse á venda nos mercados audiovisuais na procura dun retorno económico. A Corporación RTVG vén historicamente, cunha perspectiva de internacionalización, concorrendo nos principais eventos e canles deses mercados. A Corporación aspira a incrementar a importancia daquel retorno e traballa nese sentido.
3. Venda de dereitos de emisión. Atende á comercialización de contidos de produción propia para seren emitidos por outros operadores de televisión, tanto nacionais como internacionais, noutra liña de internacionalización. A aparición e consolidación das platafor-

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mas de difusión na Rede en fluxo sen descarga —*"streaming"*—, como Netflix, Amazon Prime Video, HBO etc., levou a adaptar a estratexia de venda. Así, en 2021 traballouse na consolidación da modalidade de coprodución con reserva de dereitos para a emisión en Galicia e en idioma galego iniciada en 2018.

> ***En 2021 lanzouse a plataforma G24 para os servizos informativos orientada á súa proxección multi-canle e multimedia***

4. Distribución do sinal e venda de dereitos de conexión. Esta é arestora unha das principais estratexias de negocio da Corporación RTVG. Ten unha dimensión determinante de internacionalización, como terceira liña que a concreta. Hoxe está consolidada a distribución do sinal das canles TVG América e TVG Europa a través de varias redes de cable e satélite que operan en boa parte dos territorios do América e Europa. Así, os contidos televisivos da Corporación RTVG no estranxeiro forman parte dos paquetes dos principais operadores de distribución televisiva en Canadá, Estados Unidos, México, Panamá, Arxentina e Uruguai, así como da maioría dos países europeos. Esta liña fundaméntase nos acordos e contratos con empresas locais de distribución do sinal principalmente a través de cable; porén, hai subscritos acordos con operadores de satélite capaces de distribuír o sinal en zonas aínda máis amplas. Ademais no ámbito estatal, coa particularidade de non haber polo común contra-prestación comercial, existen acordos con operadores das plataformas dixitais, como Movistar, R, Orange ou Vodafone, polo que se garante a presenza das canles TVG e G2 dentro dos paquetes básicos en aberto destes operadores, permitindo o acceso aos seus contidos en calquera lugar de España. No ano 2021 tamén se estableceron acordos con operadoras exclusivas de IPTV e estableceuse a tecnoloxía de televisión híbrida —Hbbtv— dentro das emisións de TDT.

5. Servizo de enlaces de retransmisión de acontecementos. A Corporación RTVG ten legalmente encomendada a responsabilidade institucional da cobertura informativa dos principais acontecementos que ocorren en Galicia. Iso fai dela a empresa de referencia para todas aquelas canles de televisión e emisoras de radio que precisan conectarse aos efectos da retransmisión en directo de contidos substanciais na axenda do país, sexa polo seu significado para este ou pola súa proxección alén en termos de relevancia informativa. Esta liña de negocio, que en si, desde un punto de vista monetario, non ten un valor clave na facturación da Corporación RTVG, resulta indirectamente importante, xa que constitúe a fórmula principal en que se estriban intercambios con outros operadores.

6. Venda de imaxes de arquivo. O arquivo audiovisual da Corporación RTVG é a testemuña máis importante da historia dos últimos 35 anos de Galicia. Ademais, é a principal fonte documental audiovisual de acontecementos informativos nela nese período. Isto

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

convérteo nun arquivo único na perspectiva da memoria e o patrimonio común do pobo galego, e aos efectos singulares de difusión cultural, investigación, fonte de inspiración e ilustración para a creación de novos contidos culturais. Por iso a Corporación RTVG pon a disposición da cidadanía, en aberto, unha plataforma de consulta xa mencionada, denominada "Pasou o que pasou", á que se pode acceder a través do seu sitio principal na Rede: crtvg.gal; asemade, para unha utilización profesional, a empresa ten establecida unha liña de negocio consistente na venda de imaxes suxeita a tarifa, establecéndose esta en función do tempo e a posibilidade do seu uso.

7. Venda de dereitos de copia privada e execución musicais. A edición musical, especialmente dedicada a música de raíz galega ou producida en Galicia, é unha actividade da Corporación RTVG que ten selo editorial propio. A Corporación RTVG é propietaria así de boa parte dos rexistros que se emiten nos seus diferentes programas propios e nos programas musicais específicos da TVG "Noite de Jazz" e "Sons da noite". A difusión destes contidos, xunto con outros que tamén son emitidos noutras canles e plataformas, como a emisora dixital en liña de radio infantil Radio Picariña, constitúen unha liña de negocio da Corporación por mor da xestión dos dereitos de propiedade intelectual e industrial correspondentes.

8. Venda de produtos non audiovisuais de promoción ou asociados a programas ou á identidade da Corporación RTVG —*"merchandising"*—. Esta liña de negocio ten escaso significado, xa que os máis destes produtos entréganse gratuitamente como xeito de promoción e visitas de público ás instalacións e como agasallos institucionais. Arestora só hai unha explotación sistemática, pero que non altera ese significado, dos relacionados co programa infantil de televisión "Xabarín".

De acordo co Plan Xeral de Actuación da Corporación Radio e Televisión de Galicia, o modelo de negocio está enfocado cara a mellorar as virtualidades destas actuacións na estreita marxe do actual escenario competitivo e incrementar o volume bruto e o peso no orzamento dos retornos económicos da actividade produtiva.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

I.3. A singularidade da Corporación como operador público no mercado

A natureza xurídica da Corporación RTVG confírelle unha singularidade que determina a súa marxe de actuación no mercado en que concorre. Vén dada esa natureza pola devandita Lei 9/2011 e perfílase nas súas consecuencias prácticas no vixente Mandato Marco da Corporación de Radio Televisión de Galicia do ano 2015, emanado do Parlamento de Galicia, como referencia principal. Esa singularidade exprésase caracteristicamente en canto:

- Desenvolve a súa actividade en clave de prestación dun servizo público. Significa isto:
  - Manter unha oferta de contidos de interese xeral en perspectiva de proximidade á sociedade e contribuíndo a promover a súa cohesión arredor dos valores fundamentais da convivencia democrática.
  - Poñer no centro da actividade a dimensión informativa nesa clave de proximidade.
  - Ser reflexo da memoria e do dinamismo colectivos de Galicia, e facelos presentes no espazo global da comunicación, a información e o coñecemento.
  - Ser presenza e lazo de Galicia coas comunidades galegas do exterior ao tempo que a súa actividade tamén proxecta o seu efecto co mundo de fala portuguesa desde a proximidade e a afinidade lingüística e cultural.
  - Recibir unha achega patrimonial anual de fondos públicos como compensación á especial carga de servizo público na súa actividade.
- Usa de xeito exclusivo a lingua galega, como axente de primeira orde para a súa preservación e dinamismo.
- Ten encomendada unha función motora do sector audiovisual galego. A importancia que este foi cobrando alén de Galicia estríbase no seu desenvolvemento e consolidación a partir da demanda sostida da Corporación RTVG como principal axente desta, ao punto de resultar un elemento moi importante para o mantemento e mesmo o apoio ao crecemento do seu tecido produtivo.

Estas singularidades dotan de significado estratéxico, en dimensión social e económica, á Corporación RTVG para Galicia como país, pero operan como condicións da súa concorrencia no mercado. Ao tempo, a rendibilidade económica, que esixe a eficiencia do modelo de negocio e a súa constante adaptación e mellora competitiva, devén en condición da súa sustentabilidade a medio e longo prazo.

A necesaria evolución do modelo de negocio no marco destas singularidades dáse precisamente no contexto dun mercado en transo de mudanza radical que formula uns desafíos e esixe esforzos de adaptación.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

I.4. Elementos de contexto, desafíos estratéxicos e liñas de evolución

As tendencias na evolución social e económica da sociedade, combinadas coas mudanzas de orde tecnolóxica e relativas ao acceso aos dispositivos e redes desa natureza pola poboación, levan desde anos atrás modificando aceleradamente o marco e a dinámica do mercado en que a Corporación RTVG concorre. A progresiva liberalización dese mercado, a do espazo radio-eléctrico e o desprazamento progresivo nel dos operadores tradicionais a favor dos que xestionan as propias redes dixitais son procesos con reflexo normativo e aínda non concluídos, que van seguir incidindo nas condicións de competencia daqueles nos anos vindeiros. Acontece o mesmo coa tecnoloxía: van continuar os avances no transporte do sinal e nas prestacións dos dispositivos dos/as usuarios/as. A multiplicidade de contidos e a diversidade de formas de acceso a eles dá lugar a novos xeitos de consumo e, así, a unha nova demanda caracterizada por unha forte segmentación e gran variedade de xeitos. Nese escenario os axentes dominantes do mercado son as grandes plataformas internacionais de contidos multimedia —Google, Amazon, Facebook, Apple, Netflix—, as denominadas OTT —"Over the top": traducible como "emisión libre", comunmente contra subscrición, de son, vídeo e outros contidos pola Rede, sen implicación dun operador tradicional no seu control nin na súa distribución—.

Nun contexto así tan sumariamente resumido, os desafíos de Corporación RTVG, determinada no seu xeito de competir pola súa condición de empresa pública que ten que ter un rendemento social pola vía da prestación dun servizo desa índole, proxéctanse sobre un fondo común á xeneralidade dos operadores públicos nunha tensión complexa entre o polo da rendibilidade social e o da visión económico empresarial para contribuír á súa sustentabilidade.

A conciliación deses extremos non é doada e pasa por atender varios retos:

- Responder ás novas necesidades de consumo da cidadanía, o que esixe avanzar cara a un modelo de plataforma dixital, xerar novos contidos de interese desde a propia singularidade e na clave de proximidade cultural na que pode competir, incrementar a inter-actividade e procurar así novos públicos. Na base desa evolución, non obstante, está a consolidación da posición alcanzada en termos de audiencia e alcance, e a necesidade de diversificar e mellorar a prestación do servizo público.
- Actualizar e desenvolver o modelo produtivo e a capacidade tecnolóxica, mesmo a medio prazo en termos de transmisión do sinal, coas novas posibilidades que se abren. Para iso é precisa a base da integración produtiva dos medios tradicionais e a dixitalización dos procesos de xestión de contidos. A Corporación RTVG ten avanzado nos últimos exercicios de xeito substancial nese camiño nun ciclo de renovación. A dixitalización funcional, implantada en 2018 e en consolidación e desenvolvemento nas súas consecuencias funcionais e produtivas ao longo de 2020 e 2021, marca un fito na historia da empresa polo seu significado nesta perspectiva. Ten que atender así a xerar e consolidar novos modelos

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e protocolos operacionais á altura das súas posibilidades, desenvolvendo unha nova cultura de traballo e negocio. A xestión do capital humano como activo determinante é o vector decisivo dese novo avance que pasa pola formación continua e pola revisión constante en clave de adaptación da organización.

- Aqueles que están fóra da capacidade da empresa para mudar os factores que os determinan, por máis que deba estar atenta a dar a resposta axeitada aos cambios e tendencias en que se vaian concretando: a regulación legal do mercado audiovisual e as comunicacións, a evolución do mercado publicitario, a da posición dos operadores públicos e privados de carácter nacional na contorna europea e estatal, a estratexia dos operadores dominantes, a mesma evolución social etc..

Por tanto, as circunstancias xerais de contexto de mercado da a actividade da Corporación RTVG e, en consecuencia, os seus desafíos de adaptación son en xeral os que atinxen aos operadores audiovisuais de titularidade pública nas sociedades desenvolvidas. Articúlanse estes en perspectivas de acción que se resumen na necesidade de estar á altura da competencia que supoñen os medios privados. Isto esixe unha xestión en clave empresarial concorrente coa daqueles en canto prestacións tecnolóxicas, combinación de medios e canles de carácter xeral e temática etc., conxugada co desenvolvemento dunha oferta característica de contidos que sexa coherente coa misión de servizo público, e así:

- Desde o punto de vista da oferta e a da súa relación co servizo público, unha política de contidos que singularice a oferta propia; que sedimente a audiencia nos segmentos de poboación fieis e capte e consolide outros con intereses específicos; que privilexie a elección de contidos á carta; que teña presente a realidade e implicacións da democratización da súa produción, da concorrencia de formatos fragmentarios e a súa circulación xeneralizada, así como que constitúa a vangarda da presenza da lingua e a cultura de Galicia no espazo dixital, tendo presente o valor estratéxico das actividades de xeración de contidos.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- E, como fundamento e condición do anterior, unha constante actualización tecnolóxica en canto considerar a Rede, nomeadamente de banda larga, como canle principal; ser capaz de emitir contidos que poidan captarse polos distintos dispositivos de recepción dispoñibles no mercado, con especial atención á introdución da tecnoloxía 5G; incrementar a resolución das imaxes servidas ata os óptimos tecnolóxicos actuais; incrementar así mesmo as posibilidades de interacción co público, en xeral e mediante redes sociais, e, ademais, facer unha oferta combinando canles abertas programadas e contidos por catálogo, accesibles para consumo simultáneo á emisión ou diferido, tanto en liña como previa descarga.

I.5. O significado, impacto e retorno social da actividade da Corporación

O impacto e significado social da acción da Corporación RTVG como axente da vida colectiva de Galicia no plano institucional, cultural e económico desprégase nunha serie de ámbitos que trazan un mapa de impactos e traccións. Os seus elementos principais son os seguintes:

- Como dimensión e dinamismo básicos no plano interno, a xestión do talento.
- Suxeito de transformación dixital ela mesma, na súa organización e cultura interna, con esa base a Corporación RTVG, como empresa pública, está comprometida de seu na transformación dixital de Galicia e a súa sociedade.
  - De feito, a Corporación emprendeu hai tempo a súa propia transformación nese sentido en catro liñas activas en 2021: cultural, organizativa, profesional e tecnolóxica.
  - Por iso continuou a traballar en 2021 nos catro vectores que a Estratexia dixital de Galicia 2030 determina que debe ter unha empresa pública: igualdade dixital, foco nas persoas, impulso dun ecosistema dixital forte e liderado dixital, como se reflicte nunha consideración global da súa actividade interna e externa.
  - Nesa clave continuou en 2021 o seu programa de innovación aberta e de escoita activa entre o seu persoal.
- Entón, apoiándose no seu compromiso coa transformación dixital, a Corporación vén facendo de xeito directo e en propia iniciativa un esforzo de innovación na esfera tecnolóxica que se concretou en 2021 no desenvolvemento de xeitos novos e competitivos de prestar o servizo público que ten encomendado:
  - Como "Petisgo!" —antes"Dico Mindset"—, que impulsa xuntamente con Amtega —Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia—, e constitúe un proxecto

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de innovación de alcance estratéxico: crear unha ferramenta que transforme a experiencia formativa da mocidade galega en soportes dixitais.

- Ou os dous proxectos de implantación da 5G en Galicia, partillados con Telefónica por un lado, e con Orange-Cinfo por outro, que permiten que a Corporación RTVG participe activamente nas dúas experiencias piloto de referencia para probar as posibilidades da 5G en Galicia.
- En paralelo, no ano 2021 estreouse a plataforma G24 que inclúan todos os contidos informativos que produce a Corporación.
- Así mesmo a Corporación finalizou o proceso de contratación dunha plataforma para a creación dun "Data Hub": o primeiro "conector de datos" do audiovisual en Galicia, que vai permitir a todos os actores dos sectores TIC e audiovisual entender mellor o seu público. Esta ferramenta, está operativa desde o mes de abril do ano 2021.
- Á par asistiuse a un significativo incremento da calidade nos vídeos dispoñibles á carta, "VoD", e ofrecidos en directo, "LIVE", que se proxecta así nos medios e canles de emisión correspondentes da súa titularidade. Esta mellora, produto da plena dixitalización funcional e do novo sistema de produción asociado, implantados en 2018 e en consolidación ao longo de 2019 e 2020, significou neste exercicio unha mellora substancial da prestación do servizo público, cun incremento de consumo medio superior ao 50%. Fitos salientables no ano 2021 foron o inicio das emisións a través da canle de You Tube, convertendo á Corporación RTVG na primeira canle de orientación xeral de televisión en España en emitir as 24h nesta plataforma, así como o inicio das emisións singulares a través da plataforma Twich e a creación de dúas canles específicas en Tik Tok, destacando #digochoeu que se converteu nun ano na canle de divulgación de referencia sobre o idioma galego..

Os catro vectores que a Estratexia Dixital de Galicia 2030 determina que debe ter unha empresa pública son: igualdade dixital, foco nas persoas, impulso dun ecosistema dixital forte e liderado dixital

- Nese entorno as capacidades da Corporación RTVG proxéctanse, entre outras, en dúas dimensións de representación. A primeira delas vén dada polo significado, como organismo activo da cultura de Galicia, na súa condición emblemática de institución e empresa que aglomera un conxunto de medios de comunicación cunha única personalidade compartida. Porque…

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



- En perspectiva lingüística e sociolingüística a TVG e a Radio Galega son os únicos medios de comunicación audiovisual que emiten as 24 horas, de xeito exclusivo e continuado, en galego.
- A Corporación RTVG é fundadora da Federación de Organismos ou Entidades de Radio e Televisión Autonómicos, FORTA, no Estado e unha referencia de primeira orde nese contexto.
- Igualmente, na vocación e raíz europea da cultura galega, a Corporación RTVG ostenta a Secretaría Xeral da CIRCOM, a Asociación Europea de Televisións Rexionais. Asemade é membro do comité de dirección de Celtic Media, un grupo de empresas públicas de telecomunicación audiovisual dos países célticos.
- Ademais, na apertura de Galicia ao mundo, a Corporación, cos seus produtos e contidos, está presente na oferta de cable en dez países americanos e catro europeos, ao que se lle debe sumar a cobertura por satélite en alta definición nos dous continentes.

- A segunda dimensión de representación subliña a difusión das actividades con significado estratéxico no país en canto reflexo da súa vontade colectiva por concorrer no espazo global como unha sociedade avanzada. Nese sentido en 2021 privilexiáronse as informacións emitidas sobre sectores comprendidos na RIS3 de Galicia —Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia, que establece as prioridades de investimento en I+D+i da Xunta para o período 2014-2020—: saúde, benestar e vida; alimentación, agricultura e pesca, biotecnoloxía; enerxía e medio ambiente; loxística; turismo; industrias culturais e creativas; TIC, e nano-tecnoloxía e tecnoloxías de produción.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- As dúas dimensións de proxección anteriores están asociadas á actividade de comunicación da Corporación. Neste sentido cómpre sinalar que en 2021 a primeira canle de televisión da Corporación, a TVG, tivo como cota de audiencia media diaria o 10,1% en Galicia, a segunda posición en cota de pantalla dun operador autonómico histórico en todo o Estado. Ademais, no ano 2021, a Radio Galega logrou volver superar os 200.000 espectadores diarios de luns a domingo, e durante este mesmo ano as plataformas dixitais incrementaron a súa audiencia en máis dun 10%.
- En virtude do seu impulso de innovación e dos investimentos en que se concreta, a Corporación RTVG, en clave de impacto, incide de xeito importante no sector audiovisual galego, na medida que está comprometida na elaboración da maioría dos seus contidos en Galicia.
- Co mesmo fundamento un segundo vector de impacto é o exercido sobre o sector TIC, que se reflicte:
  - Nun volume de investimento tecnolóxico significativo.
  - No feito de consolidar durante 2021 a posición da Corporación como o único de todos os operadores de televisión en España de máis de unha canle que emite todas elas en Alta Definición —HD—.
  - No seu avance en 2021 para adherirse a moi curto prazo ao Nodo 5G, o que significaría ser o primeiro operador de televisión vinculado, o que vai permitir eventualmente a emisión dese medio en Galicia coa nova tecnoloxía 5G, con todas as virtualidades que iso abre.

No marco de referencia en que a Corporación actúa como operador público de comunicación audiovisual, que vén dado pola sociedade de Galicia e os sectores económicos principalmente atinxidos pola actividade daquela, os expostos son os aspectos máis relevantes dos impactos desa actividade e marcan os seus horizontes de proxección máis inmediatos.

Rubrica o significado da acción da Corporación nas perspectivas citadas que se orientan á concorrencia nun mercado global, nun espazo da cultura e a comunicación por riba das fronteiras, que volveu ser acredora en novembro de 2021 do recoñecemento como "Empresa Global" que outorga anualmente o servizo Ardan do Consorcio da Zona Franca de Vigo a partir dunha análise comparativa das empresas galegas, sinalando así as que presentan valores elevados en magnitudes directamente relacionadas co proceso de internacionalización, o que no caso da Corporación RTVG se refire particularmente á venda de produtos audiovisuais galegos, nomeadamente de ficción, e á súa difusión mediante canles internacionais e plataformas dixitais.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

I.6. Indicadores xerais de actividade e negocio

T.1. INDICADORES XERAIS DE ACTIVIDADE EN 2021

INDICADOR/VALOR	DEFINICIÓN E FONTE
AUDIENCIA E ALCANCE	
Posición relativa da TVG entre as cinco principais televisións autonómicas: Andalucía, Cataluña, Galicia, Madrid e País Vasco, segundo o orzamento en euros por punto de "Share"	Posición ordinal da TVG no conxunto televisión autonómicas integradas en FORTA en virtude do valor medio anual, expresado en euros por cada punto de "Share" para TVG G e TVG 2, segundo "Kantar Media", tomando os datos orzamentarios da FORTA
1ª	
Posición relativa, segundo audiencia da TVG entre as cinco principais televisións autonómicas: Andalucía, Cataluña, Galicia, Madrid e País Vasco	Posición ordinal da TVG no conxunto televisión autonómicas integradas en FORTA segundo datos anuais de audiencia de "Kantar Media"
2ª	
Posición relativa, segundo audiencia, da RG	Posición ordinal da Radio Galega no conxunto das 22 emisoras radiofónicas de orientación xeral que emiten para toda Galicia segundo a media das tomas do "Estudio General de Medios", EGM
2ª	
Número de páxinas vistas no portal corporativo da CRTVG na Rede	Segundo os datos auditados por OJD
31.499.559	
Número de plataformas dixitais en que está presente a programación da TVG e a RG	Número absoluto, segundo información propia, de plataformas dixitais que inclúen a programación de TVG G e/ou TVG 2
22	
INNOVACIÓN NO MERCADO	
Número de plataformas dixitais propias ou nas que se participa como socio	Número absoluto, segundo información propia, de plataformas dixitais nas que se ostenta a titularidade en todo ou en parte
3	
Número de novas prestacións interactivas e servizos na Rede incorporados no ano	Segundo os datos da Área de Innovación e Negocio
6	
Número de canles propias con programación especializada	Segundo os datos da Área de contidos
11	
SINERXÍA SECTORIAL	
Número de co-producións audiovisuais con participación da CRTVG	Segundo os datos da Área de Contidos
16	

Fonte: Compilación da Área de Xestión Corporativa.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

T.1.BIS. INDICADORES XERAIS DE ACTIVIDADE EN 2020

INDICADOR/VALOR	DEFINICIÓN E FONTE
AUDIENCIA E ALCANCE	
Posición relativa da TVG entre as cinco principais televisións autonómicas: Andalucía, Cataluña, Galicia, Madrid e País Vasco, segundo o orzamento en euros por punto de "Share"	Posición ordinal da TVG no conxunto televisión autonómicas integradas en FORTA en virtude do valor medio anual, expresado en euros por cada punto de "Share" para TVG G e TVG 2, segundo "Kantar Media", tomando os datos orzamentarios da FORTA
1ª	
Posición relativa, segundo audiencia da TVG entre as cinco principais televisións autonómicas: Andalucía, Cataluña, Galicia, Madrid e País Vasco	Posición ordinal da TVG no conxunto televisión autonómicas integradas en FORTA segundo datos anuais de audiencia de "Kantar Media"
2ª	
Posición relativa, segundo audiencia, da RG	Posición ordinal da Radio Galega no conxunto das 22 emisoras radiofónicas de orientación xeral que emiten para toda Galicia segundo a media das tomas do "Estudio General de Medios", EGM
2ª	
Número de páxinas vistas no portal corporativo da CRTVG na Rede	Segundo os datos anuais de "Google Analytics"
34.124.579	
Número de plataformas dixitais en que está presente a programación da TVG e a RG	Número absoluto, segundo información propia, de plataformas dixitais que inclúen a programación de TVG G e/ou TVG 2
22	
INNOVACIÓN NO MERCADO	
Número de plataformas dixitais propias ou nas que se participa como socio	Número absoluto, segundo información propia, de plataformas dixitais nas que se ostenta a titularidade en todo ou en parte
2	
Número de novas prestacións interactivas e servizos na Rede incorporados no ano	Segundo os datos da Área de Innovación e Negocio
6	
Número de canles propias con programación especializada	Segundo os datos da Área de contidos
11	
SINERXÍA SECTORIAL	
Número de co-producións audiovisuais con participación da CRTVG	Segundo os datos da Área de Contidos
20	

Fonte: Compilación da Área de Xestión Corporativa.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Áreas de INFORMACIÓN **ESPECÍFICA**



CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación:
https://sede.parlamentodecalicia.gal/tramites/csv/

II. MEDIO AMBIENTE: DATOS CRITERIOS E POLÍTICAS DE SUSTENTABILIDADE E RESPONSABILIDADE

II.1. Referencias xerais

En razón da súa actividade e das instalacións e bens mobles que posúe e xestiona, a Corporación RTVG:

- Non trata materias primas nin manipula substancias nin xera, coas excepcións que se sinalan, efectos medioambientais identificados, directos ou indirectos, que supoñan unha ameaza coñecida ou risco potencial para a saúde das persoas, o equilibrio ecolóxico —a media ou gran escala— ou a bio-diversidade, e isto nin actual nin previsiblemente.
- É salientable en particular que a Corporación RTVG non ten centros de produción situados en áreas obxecto de protección singular desde o punto de vista ambiental nin realiza en espazos con esa condición outras actividades máis que as que ocasional e eventualmente poidan derivarse da captación nelas de imaxes e/ou sons destinados ás producións audiovisuais relacionados coa súa dedicación principal e suxeitas en toda circunstancia e lugar ás restricións normativas de aplicación segundo os casos. Aí pois entende que os impactos que xera no ambiente de tales áreas é inapreciable e non susceptible por iso de medida. E isto tamén o mesmo na actualidade que de xeito previsible.
- En converxencia co anterior non ten definidas medidas para a preservación da bio-diversidade, non sendo de xeito xeral a evitación do recurso a especies vexetais foráneas con potencial invasor na composición dos espazos verdes incluídos no recinto do complexo de San Marcos.
- Por tanto, non aplica outros procedementos de avaliación e certificación en materia ambiental que aqueles de carácter ordinario relacionados con procesos singulares de soporte técnico e mantemento de infraestruturas e equipos, eliminación de residuos e xestión enerxética, que estean especificamente requiridos deles polo marco normativo que lle é de aplicación; dos que vén desenvolvendo voluntariamente, con relación a determinados procedementos de adquisición de bens e xestión de residuos, a prol da sustentabilidade nese ámbito como forma de responsabilidade social corporativa pola exemplaridade que cabe esperar dunha empresa publica, e mais daqueloutros que agora se establecen directamente a efectos do control materializado neste documento.
- En consecuencia, non aplica neste ámbito de xeito singularizado o principio de precaución; non prové a xestión específica de riscos nel, coas excepcións sinaladas, nin tampouco

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

garantías expresas para a súa cobertura, e si implicitamente dentro das partidas destinadas a atender a de eventuais responsabilidades civís.

- Non opera con substancias que esgotan a capa de ozono —en diante SEO—. Non as emite tampouco, sacando que poida facelo a unha escala inadvertida. Na medida que a xeración destas é obxecto de control e medidas de contención e eliminación progresiva que se orixinan na normativa común de aplicación, a Corporación RTVG non exerce control ningún ao respecto entendéndoas en todo caso de alcance 3.
- En termos xerais cabe dicir o mesmo das emisións de gases de efecto invernadoiro —en diante GEI—, aínda que, mediante as medidas que se sinalarán, como exercicio da responsabilidade corporativa, está comprometida na súa redución: coas de alcance 1 mediante medidas xerais indirectas que se describen; coas de alcance 2, indirectamente, mediante as de mellora da eficiencia enerxética que se describen igualmente.

> ***Os efectos ambientais das actividades da Corporación RTVG limítanse aos derivados dos consumos de auga e enerxía e mais da xeración de residuos***

- En relación coas emisións de substancias á atmosfera, coa redución do impacto no cambio climático e coa sustentabilidade e preservación medio ambiental, de acordo coas mesmas fontes de referencia, normativa xeral de aplicación e responsabilidade corporativa, a Corporación RTVG ten establecidas, nos sentidos correspondentes, políticas de racionalización do consumo de recursos hídricos —puramente subsidiario, de carácter non industrial— e enerxéticos —intensivo pero non industrial— do xeito mencionado.
- En calquera caso, por razón da súa actividade, non exerce control sobre emisións de alcance 3.
- En canto xestión de residuos sólidos xerados polo consumo e reposición dos medios para desenvolver a súa actividade principal e para as complementarias e de soporte, a Corporación ten unha política definida que se orienta á sustentabilidade ambiental e como contribución a unha economía circular.
- Nin as actividades dos centros de produción da Corporación nin o funcionamento básico das instalacións mesmas, no seus elementos tanto principais como adxectivos, en tanto dispostos de acordo coa normativa que é de aplicación, xeran efectos de contaminación acústica ou luminosa ou, en todo caso, a unha escala mínima dentro dos limiares permitidos por aquela.
- En consecuencia, os efectos ambientais das actividades da Corporación RTVG limítanse aos derivados dos consumos de auga e enerxía e mais da xeración de residuos nos termos en que se describen e cuantifican nos epígrafes seguintes.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tendo en conta o indicado, a información que segue refire ordenadamente, tomando as referencias anteriores, os criterios, obxectivos, medidas, indicadores e resultados que caracterizan, segundo o caso, o impacto ambiental e a súa xestión.

II.2. Referencias sobre consumo de auga

O consumo de auga xerado pola actividade da Corporación RTVG ten carácter non industrial. É de finalidade hixiénico-sanitario, para a limpeza de dependencias, instalacións, así como servizos complementarios —cafetería, maquinas expendedoras ao dispor do persoal etc.—.

A obtención de auga faise das correspondentes traídas municipais, segundo o concello en que se emprazan as instalacións. No caso do complexo de San Marcos, en Santiago de Compostela, como centro principal, o subministro faise exclusivamente mediante captación de augas subterráneas a través de 3 pozos de barrena. Deste xeito non se captan directamente superficiais nin de choiva nin se reciben residuais de procedencia externa.

Segundo o control do Servizo de Instalacións o consumo principal en 2021, un 89,9%, 5.578 m3, foi o fornecido polo caudal dos pozos devanditos para o complexo central; o consumo das delegacións, subministrado por traídas municipais, foi en conxunto de 629 m^3, supoñendo o 10,1% restante, cunha distribución bastante regular entre elas, aínda que a de Vigo se destaca. En total, pois, a Corporación RTVG tivo en 2021 un consumo de 6.207 m^3 de auga, próximo aos 6.176 m^3 de 2020.

G1.-G.1.BIS. CONSUMO DE AUGA DA CRTVG EN 2020 E 2021 POR LOCALIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS. ESTRUTURA PORCENTUAL.



Fonte: Compilación da Área de Xestión Corporativa.

Por racionalidade técnica e de esforzos en canto aos volumes xerados, a Corporación RTVG non recicla nin re-utiliza auga.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

II.3. Referencias sobre consumo enerxético

Os consumos enerxéticos da Corporación RTVG son de dous tipos segundo a súa procedencia:

- Enerxía eléctrica subministrada desde redes externas mediante contrato. O consumo desta orixe foi en 2021 de 4.147.926,06 kW/h. Deles, un 95,7%, 3.967.940,00 kW/h, consumíronse no complexo central de San Marcos e o 4,3% restante, 179.986,06 kW/h, nas delegacións. Segundo unha estimación xeral tirada de Red Eléctrica Española, e dado o carácter convencional da enerxía eléctrica subministrada á Corporación RTVG, un 46,7% procedería de procesos de xeración mediante enerxías limpas de carácter renovable. Estes consumos constan na primeira das táboas seguintes.

T.1. ELECTRICIDADE ADQUIRIDA DE REDES EXTERNAS: CONSUMO EN kW/h EN 2020 E 2021 POR CENTRO DE TRABALLO E PROPORCIÓN ESTIMADA DE FONTES

CENTRO DE TRABALLO	2021	2020
Complexo Central de San Marcos	3.967.940,00	4.015.774,00
Delegacións	179.986,06	166.363,00
FONTES		
Renovables	1.621.839,09	1.635.215,60
Non renovables	2.526.086,97	2.546.921,40
TOTAL	**4.147.926,06**	**4.182.137,0**

Fonte: Servizo de Instalacións. Área de Xestión Corporativa

- Enerxía obtida directamente de procesos de combustión a partir da adquisición externa de combustibles. As fontes e consumos detállanse na seguinte táboa.

T.2. COMBUSTIBLES: FONTES, USOS E CONSUMOS EN 2020 E 2021

FONTE	COMBUSTIBLE	USO	2021	2020
Non renovable	Gasolina	Automoción	197,81 l.	243,50 l.
Non renovable	Gasóleo A	Automoción	125.819,72 l.	125.139,60 l.
Non renovable	Gasóleo B	Xeración de electricidade	0,00 l.	3.000,00 l.
Non renovable	Gas natural	Calefacción	41.255,85 kW/h	35.921,10 kW/h
Renovable	Pellets de madeira	Calefacción	52,45 Tm.	56,60 Tm.

Fonte: Servizo de Instalacións. Área de Xestión Corporativa.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Os consumos xerados no complexo central de San Marcos abranguen todas as fontes mencionadas. Os xerados nas delegacións limítanse, salvante a delegación de Lugo, tamén con consumo de gas natural, a electricidade subministrada desde redes externas e gasóleo para automoción.

A evolución inter-anual dos valores ofrecidos, é resultado en boa medida dun programa de control e racionalización dos consumos enerxéticos, centrado en mellorar a eficiencia enerxética e promover o uso de enerxías renovables. Esta actuación vai incorporando gradualmente novas medidas. Resúmese nestes termos:

1. Medidas xerais:

- 1.1. Incorporar unha rutina normalizada de control inter-anual dos consumos enerxéticos na súa evolución.
- 1.2. Desenvolver, mediante notas internas e a súa inclusión como contido transversal na formación continua, a liña actual de concienciación do persoal na importancia das boas prácticas no ámbito do aforro enerxético.
- 1.3. Formalizar o criterio de valoración do baixo consumo enerxético como prestación nas adquisicións de equipamento.

2. Medidas de mellora do illamento do edificio principal do complexo de San Marcos:

- 2.1. Mellorar os sistemas de illamento térmico actuais provendo muros cortina, fachadas ventiladas etc..
- 2.2. Instalar fiestras de dobre cristal.
- 2.3. Formalizar o programa de mantemento para fiestras, portas e teitos.

3. Medidas de racionalización da climatización —calefacción e aire acondicionado— nas dependencias:

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.1. Determinar a temperatura de confort das distintas zonas e instalar termóstatos para verificar o seu cumprimento.

3.2. Programar a nivel diario, semanal, mensual e estacional o funcionamento dos equipos de climatización en función da ocupación e uso de cada zona.

3.3. Elaborar e levar a termo un plan de reposición dos equipos menos eficientes e de maior consumo.

4. Medidas de racionalización da iluminación das dependencias:

4.1. Determinar os criterios sobre o nivel luz preciso en cada estancia en función das necesidades funcionais dadas polo seu uso e de confort.

4.2. Programar a nivel diario, semanal, mensual e estacional o acendido e apagado da iluminación artificial de cada dependencia segundo a súa ocupación e uso.

4.3. Elaborar e aplicar un plan de reposición das lámpadas tradicionais por lámpadas de baixo consumo.

5. Medidas de racionalización do consumo eléctrico xerado polo equipamento informático e ofimático:

5.1. Determinar a activación do modo de baixo consumo nos equipos.

5.2. Determinar o apagado dos equipos cando no se utilicen por tempo prolongado.

No exercicio de 2021 as actuacións máis destacadas concéntranse nas medidas nas liñas referidas como 2, 3 e 4. Son estas:

- Dentro das referidas á mellora do illamento dos edificios do complexo de San Marcos procedeuse nese sentido mediante:

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- A reforma das dependencias da Área de Documentación e Arquivo.
- A reparación das terrazas dos edificios da Televisión de Galicia e a Radio Galega.
- A reparación da fachada e cuberta do Edificio de Usos Múltiples.

- En canto ás de racionalización da climatización —calefacción e aire acondicionado— nas dependencias, a máis principal foi a renovación do SAI do Edificio da Radio Galega.

- E no relativo a medidas de racionalización da iluminación das dependencias e salientable a renovación da iluminación:
  - Nas dependencias da Área de Documentación e Arquivo.
  - No exterior da zona de aparcamento da Televisión de Galicia.
  - Na nave de decorados.

Debe sinalarse adicionalmente que, con relación ás previsións da liña 3, as referidas á climatización, desde o inicio da resposta preventiva á pandemia pola Covid-19 prevalecen as medidas de ventilación de espazos sobre das relativas á eficiencia no funcionamento dos sistemas correspondentes.

II.4. Referencias sobre emisións de substancias á atmosfera

As emisións de substancias á atmosfera por parte da Corporación RTVG, atendendo á súa actividade e, en consecuencia á magnitude daquelas, son obxecto de consideración pola propia Corporación en canto as de alcance 1 e 2.

Considerando a norma da aplicación e este Estado, a táboa anexa recolle as substancias que poderían, nunha hipótese de máximos, verse requiridas de medida segundo o seu efecto e alcance.

T.3. TIPOLOXÍA DAS EMISIÓNS MÁIS SIGNFICATIVAS DE SUBSTANCIAS Á ATMOSFERA SEGUNDO ACTIVIDADE XERADORA

SUBSTANCIA	ACTIVIDADES QUE A ORIXINAN
Óxidos de nitróxeno (N_xO_y)	Combustión para automoción e calefacción
Trióxido de xofre (SO_3)	Combustión para automoción e calefacción
Partículas PM	Combustión para automoción e calefacción
Anhídrido carbónico (CO_2)	Combustión para automoción, calefacción e xeración eléctrica
Metano (CH_4)	Combustión para automoción, calefacción e xeración eléctrica
Outros (N_2O, HFC, PFC, SF_6, NF_3)	Combustión para automoción, calefacción e xeración eléctrica

Fonte: Servizo de Instalacións. Área de Xestión Corporativa.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Na actualidade, por entenderse non xustificado polo seu volume, non se realizan medicións da emisións de alcance 1 que, no caso das xeradas por combustión de fósiles para calefacción se limitan ao complexo de San Marcos. Non obstante, o Servizo de Instalacións estima, aplicando os criterios do documento *"Factores de emisión registro de huella de carbono, compensación y proyectos de absorción de dióxido de carbono"* da OCC —Oficina para o Cambio Climático— do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico da Vicepresidencia Cuarta do Goberno de España, na súa Versión 12 de abril de 2019, as emisións de CO_2 a partir dos consumos directos —alcance 1: combustión para automoción, calefacción e xeración eléctrica— consignados na táboa nº 2, e indirectos —alcance 2: combustión para xeración eléctrica da enerxía adquirida no mercado— consignados na táboa nº 1.

Neses termos, as emisións estimadas para 2021, sumando 1.938.48 Tm., son da seguinte magnitude:

- Emisións de alcance 1: 403,75 Tm. de CO_2.
- Emisións de alcance 2: 1.534,73 Tm. de CO_2.

En 2020, cos mesmos criterios de cálculo, os valores respectivos foron de 319,79 Tm. e 1.547,39 Tm..

Enténdese tamén como non xustificado, polo mesmo motivo, agora e en diante, o cálculo do Índice GWP —Potencial de Quecemento Global—.

A Corporación RTVG, aínda sen ter definido metas cuantitativas precisas, xulgándoo non útil en razón dos volumes de emisión referidos, que deu pasos decisivos na redución das emisións de CO_2 e no incremento da utilización de enerxías renovables mediante a substitución, completada xa en 2018, de caldeiras de combustión de gasóleo por caldeiras de biomasa para calefacción, desenvolve como

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

práctica expresa para mitigar a contaminación atmosférica e a emisión de GEI, conxugada co programa citado de control e racionalización dos consumos enerxéticos, a inclusión como criterios de selección de ofertas nos expedientes de licitación para o arrendamento de vehículos o menor consumo de combustible e a menor emisión de CO_2 a atmosfera; práctica da que xa se ilustraron os resultados efectivos ao tratar dos consumos en 2021 en relación co exercicio anterior.

Un dato adicional sobre a pegada de carbono indirecta da actividade da Corporación RTVG é o seu consumo de papel[1]. Este foi en 2021 de 9.390 Kg. —consumo efectivo sobre depósito en almacén— fronte aos 9.103 Kg de 2020 —segundo ese mesmo criterio—.

II.5. Referencias sobre xestión de residuos sólidos e promoción dunha economía circular

Pola natureza dos seus produtos e servizos en razón da súa actividade, a Corporación RTVG non adquire materias a transformar nin xera residuos de procesos industriais.

Si xera residuos sólidos urbanos convencionais e tecnolóxicos á escala da súa magnitude e dos procesos conseguintes de consumo de materiais funxibles e reposición de bens de equipo.

Na actualidade a Corporación RTVG mantén contratos de servizo para a xestión de residuos con empresas autorizadas para o seu tratamento, mediando verificación documental anual, segundo os casos:

1. Reciclaxe de elementos metálicos.
2. Reciclaxe de elementos electrónicos e equipamento informático.
3. Tratamento de residuos orgánicos, plástico, envases e pilas.
4. Reciclaxe de cinzas derivadas do consumo de pellets en caldeiras de calefacción.
5. Recollida e tratamento de tóner de impresoras e fotocopiadoras.

II.6. Referencias complementarias

Debe subliñarse finalmente o compromiso coa conservación do medio ambiente que, no marco da súa responsabilidade social, ten contraído a Corporación en virtude da súa adhesión ao Pacto Mundial das Nacións Unidas polos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable e da procura activa deses obxectivos segundo se expón no Capítulo V.

1.-O informe incorpora este criterio de consumo efectivo por primeira vez, Nos correspondentes a exercicios anteriores ofreceuse o dato do volume de papel en almacén.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

III. PERSOAL: DATOS, CRITERIOS E POLÍTICAS RELATIVOS Á XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

III.1. Emprego; distribucións máis relevantes do persoal

Os datos de cómputo tratados neste epígrafe, ilustrados graficamente en porcentaxes nas súas distribucións máis relevantes, constan na fin deste nunha serie de cinco táboas numeradas, que os presentan en valores absolutos[2]. Os cálculos porcentuais refírense ao persoal a día 31 de decembro de 2021, data final do exercicio, o mesmo que na última das táboas, mentres que nas catro primeiras se toma como referencia o número medio de empregados/as no ano[3].

En calquera caso, a Corporación RTVG non procesa datos sobre a nacionalidade dos/as empregados/as, na súa práctica totalidade con nacionalidade española.

A información que segue non inclúe as persoas membros do Consello de Administración, en calidade de conselleiros e conselleiras, en proporción paritaria de 3 persoas en cada caso, polo carácter da súa relación coa Corporación que determina que non sexan empregados/as desta.

- O 31 de decembro de 2021, o número de empregados/as da Corporación RTVG era de 898,6. Nese conxunto son significativas as seguintes distribucións de orde demográfica
  - Son varóns 545, un 60,6% e mulleres 353,7, o 39,4% restante.
  - O 56,7% ten máis de 50 anos, o 39,4% entre 30 e 50 e un 3,9% menos de 30.
  - A masculinización do colectivo vén marcada pola que se dá no estrato de maior idade. Nel os homes non están lonxe de dobrar —37% do total global— o peso que corresponde ás mulleres —19,7%—, supoñendo así máis dun terzo cumprido do total do persoal. No subconxunto de entre 30 e 50 anos esa diferenza mitígase, de xeito que os valores respectivos son do 21,3% e o 18,1%—, mentres que no reducido de persoas menores de 30 anos o seu significado estatístico é irrelevante no conxunto.

2 .-A información en datos absolutos, directamente ofrecida ou elaborada, ten un decimal. No caso dos datos a 31 de decembro, por causa de porcentaxes de xornada distintos do 100%. Logo, nos datos medios para todo 2021, por mor dese mesmo feito e mais dos casos cunha vinculación de duración inferior ao exercicio mesmo, como a seguir detalla a nota nº 3. A aproximación a un decimal supón un axuste automático dos datos orixinais. Isto pode dar lugar a algunha falta formal de cadre ocasional, en todo caso de valor decimal mínimo, nos sub-totais das táboas. Téñase isto en conta na lectura deste epígrafe.

3 .-Segundo un cálculo do número preciso de persoas contratadas respecto do exercicio tomado en conxunto de acordo co GRI 102-8.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

G1.-G.2. EMPREGADOS/AS A 31 DE DECEMBRO DE 2021 POR GRUPO DE IDADE E POR SEXO. ESTRUTURAS PORCENTUAIS.



Fonte: Sistema de Información de Recursos Humanos. Departamento de Recursos Humanos.

— Nunha interpretación evidente, eses valores están así ligados á idade e á antigüidade do persoal.

G.3. EMPREGADOS/AS A 31 DE DECEMBRO DE 2021, SEGUNDO SEXO, POR GRUPO DE IDADE. ESTRUTURA PORCENTUAL.



Fonte: Sistema de Información de Recursos Humanos. Departamento de Recursos Humanos.

- O persoal distribúese segundo a súa asignación a 51 Categorías profesionais das que recolle o Convenio Colectivo[4]. Estas agrúpanse en 11 Niveis: Alta Dirección, Directivos/as e outros 9 identificados por un díxito ascendente, de 1 a 9, segundo o regulado naquel. Relativamente ás das distribucións por Niveis e Categorías, en si e en relación cos datos antecedentes, cabe salientar:

  — Os Niveis 1, 4 e 7 son os de maior peso e concentran algo máis de dous terzos do total —67,7%—.

4 .-Esta referencia e as que seguen en diante aluden o "Convenio Colectivo da Compañía de Radio-Televisión de Galicia (CRTVG) e as súas sociedades", vixente desde 2015. Pode consultarse o seu texto íntegro no Portal de Transparencia da Corporación: http://www.crtvg.es/files/ConvenioColectivo.pdf.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

— En particular, o Nivel 1 está feminizado —xuntamente, aínda que estes dous en menor medida, cos 2 e 6—. O Nivel dos/as Directivos/as presenta un equilibrio.

— Redactor/a —con 202,4 persoas—, Reporteiro/a Gráfico/a —73,1— e Operador/a-Montador/a de Vídeo —74,6— son as Categorías máis nutridas. Corresponden respectivamente aos Niveis citados 1, 4 e 7, reflectindo en cada caso a caracterización por sexo referida.

- A traxectoria histórica da Corporación RTVG e o seu carácter de empresa pública determinan un alto grao de relacións laborais estables, de xeito que a contratación temporal responde principalmente á atención a eventualidades de substitución. Ademais, a actividade específica xera un predominio, tamén característico, das dedicacións a tempo completo, resultando as contratacións a tempo parcial na súa práctica totalidade de contratos de relevo. Desde o punto de vista da modalidade contractual e a xornada resulta entón a seguinte caracterización sumaria:

  — Os contratos indefinidos abranguen un 83,4% do persoal, os temporais por obra ou servizo un 1,5%, mentres que os contratos por interinidade e relevo supoñen un 7% e un 4,7% respectivamente. Debe engadirse un 3,4% de contratos formativos.

G.4. EMPREGADOS/AS A 31 DE DECEMBRO DE 2021 POR TIPO DE CONTRATO. ESTRUTURA PORCENTUAL.



Fonte: Sistema de Información de Recursos Humanos. Departamento de Recursos Humanos.

— En calquera segmentación con estas variables case sempre é maior a proporción de persoas de máis de 50 anos que a de entre 30 e 50, e esta maior á súa vez que a de menores de 30, de acordo co que ocorre no conxunto.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

G.5. EMPREGADOS/AS A 31 DE DECEMBRO DE 2021 POR ÁREA FUNCIONAL. ESTRUTURA PORCENTUAL.



Fonte: Sistema de Información de Recursos Humanos. Departamento de Recursos Humanos.

Desde o punto de vista da súa adscrición funcional, este persoal empregado a 31 de decembro de 2021 distribúese nas cinco áreas funcionais en que se organiza a Corporación RTVG, ás que hai que sumar a Oficina do/a Director/a Xeral, de xeito que, dando conta cabalmente da natureza da actividade corporativa e da súa dinámica produtiva, son as de Soporte Tecnolóxico e Medios e Información e Documentación as máis nutridas, sumando un 76% destes efectivos.

APUNTAMENTO ESPECÍFICO SOBRE O COMPROMISO CORPORATIVO CUN EMPREGO DE CALIDADE E AXEITADAMENTE RETRIBUÍDO

- Con data 30 de decembro de 2021 a Corporación RTVG publicou no D.O.G. unha OPE —Oferta Pública de Emprego— da que o seu Consello de Administración tomara coñecemento o día 17 dese mes.
- O sentido e alcance da OPE resulta da liña sostida da dirección de goberno corporativo, sendo así congruente cos criterios de xestión do cadro aprobados polo Consello de Administración o 24 de novembro de 2020.
- Os obxectivos da OPE refírense directamente ao desenvolvemento dun plan de calidade do emprego o que implica a intención de estender un vínculo contractual de carácter fixo á práctica totalidade do cadro de persoal.

A OPE expresa unha dirección de goberno corporativa comprometida coa estabilidade e calidade do emprego

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

T.1. EMPREGADOS/AS —MEDIA— EN 2021, SEGUNDO SEXO E EN TOTAL, POR NIVEL E CATEGORÍA. VALORES ABSOLUTOS.

NIVEL E CATEGORÍA	HOMES	MULLERES	TOTAL
ALTA DIRECCIÓN			
Director/a Xeral	1,0	0,0	1,0
SUB-TOTAL ALTA DIRECCIÓN	1,0	0,0	1,0
DIRECTIVOS/AS			
Director/a de División	1,0	1,0	2,0
Director/a de Departamento	6,2	3,7	9,9
Subdirector/a de Departamento	2,1	1,0	3,1
Xefe/a de Servizo	9,1	12,6	21,7
SUB-TOTAL DIRECTIVOS/AS	18,4	18,3	36,6
PROFESIONAIS DE NIVEL 1			
Asesor/a Lingüista	3,0	6,0	9,0
Enxeñeiro/a Superior de Telecomunicacións	1,0	0,0	1,0
Produtor/a	11,8	6,1	17,9
Produtor/a de Son	0,6	0,0	0,6
Realizador/a	10,0	6,8	16,8
Redactor/a	69,9	130,4	200,3
Titulado/a Superior	4,7	7,7	12,5
SUB-TOTAL NIVEL 1	101,0	157,0	258,0
PROFESIONAIS DE NIVEL 2			
Documentalista	5,1	12,9	18,0
Locutor/a Radio	22,2	16,1	38,3
Titulado/a Medio	2,0	2,0	4,0
SUB-TOTAL NIVEL 2	29,2	31,0	60,3
PROFESIONAIS DE NIVEL 3			
Analista Programador/a	8,6	1,0	9,6
Técnico/a de Administración	1,0	7,0	8,0
Técnico/a Electrónico de Primeira	13,0	0,0	13,0
Técnico/a de Sistemas	4,0	0,0	4,0
SUB-TOTAL	26,6	8,0	34,6
PROFESIONAIS DE NIVEL 4			
Auxiliar de Redacción	13,0	5,5	18,5
Cámara de Primeira	10,6	1,0	11,6
Deseñador/a Gráfico/a	7,1	1,3	8,4
Operador/a de Control	5,7	0,0	5,7
Promotor/a	2,0	1,0	3,0
Reporteiro/a Gráfico/a	67,4	6,5	73,9
Técnico/a de Control	19,1	1,3	20,4
Técnico/a Electrónico/a	21,6	0,7	22,4
SUB-TOTAL NIVEL 4	146,7	17,2	163,9

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

NIVEL E CATEGORÍA	HOMES	MULLERES	TOTAL
PROFESIONAIS DE NIVEL 5			
Axudante/a de Realización	23,7	14,2	38,0
Decorador/a	0,7	1,0	1,7
Locutor/a de Televisión	5,0	2,0	7,0
Operador/a de Post-produción	8,0	3,0	11,0
Técnico/a de Iluminación	5,0	0,7	5,7
Técnico/a de Son	9,5	0,0	9,5
SUB-TOTAL NIVEL 5	51,9	21,0	72,8
PROFESIONAIS DE NIVEL 6			
Auxiliar de Programas	3,3	9,8	13,1
Oficial Administrativo/a	3,2	10,8	14,1
Oficial Produtor/a de Son	0,5	0,0	0,5
Oficial Técnico/a Electrónico/a	1,0	0,0	1,0
Operador/a de Cámara	8,2	1,0	9,2
SUB-TOTAL NIVEL 6	16,2	21,7	37,9
PROFESIONAIS DE NIVEL 7			
Auxiliar Administrativo/a	5,1	23,0	28,1
Auxiliar de Programación	1,0	0,0	1,0
Axudante/a de Produción	15,9	15,5	31,4
Control de Cámara	4,0	1,0	5,0
Grafista-Titulador/a	8,9	3,0	11,9
Iluminador/a	8,1	0,0	8,1
Maquillador/a	0,0	9,1	9,1
Oficial Técnico/a Electricista	6,0	0,0	6,0
Operador/a-Montador/a Vídeo	56,2	18,5	74,7
Operador/a-Produtor/a de Son	2,7	3,0	5,7
Relacións Públicas	0,0	4,0	4,0
SUB-TOTAL NIVEL 7	107,9	77,0	184,9
PROFESIONAIS DE NIVEL 8			
Auxiliar de Informativos	2,0	0,0	2,0
Condutor/a	5,0	0,0	5,0
Especialista de Montaxe	12,9	1,6	14,4
SUB-TOTAL NIVEL 8	19,9	1,6	21,4
PROFESIONAIS DE NIVEL 9			
Almacenista	5,7	0,0	5,7
Axudante/a Mantemento	11,3	0,0	11,3
Ordenanza	3,0	0,0	3,0
Ordenanza-Condutor/a	1,0	0,0	1,0
SUB-TOTAL NIVEL 6	21,0	0,0	21,0
TOTAL	**539,6**	**352,7**	**892,3**

Fonte: Sistema de Información de Recursos Humanos. Departamento de Recursos Humanos.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

T.2. EMPREGADOS/AS —MEDIA— EN 2020 E 2021, SEGUNDO SEXO E EN TOTAL, POR NIVEL E GRUPO DE IDADE. VALORES ABSOLUTOS

		2021			2020		
NIVEL	GRUPO DE IDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Alta dirección-Director/a Xeral	Máis de 50 anos	1,0	0,0	1,0	1,0	0,0	1,0
	De 30 a 50 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL ALTA DIRECCIÓN		1,0	0,0	1,0	1,0	0,0	1,0
Directivos/as	Máis de 50 anos	9,4	10,2	19,6	9,0	10,2	19,2
	De 30 a 50 anos	9,0	7,1	16,1	7,8	7,0	14,8
	Menos de 30 anos	0,0	1,0	1,0	1,0	1,0	2,0
SUB-TOTAL DIRECTIVOS/AS		18,4	18,3	36,6	17,8	18,2	36,0
Nivel 1	Máis de 50 anos	51,0	52,2	103,2	51,5	51,7	103,2
	De 30 a 50 anos	45,6	100,8	146,4	47,5	104,9	152,4
	Menos de 30 anos	4,4	4,0	8,4	2,9	4,7	7,7
SUB-TOTAL NIVEL 1		101,0	157,0	258,0	101,9	161,4	263,3
Nivel 2	Máis de 50 anos	20,3	23,7	44,0	20,0	25,6	45,6
	De 30 a 50 anos	7,3	5,3	12,5	8,7	6,6	15,3
	Menos de 30 anos	1,7	2,0	3,7	1,0	1,0	2,0
SUB-TOTAL NIVEL 2		29,2	31,0	60,3	29,7	33,2	62,9
Nivel 3	Máis de 50 anos	18,0	7,0	25,0	18,0	7,2	25,2
	De 30 a 50 anos	8,6	1,0	9,6	9,0	2,1	11,1
	Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,7	0,0	0,7
SUB-TOTAL NIVEL 3		26,6	8,0	34,6	27,6	9,3	36,9
Nivel 4	Máis de 50 anos	95,8	9,8	105,6	94,5	9,8	104,2
	De 30 a 50 anos	47,0	6,0	53,1	52,1	4,4	56,5
	Menos de 30 anos	3,9	1,4	5,2	4,9	2,0	6,9
SUB-TOTAL NIVEL 4		146,7	17,2	163,9	151,4	16,2	167,6
Nivel 5	Máis de 50 anos	43,9	12,0	55,9	46,2	12,0	58,2
	De 30 a 50 anos	7,8	6,5	14,3	8,1	7,0	15,1
	Menos de 30 anos	0,2	2,5	2,6	1,0	0,9	1,9
SUB-TOTAL NIVEL 5		51,9	21,0	72,8	55,3	19,9	75,2

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

		2021			2020		
NIVEL	GRUPO DE IDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Nivel 6	Máis de 50 anos	10,7	17,0	27,8	10,9	16,7	27,6
	De 30 a 50 anos	4,5	2,9	7,4	5,3	6,9	12,2
	Menos de 30 anos	1,0	1,7	2,7	0,2	1,5	1,7
SUB-TOTAL NIVEL 6		16,2	21,7	37,9	16,4	25,1	41,5
Nivel 7	Máis de 50 anos	60,9	49,3	110,2	58,3	49,1	107,4
	De 30 a 50 anos	41,4	26,9	68,3	43,1	25,5	68,6
	Menos de 30 anos	5,6	0,8	6,4	7,3	1,0	8,3
SUB-TOTAL NIVEL 7		107,9	77,0	184,9	108,7	75,6	184,3
Nivel 8	Máis de 50 anos	11,0	0,0	11,0	9,0	0,2	9,2
	De 30 a 50 anos	8,0	1,6	9,6	10,0	2,0	12,0
	Menos de 30 anos	0,9	0,0	0,9	0,2	0,0	0,2
SUB-TOTAL NIVEL 8		19,9	1,6	21,4	19,2	2,2	21,4
Nivel 9	Máis de 50 anos	16,3	0,0	16,3	17,4	0,0	17,4
	De 30 a 50 anos	4,7	0,0	4,7	4,4	0,0	4,4
	Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL NIVEL 9		21,0	0,0	21,0	21,8	0,0	21,8
TOTAL	Máis de 50 anos	338,2	181,2	519,5	335,8	182,5	518,3
	De 30 a 50 anos	183,9	158,0	341,9	195,9	166,4	362,3
	Menos de 30 anos	17,5	13,5	31,0	19,2	12,1	31,3
TOTAL		**539,6**	**352,7**	**892,3**	**550,9**	**361,0**	**911,9**

Fonte: Sistema de Información de Recursos Humanos. Departamento de Recursos Humanos.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

T.3. EMPREGADOS/AS —MEDIA— EN 2020 E 2021, SEGUNDO SEXO E EN TOTAL, POR NIVEL, TIPO DE CONTRATO E DE XORNADA. VALORES ABSOLUTOS.

			2021			2020		
NIVEL	CONTRATO	XORNADA	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Alta dirección -Director/a Xeral-	Fixo/Indefinido	Completa	1,0	0,0	1,0	1,0	0,0	1,0
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Temporal	Completa	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL ALTA DIRECCIÓN			1,0	0,0	1,0	1,0	0,0	1,0
Directivos/as	Fixo/Indefinido	Completa	18,4	18,3	36,6	17,8	18,2	36,0
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Temporal	Completa	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL DIRECTIVOS/AS			18,4	18,3	36,6	17,8	18,2	36,0
Nivel 1	Fixo/Indefinido	Completa	82,0	124,9	207,0	84,3	122,8	207,1
		Parcial	2,3	1,8	4,1	1,6	1,8	3,3
	Temporal	Completa	15,2	28,2	43,4	15,9	35,6	51,5
		Parcial	1,5	2,1	3,5	0,2	1,2	1,4
SUB-TOTAL NIVEL 1			101,0	157,0	258,0	101,9	161,4	263,3
Nivel 2	Fixo/Indefinido	Completa	24,7	23,8	48,4	25,3	25,0	50,3
		Parcial	0,7	0,9	1,6	0,7	0,6	1,3
	Temporal	Completa	3,7	5,7	9,5	3,5	7,6	11,1
		Parcial	0,2	0,6	0,8	0,2	0,0	0,2
SUB-TOTAL NIVEL 2			29,2	31,0	60,3	29,7	33,2	62,9
Nivel 3	Fixo/Indefinido	Completa	25,9	8,0	33,9	26,0	8,0	34,0
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,2	0,2
	Temporal	Completa	0,6	0,0	0,6	1,6	1,1	2,7
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL NIVEL 3			26,6	8,0	34,6	27,6	9,3	36,9
Nivel 4	Fixo/Indefinido	Completa	116,9	12,4	129,3	118,2	11,1	129,2
		Parcial	3,7	0,2	3,9	4,5	0,4	4,9
	Temporal	Completa	23,5	4,6	28,0	27,6	4,7	32,3
		Parcial	2,6	0,0	2,7	1,2	0,0	1,2
SUB-TOTAL NIVEL 4			146,7	17,2	163,9	151,4	16,2	167,6

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

			2021			2020		
NIVEL	CONTRATO	XORNADA	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Nivel 5	Fixo/Indefinido	Completa	43,2	16,0	59,2	46,6	16,0	62,6
		Parcial	3,2	0,0	3,2	2,6	0,0	2,6
	Temporal	Completa	5,0	4,1	9,1	6,1	3,9	9,9
		Parcial	0,5	0,9	1,3	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL NIVEL 5			51,9	21,0	72,8	55,3	19,9	75,2
Nivel 6	Fixo/Indefinido	Completa	13,0	16,1	29,1	14,3	17,0	31,3
		Parcial	1,2	1,0	2,2	0,6	0,7	1,3
	Temporal	Completa	1,3	3,8	5,2	1,5	6,6	8,1
		Parcial	0,7	0,8	1,5	0,0	0,7	0,8
SUB-TOTAL NIVEL 6			16,2	21,7	37,9	16,4	25,1	41,5
Nivel 7	Fixo/Indefinido	Completa	88,6	66,6	155,2	89,9	67,3	157,1
		Parcial	2,1	1,0	3,1	1,4	0,1	1,5
	Temporal	Completa	15,7	8,4	24,1	16,9	7,7	24,6
		Parcial	1,5	1,0	2,5	0,5	0,6	1,0
SUB-TOTAL NIVEL 7			107,9	77,0	184,9	108,7	75,6	184,3
Nivel 8	Fixo/Indefinido	Completa	19,0	1,0	20,0	19,0	1,0	20,0
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,2	0,2
	Temporal	Completa	0,9	0,6	1,4	0,2	1,0	1,2
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL NIVEL 8			19,9	1,6	21,4	19,2	2,2	21,4
Nivel 9	Fixo/Indefinido	Completa	18,2	0,0	18,2	18,8	0,0	18,8
		Parcial	0,1	0,0	0,1	0,6	0,0	0,6
	Temporal	Completa	2,7	0,0	2,7	2,4	0,0	2,4
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL NIVEL 9			21,0	0,0	21,0	21,8	0,0	21,8
TOTAL	Fixo/ Indefinido	Completa	450,8	287,0	737,8	461,1	286,3	747,4
		Parcial	13,3	4,9	18,2	12,0	4,0	16,0
	Temporal	Completa	68,5	55,5	124,0	75,8	68,1	143,9
		Parcial	7,0	5,3	12,3	2,0	2,6	4,6
TOTAL			539,6	352,7	892,3	550,9	361,0	911,9

Fonte: Sistema de Información de Recursos Humanos. Departamento de Recursos Humanos.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

T.4. EMPREGADOS/AS —MEDIA— EN 2020 E 2021, SEGUNDO GRUPO DE IDADE E EN TOTAL, POR NIVEL, TIPO DE CONTRATO E DE XORNADA. VALORES ABSOLUTOS.

			2021				2020			
NIVEL	CONTRATO	XORNADA	MÁIS DE 50 ANOS	DE 30 A 50 ANOS	MENOS DE 30 ANOS	TOTAL	MÁIS DE 50 ANOS	DE 30 A 50 ANOS	MENOS DE 30 ANOS	TOTAL
Alta dirección —Director/a Xeral—	Fixo/Indefinido	Completa	1,0	0,0	0,0	1,0	1,0	0,0	0,0	1,0
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Temporal	Completa	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL ALTA DIRECCIÓN			1,0	0,0	0,0	1,0	1,0	0,0	0,0	1,0
Directivos/as	Fixo/Indefinido	Completa	19,6	16,1	1,0	36,6	19,2	14,8	2,0	36,0
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Temporal	Completa	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL DIRECTIVOS/AS			19,6	16,1	1,0	36,6	19,2	14,8	2,0	36,0
Nivel 1	Fixo/Indefinido	Completa	94,5	112,5	0,0	207,0	96,0	111,1	0,0	207,1
		Parcial	4,1	0,0	0,0	4,1	3,3	0,0	0,0	3,3
	Temporal	Completa	4,1	30,9	8,4	43,4	3,9	39,9	7,7	51,5
		Parcial	0,5	3,0	0,0	3,5	0,0	1,4	0,0	1,4
SUB-TOTAL NIVEL 1			103,2	146,4	8,4	258,0	103,2	152,4	7,7	263,3
Nivel 2	Fixo/Indefinido	Completa	39,4	9,0	0,0	48,4	40,3	10,0	0,0	50,3
		Parcial	1,6	0,0	0,0	1,6	1,3	0,0	0,0	1,3
	Temporal	Completa	2,9	3,1	3,4	9,5	4,0	5,1	2,0	11,1
		Parcial	0,1	0,4	0,3	0,8	0,0	0,2	0,0	0,2
SUB-TOTAL NIVEL 2			44,0	12,5	3,7	60,3	45,6	15,3	2,0	62,9
Nivel 3	Fixo/Indefinido	Completa	24,9	9,0	0,0	33,9	25,0	9,0	0,0	34,0
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,2	0,0	0,0	0,2
	Temporal	Completa	0,0	0,6	0,0	0,6	0,0	2,1	0,7	2,7
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL NIVEL 3			24,9	9,6	0,0	34,5	25,2	11,1	0,7	36,9
Nivel 4	Fixo/Indefinido	Completa	93,8	35,4	0,0	129,3	91,1	38,2	0,0	129,2
		Parcial	3,9	0,0	0,0	3,9	4,9	0,0	0,0	4,9
	Temporal	Completa	7,6	15,2	5,2	28,0	8,3	17,2	6,9	32,3
		Parcial	0,2	2,5	0,0	2,7	0,0	1,2	0,0	1,2
SUB-TOTAL NIVEL 4			105,5	53,1	5,2	163,9	104,2	56,5	6,9	167,6

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

			2021				2020			
NIVEL	CONTRATO	XORNADA	MÁIS DE 50 ANOS	DE 30 A 50 ANOS	MENOS DE 30 ANOS	TOTAL	MÁIS DE 50 ANOS	DE 30 A 50 ANOS	MENOS DE 30 ANOS	TOTAL
Nivel 5	Fixo/Indefinido	Completa	50,2	9,0	0,0	59,2	53,6	9,0	0,0	62,6
		Parcial	3,2	0,0	0,0	3,2	2,6	0,0	0,0	2,6
	Temporal	Completa	2,1	4,4	2,6	9,1	2,0	6,0	1,9	9,9
		Parcial	0,5	0,9	0,0	1,3	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL NIVEL 5			56,0	14,3	2,6	72,8	58,2	15,1	1,9	75,2
Nivel 6	Fixo/Indefinido	Completa	25,1	4,0	0,0	29,1	26,3	5,0	0,0	31,3
		Parcial	2,2	0,0	0,0	2,2	1,3	0,0	0,0	1,3
	Temporal	Completa	0,0	2,4	2,7	5,2	0,0	6,4	1,7	8,1
		Parcial	0,5	1,0	0,0	1,5	0,0	0,7	0,0	0,8
SUB-TOTAL NIVEL 6			27,8	7,4	2,7	38,0	27,6	12,2	1,7	41,5
Nivel 7	Fixo/Indefinido	Completa	101,4	53,8	0,0	155,2	101,4	55,7	0,0	157,1
		Parcial	3,1	0,0	0,0	3,1	1,4	0,1	0,0	1,5
	Temporal	Completa	4,8	12,9	6,4	24,1	4,2	12,1	8,3	24,6
		Parcial	0,9	1,6	0,0	2,5	0,4	0,6	0,0	1,0
SUB-TOTAL NIVEL 7			110,2	68,3	6,4	184,9	107,4	68,6	8,3	184,3
Nivel 8	Fixo/Indefinido	Completa	11,0	9,0	0,0	20,0	9,0	11,0	0,0	20,0
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,2	0,0	0,0	0,2
	Temporal	Completa	0,0	0,6	0,9	1,4	0,0	1,0	0,2	1,2
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL NIVEL 8			11,0	9,6	0,9	21,4	9,2	12,0	0,2	21,4
Nivel 9	Fixo/Indefinido	Completa	14,2	4,0	0,0	18,2	14,8	4,0	0,0	18,8
		Parcial	0,1	0,0	0,0	0,1	0,6	0,0	0,0	0,6
	Temporal	Completa	2,0	0,7	0,0	2,7	2,0	0,4	0,0	2,4
		Parcial	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL NIVEL 9			16,3	4,7	0,0	21,0	17,4	4,4	0,0	21,8
TOTAL	Fixo/Indefinido	Completa	475,0	261,8	1,0	737,8	477,6	267,8	2,0	747,4
		Parcial	18,2	0,0	0,0	18,2	15,9	0,1	0,0	16,0
	Temporal	Completa	23,5	70,8	29,7	124,0	24,4	90,2	29,3	143,9
		Parcial	2,7	9,3	0,3	12,3	0,4	4,2	0,0	4,6
TOTAL			519,5	341,9	31,0	892,3	518,3	362,3	31,3	911,9

Fonte: Sistema de Información de Recursos Humanos. Departamento de Recursos Humanos.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

T.5. EMPREGADOS/AS A 31 DE DECEMBRO DE 2021 E 2021, SEGUNDO SEXO E EN TOTAL, POR NIVEL, TIPO DE CONTRATO E GRUPO DE IDADE. VALORES ABSOLUTOS.

			2021			2020		
NIVEL	CONTRATO	GRUPO DE IDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Alta dirección-Director/a Xeral-	Fixo/Indefinido	Máis de 50 anos	1,0	0,0	1,0	1,0	0,0	1,0
		De 30 a 50 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
		Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Temporal	Máis de 50 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
		De 30 a 50 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
		Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL ALTA DIRECCIÓN			1,0	0,0	1,0	1,0	0,0	1,0
Directivos/as	Fixo/Indefinido	Máis de 50 anos	10,0	9,0	19,0	9,0	10,0	19,0
		De 30 a 50 anos	9,0	8,0	17,0	8,0	7,0	15,0
		Menos de 30 anos	0,0	1,0	1,0	1,0	1,0	2,0
	Temporal	Máis de 50 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
		De 30 a 50 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
		Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL DIRECTIVOS/AS			19,0	18,0	37,0	18,0	18,0	36,0
Nivel 1	Fixo/Indefinido	Máis de 50 anos	47,3	50,3	97,5	47,5	49,8	97,3
		De 30 a 50 anos	37,0	77,9	114,9	37,9	76,2	114,1
		Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Temporal	Máis de 50 anos	3,0	2,0	5,0	3,0	1,0	4,0
		De 30 a 50 anos	10,0	22,3	32,3	9,5	26,9	36,4
		Menos de 30 anos	6,0	4,0	10,0	3,0	4,0	7,0
SUB-TOTAL NIVEL 1			103,3	156,4	259,6	100,9	157,9	258,7
Nivel 2	Fixo/Indefinido	Máis de 50 anos	20,0	20,5	40,5	19,8	21,3	41,0
		De 30 a 50 anos	5,0	4,0	9,0	6,0	4,0	10,0
		Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Temporal	Máis de 50 anos	0,0	2,5	2,5	0,0	4,0	4,0
		De 30 a 50 anos	2,5	2,5	5,0	2,0	2,0	4,0
		Menos de 30 anos	1,0	3,5	4,5	1,0	1,0	2,0
SUB-TOTAL NIVEL 2			28,5	33,0	61,5	28,8	32,3	61,0
Nivel 3	Fixo/Indefinido	Máis de 50 anos	17,5	6,5	24,0	18,0	7,0	25,0
		De 30 a 50 anos	8,0	1,0	9,0	8,0	1,0	9,0
		Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Temporal	Máis de 50 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
		De 30 a 50 anos	1,5	0,0	1,5	1,0	0,0	1,0
		Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL NIVEL 3			27,0	7,5	34,5	27,0	8,0	35,0
Nivel 4	Fixo/Indefinido	Máis de 50 anos	86,8	9,0	95,8	85,8	8,3	94,0
		De 30 a 50 anos	30,9	4,0	34,9	36,9	4,0	40,9
		Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Temporal	Máis de 50 anos	7,5	1,0	8,5	5,0	2,0	7,0
		De 30 a 50 anos	16,5	3,5	20,0	15,0	2,0	17,0
		Menos de 30 anos	5,0	0,0	5,0	4,0	2,0	6,0
SUB-TOTAL NIVEL 4			146,6	17,5	164,1	146,6	18,3	164,9

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

			2021			2020		
NIVEL	CONTRATO	GRUPO DE IDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Nivel 5	Fixo/Indefinido	Máis de 50 anos	38,8	12,0	50,8	43,0	12,0	55,0
		De 30 a 50 anos	5,0	4,0	9,0	5,0	4,0	9,0
		Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Temporal	Máis de 50 anos	3,0	0,0	3,0	2,0	0,0	2,0
		De 30 a 50 anos	4,0	3,5	7,5	3,0	3,5	6,5
		Menos de 30 anos	1,0	3,0	4,0	1,0	1,0	2,0
SUB-TOTAL NIVEL 5			51,8	22,5	74,3	54,0	20,5	74,5
Nivel 6	Fixo/Indefinido	Máis de 50 anos	10,0	15,5	25,5	10,3	16,5	26,8
		De 30 a 50 anos	4,0	0,0	4,0	4,0	1,0	5,0
		Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Temporal	Máis de 50 anos	0,5	0,0	0,5	0,5	0,0	0,5
		De 30 a 50 anos	1,5	3,0	4,5	1,0	3,5	4,5
		Menos de 30 anos	1,5	2,0	3,5	1,0	2,0	3,0
SUB-TOTAL NIVEL 6			17,5	20,5	38,0	16,8	23,0	39,8
Nivel 7	Fixo/Indefinido	Máis de 50 anos	56,9	46,9	103,8	53,2	47,9	101,1
		De 30 a 50 anos	35,0	19,9	54,9	37,0	19,9	56,9
		Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Temporal	Máis de 50 anos	4,0	1,5	5,5	3,0	1,4	4,4
		De 30 a 50 anos	8,5	7,0	15,5	6,0	6,5	12,5
		Menos de 30 anos	4,0	1,0	5,0	7,0	1,0	8,0
SUB-TOTAL NIVEL 7			108,4	76,3	184,6	106,2	76,7	182,9
Nivel 8	Fixo/Indefinido	Máis de 50 anos	11,0	0,0	11,0	9,0	0,0	9,0
		De 30 a 50 anos	8,0	1,0	9,0	10,0	1,0	11,0
		Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Temporal	Máis de 50 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
		De 30 a 50 anos	0,0	1,0	1,0	0,0	0,0	0,0
		Menos de 30 anos	2,0	0,0	2,0	1,0	0,0	1,0
SUB-TOTAL NIVEL 8			21,0	2,0	23,0	20,0	1,0	21,0
Nivel 9	Fixo/Indefinido	Máis de 50 anos	14,0	0,0	14,0	14,5	0,0	14,5
		De 30 a 50 anos	4,0	0,0	4,0	4,0	0,0	4,0
		Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Temporal	Máis de 50 anos	2,0	0,0	2,0	2,0	0,0	2,0
		De 30 a 50 anos	1,0	0,0	1,0	1,0	0,0	1,0
		Menos de 30 anos	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
SUB-TOTAL NIVEL 9			21,0	0,0	21,0	21,5	0,0	21,5
TOTAL	Fixo/Indefinido	Máis de 50 anos	313,1	169,7	482,8	311,0	172,7	483,8
		De 30 a 50 anos	145,9	119,7	265,6	156,7	118,0	274,7
		Menos de 30 anos	0,0	1,0	1,0	1,0	1,0	2,0
	Temporal	Máis de 50 anos	20,0	7,0	27,0	15,5	8,4	23,9
		De 30 a 50 anos	45,5	42,8	88,3	38,5	44,4	82,9
		Menos de 30 anos	20,5	13,5	34,0	18,0	11,0	29,0
TOTAL			545,0	353,7	898,6	540,7	355,5	896,3

Fonte: Sistema de Información de Recursos Humanos. Departamento de Recursos Humanos.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

III.2. Despedimentos

En 2021 a Corporación RTVG non procedeu a ningún despedimento.

III.3. Remuneracións e consideracións sobre fenda salarial

Os datos e cómputos requiridos a efectos deste epígrafe constan na fin deste en dúas táboas numeradas como nº 6 e 7 que refiren as remuneracións de declaración establecida do persoal en valores absolutos en euros[5].

De acordo coa normativa de referencia e tendo en conta as indicacións do GRI e determinadas opcións adoptadas por claridade, os criterios de elaboración dos datos que deben terse en conta para a súa plena comprensión son:

- A Corporación RTVG non identifica enclaves con operacións singulares.
- Fanse constar as remuneracións brutas medias anuais por sexo para os Niveis do 1 ao 9.
- As remuneracións dos Niveis Alta Dirección e Directivos/as están determinadas, en canto a Corporación é unha Sociedade Mercantil Pública Autonómica, polo disposto no "Decreto 119/2012, do 3 de maio, da Consellería de Facenda, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico".
- As retribucións do persoal axéitanse á normativa de aplicación, ao vixente Convenio Colectivo e aos acordos entre a empresa e os órganos de representacións dos/as traballadores/as. O seu eventual incremento inter-anual fíxase na "Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia" correspondente a cada exercicio de referencia.
- As remuneracións dos/as Conselleiros/as do Consello de Administración en 2021 foron as aprobadas mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de xaneiro de 2016.

Na consideración das remuneracións para o persoal suxeito a convenio cómpre destacar aos efectos deste documento algunhas evidencias:

- Na perspectiva do conxunto do mercado laboral no sector de referencia os valores para as Categorías identificadas numericamente indican que a Corporación RTVG xera emprego de calidade desde o punto de vista retributivo.
- A Corporación RTVG é unha empresa pública que retribúe cos mesmos criterios e parámetros a quen integran o seu persoal, sexan traballadores ou traballadoras.
- Para homes e mulleres, os 41.877,71 € dos traballadores son 561,25 € anuais de media máis que os 41.316,46 € das traballadoras. Non obstante, a lóxica desta diferenza leva a

5 .-Calculadas como a suma de salarios brutos percibidos dividida pola cifra de persoal medio a tempo completo: ETC.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

concluír unha retribución practicamente idéntica. En 2020 as cifras respectivas eran de 41.329,55 € e 40.581,44 €, cunha diferenza de 748,11 €.

Alén do ilustrado na segunda das táboas, hai tres datos adicionais que completan e precisan a perspectiva das remuneracións recollidas nela:

- Nos Niveis de Alta Dirección e Directivos/as, segundo o previsto no citado Decreto 119/2002, as remuneracións supleméntanse cun Complemento Variable de Produtividade, de percepción condicionada á satisfacción de determinados obxectivos asignados a cada posto no exercicio de referencia. O modelo de avaliación é aprobado e a súa aplicación efectiva supervisada pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, a Dirección Xeral da Función Pública e mais da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. En 2021 a retribución media estimada deste complemento ascende a 6.532,89 €[6].
- O valor total das remuneracións dos/as conselleiros e conselleiras integrantes do Consello de Administración da Corporación RTVG en 2021 ascendeu a 361.417,23 €.

T.6. REMUNERACIÓNS DO PERSOAL SUXEITO A CONVENIO EN 2020 E 2021, SEGUNDO SEXO E EN TOTAL, POR NIVEL E GRUPO DE IDADE. VALORES ABSOLUTOS MEDIOS ANUAIS EN EUROS.

		2021			2020		
NIVEL	GRUPOS DE IDADE	HOMES	MULLERES	MEDIA	HOMES	MULLERES	MEDIA
	Máis de 50 anos	49.437,09	46.771,97	48.088,78	48.384,72	46.517,13	47.449,12
Nivel 1	De 30 a 50 anos	50.190,54	46.989,20	47.986,66	49.757,90	45.635,29	46.920,06
	Menos de 30 anos	27.413,69	30.095,34	28.701,77	28.717,50	28.395,55	28.518,70
SUB-TOTAL NIVEL 1		48.826,51	46.483,46	47.400,39	48.459,28	45.412,54	46.592,12
	Máis de 50 anos	46.424,59	43.515,23	44.858,93	46.287,96	43.144,31	44.525,56
Nivel 2	De 30 a 50 anos	45.736,64	42.576,25	44.404,89	43.907,06	38.716,02	41.667,79
	Menos de 30 anos	27.519,68	27.025,00	27.246,20	24.845,04	27.922,62	26.383,83
SUB-TOTAL NIVEL 2		45.187,22	42.270,94	43.686,01	44.870,45	41.804,29	43.253,78
	Máis de 50 anos	49.953,55	44.940,75	48.547,72	47.996,48	44.691,70	47.052,26
Nivel 3	De 30 a 50 anos	44.725,88	39.349,91	44.166,47	43.743,15	35.408,40	42.169,57
	Menos de 30 anos	-	-	-	26.994,65	-	26.994,65
SUB-TOTAL NIVEL 3		48.259,53	44.241,89	47.329,79	46.113,12	42.603,21	45.230,18

6 .-Na táboa nº 7, que recolle as retribucións deste colectivo, estas non inclúen este concepto.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

		2021			2020		
NIVEL	GRUPOS DE IDADE	HOMES	MULLERES	MEDIA	HOMES	MULLERES	MEDIA
	Máis de 50 anos	44.653,64	42.414,28	44.445,99	43.771,09	41.765,06	43.583,38
Nivel 4	De 30 a 50 anos	39.802,87	38.502,38	39.655,04	40.995,92	40.549,30	40.961,08
	Menos de 30 anos	31.040,25	29.205,54	30.553,56	27.624,00	24.641,88	26.753,31
SUB-TOTAL NIVEL 4		42.741,08	39.976,81	42.450,77	42.298,66	39.314,08	42.010,85
	Máis de 50 anos	40.882,81	39.173,85	40.516,14	39.564,61	37.949,33	39.231,73
Nivel 5	De 30 a 50 anos	37.030,31	32.181,88	34.816,90	36.582,76	32.930,94	34.882,95
	Menos de 30 anos	25.860,11	22.573,77	22.797,84	27.535,04	19.754,98	23.828,31
SUB-TOTAL NIVEL 5		40.254,94	35.055,87	38.757,97	38.912,77	35.352,15	37.969,59
	Máis de 50 anos	40.800,77	37.758,52	38.934,01	42.207,81	37.846,60	39.568,34
Nivel 6	De 30 a 50 anos	38.960,87	26.622,13	34.142,09	35.993,14	26.641,20	30.695,25
	Menos de 30 anos	19.597,36	22.988,18	21.746,12	18.548,38	21.503,17	21.131,61
SUB-TOTAL NIVEL 6		38.984,18	35.092,92	36.760,31	39.902,63	33.810,76	36.219,00
	Máis de 50 anos	38.405,59	34.812,35	36.798,34	38.612,23	34.670,13	36.808,39
Nivel 7	De 30 a 50 anos	34.928,75	33.040,14	34.184,59	34.747,51	32.353,76	33.857,89
	Menos de 30 anos	20.662,10	20.541,88	20.646,61	19.763,84	18.508,51	19.613,32
SUB-TOTAL NIVEL 7		36.149,17	34.039,40	35.270,38	35.807,05	33.675,92	34.932,58
	Máis de 50 anos	35.649,44	-	35.649,44	36.915,17	32.049,88	36.788,80
Nivel 8	De 30 a 50 anos	39.805,22	31.663,15	38.483,73	36.993,45	30.245,46	35.887,59
	Menos de 30 anos	21.670,24	-	21.670,24	16.004,17	-	16.004,17
SUB-TOTAL NIVEL 8		36.710,55	31.663,15	36.345,31	36.695,01	30.442,31	36.053,41
	Máis de 50 anos	30.608,90	-	30.608,90	29.481,49	-	29.481,49
Nivel 9	De 30 a 50 anos	29.243,42	-	29.243,42	27.991,33	-	27.991,33
	Menos de 30 anos	-	-	-	-	-	-
SUB-TOTAL NIVEL 9		30.301,05	-	30.301,05	29.177,85	-	29.177,85
	Máis de 50 anos	**43.008,07**	**41.119,19**	**42.360,58**	**42.366,57**	**40.835,55**	**41.836,85**
TOTAL	**De 30 a 50 anos**	**41.418,09**	**42.773,82**	**42.046,23**	**41.194,19**	**41.380,01**	**41.279,40**
	Menos de 30 anos	**25.311,40**	**26.391,16**	**25.760,58**	**24.197,37**	**25.170,95**	**24.565,82**
TOTAL		**41.877,71**	**41.316,46**	**41.658,09**	**41.329,55**	**40.581,44**	**41.036,44**

Fonte: Sistema de Información de Recursos Humanos. Departamento de Recursos Humanos.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

T.7. REMUNERACIÓNS DOS/AS CONSELLEIROS/AS, DIRECTOR/A XERAL E DIRECTIVOS/AS EN 2020 E 2021, SEGUNDO SEXO, POR NIVEL E SUB-CONXUNTO. VALORES ABSOLUTOS MEDIOS ANUAIS EN EUROS.

	2021		2020	
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN				
Conselleiro/a	62.544,46	60.527,67	63.390,67	60.158,60
SUB-TOTAL CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN	62.544,46	60.527,67	63.390,67	60.158,60
DIRECCIÓN XERAL E EQUIPO DIRECTIVO				
Director/a Xeral	83.932,24	-	83.436,24	-
EQUIPO DIRECTIVO				
Director/a de División	77.136,28	69.332,06	76.530,87	68.867,96
Director/a de Departamento	66.764,58	68.730,91	67.322,38	67.406,34
Subdirector/a de Departamento	61.541,42	65.107,28	59.429,30	64.650,78
Xefe/a de Servizo	51.452,70	51.615,21	50.531,25	51.092,66

Fonte: Sistema de Información de Recursos Humanos. Departamento de Recursos Humanos.

III.4. Diálogo social e negociación colectiva.

O froito e marco principal do diálogo social na Corporación RTVG é o Convenio Colectivo. O vixente actualmente data de 2015.

O alcance deste instrumento non inclúe:

- Aquelas persoas que non forman parte do cadro da empresa, principalmente:
  - Os/as colaboradores/as ou asesores/as en réxime de contrato civil ou mercantil de arrendamento de servizos.
  - O persoal vinculado cun contrato artístico.
  - Os/as Conselleiros/as membros do Consello de Administración, que se ben reciben unha remuneración da Corporación son designados polo Parlamento de Galicia mediante un procedemento específico legalmente establecido na Lei 9/2011.
- Aquelas que si poden entenderse como parte do cadro da empresa, pero teñen con ela unha vinculación especial; isto é:
  - O persoal incluído no Nivel de Alta Dirección, que se singulariza no/a Director/a Xeral.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

— O incluído en Directivos/as, que se desdobra nos subconxuntos: Director/a Xerente/Director/a de División, Director/a de Departamento, Subdirector/a de Departamento e Xefe/a de Servizo.

Por tanto, considerando a cifra media de empregados/as que conformaron o cadro da Corporación RTVG en 2021, 892,3 persoas, en razón do devandito un 95,8%, 854,7, dos Niveis do 1 ao 9, están incluídas no ámbito de aplicación do vixente Convenio Colectivo, en tanto 37,6, o 4,2% restante, que comprende Alta Dirección e Directivos/as, non o están.

G.6. EMPREGADOS/AS —MEDIA— EN 2021 POR INCLUSIÓN NO ÁMBITO DO CONVENIO COLECTIVO. ESTRUTURA PORCENTUAL.



Fonte: Sistema de Información de Recursos Humanos. Departamento de Recursos Humanos.

Nas coordenadas dadas en virtude do Convenio Colectivo e do marco normativo superior de aplicación desenvólvese no seo da Corporación RTVG o diálogo social que inclúe procesos bilaterais entre a empresa e os/as traballadores/es de carácter informativo, de consulta e de negociación.

A representación colectiva do persoal nese diálogo corresponde de seu aos/ás representantes elixidos/as a tal efecto.

Como resultado das eleccións sindicais celebradas en xuño de 2019 teñen representación na Corporación RTVG os seguintes sindicatos:

- CUT.
- USO.
- CC.OO.
- CIG.
- UGT-Galicia.

Esa representación exerceuse por 27 representantes electos/as.

O custe teórico do valor das horas remuneradas pola representación sindical e dos/as traballadores/as foi de 496.361,69 €.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O ámbito principal e característico para o diálogo social na empresa vén dado por unha serie de órganos en que se integra esa representación. Constituídos conforme á normativa, interna e de rango superior, de aplicación segundo o caso e dotados neses mesmos termos do seu propio regulamento interno, teñen as correspondentes funcións específicas, que se derivan da súa natureza e finalidade. Son estes:

- Comité Inter-centros.
- Comité de Empresa.
- Delegados/as de Persoal.
- Comisión Paritaria.
- Comisión de Listaxes de Contratación.
- Comisión de Formación.
- Comisión de Clasificación Profesional.
- Comisión de Igualdade.
- Comisión fronte ao Acoso.
- Comisión do Plan de Pensións.
- Comité de Seguridade e Saúde Laboral.

Un indicador da notable actividade deses órganos de diálogo achégao o feito de que en 2021 celebraron en conxunto 72 reunións.

O marco de referencia reiteradamente mencionado establece os prazos das comunicacións previas debidas ao persoal e/ou aos/ás seus/súas representantes relativas a situacións administrativas, cambios nestas e modificacións substanciais das condicións de traballo que deban negociarse coa representación sindical.

A información debida ao respecto, a título individual e colectivo, incluída a de orde xeral, remítese por diferentes vías, como comunicacións, notas e novas a través das diferentes canles dixitais internas da empresa.

A información aos/ás representantes do persoal transmítese nas sesións dos órganos de diálogo e negociación referidos.

Con carácter xeral, exceptuando convocatorias de urxencia, as convocatorias de tales órganos emítense cunha antelación mínima de 48 horas.

A situación de pandemia xerada pola Covid-19 e as medidas de control da mobilidade o contacto social para a prevención do contaxio durante 2021 incidiron de xeito significativo sobre o contido do diálogo social na Corporación RTVG, xa que foron o marco para o diálogo en razón das medidas operativas de continxencia —como xestora dun servizo público esencial— e de orde sanitaria aplicadas pola empresa e, doutro lado, continuaron a celebrar as súas sesións en liña. É destacable o traballo do Comité de Seguridade e Saúde la Laboral.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

III.5. Organización do tempo de traballo e medidas relacionadas; absentismo

O factor determinante da ordenación do tempo de traballo do persoal da Corporación RTVG é o horario asignado. Este relaciónase coas necesidades funcionais de cada posto, que se determinan en cada Departamento dos que articulan a organización no que se integra cun desempeño específico.

O vixente Convenio Colectivo recolle e caracteriza do xeito seguinte cada unha das variedades de horario:

- Horario fixo: Establecido con carácter permanente nunha única quenda.
- Horario rotatorio —de quendas—: Establecido de xeito planificado, polo común por períodos de catro —4— semanas, con xornada continuada; repartidos os períodos entre mañá, tarde e noite, e, no seu caso, sábado e domingo. Pode incluír a fin de semana e unha rotación semanal por necesidades do servizo. Este horario axústase ás condicións establecidas no Art. 36 do Estatuto dos Traballadores e ao previsto no Convenio Colectivo da empresa para o traballo nocturno.
- Horario flexible: Ten asignado un horario de referencia. Dentro del, tanto o inicio como a finalización de cada xornada, o mesmo que a determinación dos días laborais, poden ser modificados cun aviso previo de 24 horas e respectando os días de descanso. Este horario ten carácter voluntario e xera o dereito a percibir as compensacións económicas correspondentes reguladas no Convenio Colectivo.
- Horario dispoñible: Está planificado semanalmente, porén non ten asignado un horario de referencia, e tanto o inicio e a finalización de cada xornada como a determinación dos días laborais ou de descanso poden modificarse pola empresa con previo aviso mínimo de 24 horas respecto dos horarios planificados. Este horario ten carácter voluntario e xera o dereito a percibir as compensacións económicas correspondentes reguladas no Convenio Colectivo.

Na distribución destas modalidades horarias de carácter ordinario entre o cadro de persoal en 2021 a categoría maioritaria é a de horario fixo, que abrangueu aproximadamente o 65%; un valor que debe contextualizarse no feito de que a empresa mantén a súa actividade produtiva ao longo das 24 horas do día e 365 días do ano.

Outra modalidade máis, de carácter especial, supona o horario intensivo de fin de semana. É o establecido para atender as necesidades nese período.

Relativamente a períodos de vacacións cabe sinalar estoutras disposicións:

- Todos/as os/as traballadores/as teñen dereito a unhas vacacións anuais mínimas de 22 días laborais que, por razón de antigüidade, poden ampliarse ata 26. A estes efectos non

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se consideran hábiles nin os sábados nin os domingos nin os festivos, sen prexuízo das adaptacións que procedan nos horarios especiais.

- No caso de non traballarse o ano completo, gózanse os días proporcionais polo tempo traballado ou por traballar.
- Os/as traballadores/as teñen dereito preferente a gozar as vacacións no período que vai desde o 1 de xuño ao 30 de setembro.

Ademais de todo o anterior, de acordo co Convenio Colectivo, o persoal dispón de 6 días ao ano para asuntos propios, podendo ampliarse en 2 días adicionais no momento de cumprir o sexto trienio, incrementándose en 1 día adicional por cada trienio a partires do oitavo.

A suma de criterios, normas e pactos sobre horario, períodos de descanso, vacacións e días por asuntos propios articulan o tempo de traballo dos/as empregados da Corporación RTVG e a conxunción harmónica deste co dedicado á súa vida persoal, familiar e social.

Estas medidas baséanse nalgunhas recomendacións das proposicións non de lei para a súa regulación, na transposición ao ordenamento xurídico español do Regulamento —UE— 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, de 27 de Abril de 2016, así como no Regulamento Xeral —UE— de Protección de Datos —GDPR/RGPD—, con efectos de 6 de decembro de 2018 mediante a "Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais" —LOPDGDD—.

Un resumo das medidas de desconexión recollidas no Convenio Colectivo enúnciase a continuación.

- Como criterio xeral non se contacta cos/as traballadores/as durante o transcurso dos seus descansos, licenzas ou vacacións.
- A única excepción a este criterio aplícase ao persoal con complementos -voluntarios- de dispoñibilidade ou flexibilidade, xa que pode ser chamado a traballar dentro dos prazos regulados no Convenio Colectivo. Debe subliñarse que, fóra do suposto concreto das gardas localizadas —moi singulares e que só afectan a dúas unidades profesionais, e por semanas—.
- Os/as traballadores/as teñen dereito á protección da súa intimidade no uso dos dispositivos dixitais que a empresa pon a súa disposición. A empresa só pode acceder aos contidos derivados do uso dos medios dixitais aos únicos efectos de controlar o cumprimento das obrigas laborais e de garantir a integridade de tales dispositivos.
- Garántese activamente o dereito á intimidade no uso responsable da empresa dos dispositivos de vídeo-vixilancia e de gravación de sons no lugar de traballo, así como do circuíto de cámaras de seguridade.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Como factor que incide na planificación da asignación temporal de recursos humanos por parte da empresa está o absentismo.

O cómputo do absentismo baséase no dos días de ausencia mensuais xerados por enfermidade común e accidentes laborais. Deste derívase o dos días non traballados pola persoa ausente e calculase a porcentaxe que estes supoñen sobre o total. Formúlase así, por agregación, un cómputo mensual e anual do indicador, expresado igualmente como porcentaxe.

A taxa media de absentismo en 2021 na Corporación RTVG foi do 7,1%[7], que se corresponde con 129.286 horas; uns valores que deben contextualizarse na persistencia algo mitigada da situación excepcional xerada pola pandemia da Covid-19. En 2020 esa taxa fora do 8,6%.

Horario, períodos de descanso e licenzas articulan o tempo de traballo dos/as empregados/as da Corporación RTVG e a conxunción harmónica deste co dedicado á súa vida persoal, familiar e social

III.6. Políticas de conciliación da vida persoal e profesional dos/as traballadores/as

A Corporación RTVG está comprometida activamente coa conciliación entre a vida profesional dos/as seus/súas empregados/as coa persoal, familiar e social. A suma de criterios, normas e pactos sobre conciliación, a súa concreción en opcións concretas de organización temporal de traballo —horario, períodos de vacacións, días de asuntos propios e as relativas a desconexión—, definen un ámbito das relacións entre a empresa e o seu persoal que pode considerarse comparativamente avanzado e de referencia en termos de contexto sectorial e xeográfico.

Nunha perspectiva de finalidade última a conciliación, como principio e obxectivo, atende a promover unha nova organización do sistema social e económico á escala das necesidades das persoas, consideradas estas nunha perspectiva integral que, por iso, quere harmonizar a laboral coas outras dimensións vitais, tendo como obxectivo a súa calidade de vida e a consecución da igualdade de oportunidades e de trato para homes e mulleres desde o exercicio dunha co-responsabilidade plena no ámbito familiar.

A conciliación na Corporación RTVG define así un conxunto de criterios e medidas que se proxectan nun dobre sentido:

- O respecto polas dimensións vitais dos/as traballadores/as distintas da laboral, e a harmonización humanizadora desas dúas esferas de desenvolvemento persoal.
- A promoción da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

7 .- Sobre días naturais.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En perspectiva normativa as medidas que a concretan catalóganse entre as destinadas a facilitar e fomentar o exercicio co-responsable das obrigas de ambos os dous proxenitores dunha familia.

A conciliación nese sentido é un dereito que ten cobertura na mesma Constitución Española: no Art. 14 —relativo á igualdade efectiva de todas as persoas-, no Art. 39.1— sobre o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia- e no Art. 9.2 -—ue atribúe aos poderes públicos o deber de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas—.

Da súa parte, a "Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes" consagra positivamente ese dereito, encádrao de xeito definido nun horizonte de consecución da igualdade desde a co-responsabilidade e a evitación de calquera discriminación, e pauta a súa concreción efectiva.

No Estatuto dos Traballadores[8] recóllense numerosas medidas para concretalo; medidas susceptibles de ampliarse e mellorarse a escala das empresas no marco da negociación colectiva.

Precisamente o compromiso da Corporación RTVG coa conciliación exprésase no seu Convenio Colectivo como concreción, ampliación e mellora das referencias mencionadas, teleolóxicas e normativas de rango superior e cumprimento obrigado e na mesma aplicación directa desta últimas.

Unha relación das principais medidas é a seguinte:

- Medidas relativas á flexibilidade da xornada laboral. O Art. 33.4 do Convenio Colectivo determina que o persoal con fillos/as menores de doce anos, ou con familiares convivindo que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutra persoa, ou afectado de violencia

8 .-As referencias a este fanse segundo o "Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores".

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de xénero, poderá solicitar a flexibilidade da súa xornada dentro dun horario diario de referencia, podendo cumprila con absoluta liberdade no marco dese horario, de acordo coa regulación interna correspondente e sempre que as necesidades do servizo o permitan. Establécese igualmente en favor destas persoas o dereito preferente a elixir horario ou quenda cando se produza unha vacante nun posto de traballo ou se xere unha nova necesidade, sempre e cando non implique modificar o horario doutros/as traballadores/as.

- Medidas relativas á redución da xornada laboral:
  - Por lactancia. Aplícase de acordo co Art. 37.4 do Estatuto dos Traballadores. O permiso por este motivo constitúe un dereito individual dos/as traballadores/as, homes ou mulleres, pero só poderá ser exercido por un dos proxenitores no caso de traballaren ambos os dous. Concrétase en que as persoas beneficiarias poden reducir a súa xornada laboral nos supostos de nacemento, adopción e acollemento para o aleitamento do/a menor dependente delas ata que este/a cumpra nove meses. Os/as traballadores/as teñen dereito a 1 hora de ausencia do seu posto, que poden dividir en dúas fraccións. Ese tempo é ampliable proporcionalmente en caso de partos ou adopcións múltiples. Quen exerza este dereito pode substituílo por unha redución da súa xornada en 1/2 hora coa mesma finalidade, ou ben acumular o tempo correspondente en xornadas completas nos termos previstos segundo a negociación colectiva. De feito, o Convenio Colectivo regula este permiso como licenza retribuída no seu Art. 41.1.6, ampliando o dereito e permitindo que a persoa poida gozalo como crédito de horas, de xeito separado ou acumulado, para utilizalas libremente durante o primeiro ano de vida do/a acabado/a de nacer.



CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Por enfermidade de familiares. Limítase ás eventualidades de coidado, por razóns de enfermidade moi grave, dun/ha familiar de primeiro grao do/a traballador/a interesado/a. Este/a ten dereito a solicitar unha redución de ata o 50% da xornada laboral, con carácter retribuído, e polo prazo máximo de 1 mes. Se hai máis dun/ha traballador/a da Corporación RTVG titular deste dereito polo mesmo feito causante, o tempo da redución pódese distribuír entre eles/as.
- Por accidente moi grave ou enfermidade moi grave dun/ha menor de idade ou familiar co/a que se convive. Enténdese para eses supostos incluíndo o dereito ao persoal con fillos/as, menores de idade acollidos/as ou cos/as que se convive, ou con familiares que, por enfermidades ou avanzada idade, necesiten asistencia doutras persoas. Concrétase nun permiso retribuído cunha duración máxima de 30 días nos supostos devanditos.
- Por coidado dun/ha fillo/a menor afectado/a por cancro. O Convenio Colectivo, en harmonía co Estatuto dos Traballadores, establece o dereito, sempre que ambos/as e dous/dúas proxenitores/as traballen, a unha redución da xornada como mínimo de 1/2 na eventualidade citada, que se fai extensiva á hospitalización e tratamento continuado por calquera outra enfermidade grave que implique ingreso hospitalario de longa duración. O Convenio Colectivo mellora a disposición do Estatuto dos Traballadores ao manter as retribucións íntegras durante o tempo de redución da xornada.

- Medidas relativas á elección das vacacións. O Convenio Colectivo recoñece no Art. 40.6 o dereito á elección do período de vacacións en favor das mulleres xestantes e a preferencia de elección de mulleres e homes con fillos/as menores de doce anos ou persoas dependentes ao seu coidado directo. No caso de que dúas persoas interesadas concorran nesta solicitude afectando a organización do traballo, o Art. 40.7 establece, entre outros, como criterios preferentes de decisión os seguintes:
  - Que o/a traballador/a teña asignado un período de vacacións a desfrutar cos/as seus/súas fillos/as por acordo ou decisión xudicial.
  - Que o/a traballador/a que teña fillos/as en idade de escolarización obrigatoria.
  - Que o/a traballador/a teña un/ha cónxuxe ou parella que traballe e teña fixadas as vacacións en tempo coincidente con el/a.

No mesmo marco normativo, xeral e de empresa, concretando efectivamente o recoñecemento de dereitos exposto ou en atención a outras eventualidades que afectan aos/ás traballadores/as e aos seus intereses, a Corporación RTVG aplica un conxunto de permisos, licenzas e excedencias que teñen así valor de prácticas de conciliación:

- Permisos e licenzas retribuídas. Compútanse como de servizo efectivo aos/ás beneficiarios/as, de xeito que se garante a plenitude dos dereitos económicos do/a traballador/a con esa condición e, de ser o caso, do/a outro/a proxenitor/a traballador/a. Teñen dereito, unha vez finalizado

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o período correspondente, a se reintegraren ao seu posto de traballo en condicións que non os/as desfavorezan como consecuencia de telo desfrutado, así como a se beneficiaren de calquera mellora nas condicións de traballo establecida durante a súa ausencia del. Os principais permisos retribuídos e licenzas con ese carácter, de entre as que se recollen no Convenio Colectivo, son:

- Nacemento para a nai biolóxica. Segundo o Art. 41.1.17.1, por parto, 16 semanas ininterrompidas, conforme á norma xeral, incrementadas como mellora pola empresa ao abeiro da súa determinación pola Xunta de Galicia. Na eventualidade de parto prematuro ou cando o/a acabado/a de nacer deba permanecer hospitalizado, o permiso amplíase tantos días como a hospitalización, ata un máximo de 13 semanas adicionais. O permiso pódese distribuír de forma descontinua sempre que 6 semanas sexan ininterrompidas e inmediatamente posteriores ao parto. En caso de falecemento da nai, o outro/a proxenitor/a poderá facer uso da totalidade ou, de ser o caso, da parte que reste de permiso.
- Adopción ou acollemento. Segundo o Art. 41.1.17.2, por estas eventualidades, 16 semanas ininterrompidas, conforme á norma xeral. No suposto adicional de desprazamento previo dos/as proxenitores/as ao país de orixe do/a adoptado/a o dereito amplíase a un permiso específico de ata 2 meses durante os que percibirán as retribucións básicas.
- De asistencia e acompañamento a tratamentos de fecundación asistida, exames prenatais e técnicas de preparación do parto. Este permiso recoñécese tanto a cónxuxes como a persoas en convivencia de feito con nais xestantes.
- De acompañamento a familiares para asistencia médica. Os/as traballadores/as, mediando aviso previo, teñen dereito a ausentarse polo tempo indispensable para acompañar en visitas e procesos médicos a persoas maiores dependentes ao seu cargo e fillos/as menores de idade. Con ese fin dispoñen de 3 días ao ano, susceptibles de ampliarse ata 5 se a persoa a acompañar é menor de seis anos, dependente de calquera idade ou a

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

familia é mono-parental. Se o/a interesado/a precisar máis días dos sinalados pode ampliar o seu numero a condición de recuperar o tempo non traballado.

- Licenzas non retribuídas. O Art. 42 do Convenio Colectivo recoñece o dereito aos/ás traballadores/as de, sen formular xustificación ao respecto, obter unha licenza sen remuneración. Concrétase nun período a vontade de entre 1 e 6 meses dentro dun ano natural dado. Esta licenza, se é pedida a efectos de cursar formación, pode ampliarse a 1 curso lectivo.
- Excedencia. En harmonía co Estatuto dos Traballadores, o Convenio Colectivo regula diferentes tipos de excedencias, tanto voluntarias como forzosas. Na eventualidade singular da excedencia por coidado de familiares, o Convenio Colectivo mellora a norma xeral e amplía o período en 1 ano, deixando en 3 os 2 previstos naquela.

A todo este conxunto de medidas súmase a xa mencionada dispoñibilidade de días por asuntos propios referida no Epígrafe III.5.

III.7. Saúde e seguridade laborais

Segundo a coñecida definición da OMS, a saúde é un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades.

A política da Corporación RTVG no ámbito da saúde e seguridade laborais atende á promoción da primeira. Implica isto contribuír positivamente con carácter xeral e subsidiario desde o medio laboral ao seu desenvolvemento e conservación, e, con carácter principal, no mesmo sentido, á consecución dun ambiente laboral san e seguro, atendendo de xeito primordial á prevención de riscos laborais.

Para a "Lei 31/1995,de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais" -LPRL-, en particular o seu Art.4, o risco laboral é a posibilidade de que un/ha traballador/a sufra un determinado dano por causa do seu exercicio laboral, derivándose esa posibilidade da combinación da frecuencia, a probabilidade e as consecuencias que poderían derivarse da materialización dun perigo, entendendo por perigo aquel factor ou situación con capacidade de producir dano en termos de lesións, danos á propiedade, danos ó medio ambiente ou unha combinación deles.

Por tanto, a política da Corporación RTVG neste ámbito proxéctase en dous niveis:

- Un xenérico, constituído por determinadas accións de promoción da saúde que se aludiron en epígrafes anteriores —as medidas de regulación dos horarios e conciliación, no que teñen de humanizadoras da dedicación profesional deben entenderse neste sentido— ou se mencionarán logo neste, así como polas de control e redución do impacto da actividade no medio ambiente —en canto atenden a reducir e evitar danos nel—.
- Un específico, obxecto agora deste epígrafe en particular.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Neste nivel específico o vector determinante é a prevención. Prevención é, segundo o Art. 4 da Lei 31/1995 —LPRL— o conxunto de medidas adoptadas ou previstas no seo dunha empresa con relación a todas as fases e niveis da súa actividade para evitar ou reducir os riscos derivados do traballo.

Do devandito séguese que a política de prevención se proxecta en varias dimensións conectadas entre si:

- A adopción dun marco de referencias normativas e de orde teórica que, en especial no primeiro caso, veñen dadas polo marco xurídico aínda que poden ampliarse como efecto da iniciativa da empresa ou do diálogo entre esta e o seu persoal.
- A identificación en consecuencia dos riscos para a saúde e a seguridade e a súa avaliación.
- A adopción de medidas correctoras e de mellora por ampliación da prevención.
- O desenvolvemento destas.
- O seu seguimento, control e eventual axuste.

A Corporación RTVG, en razón da súa actividade, é unha organización complexa que desprega os seus efectivos en varios centros de traballo e nunha multiplicidade de lugares fóra destes, cunha localización xeográfica dispersa e cun elevado número de traballadores/as de colectivos diferentes, tanto no seu desempeño, coas conseguintes diferenzas de riscos e, así, de necesidades e esixencias preventivas, como en menor medida en virtude do réxime legal aplicable á súa relación contractual con ela.

Desde o tempo dos entes que con outra forma xurídica a antecederon, a Corporación RTVG é unha empresa comprometida na prevención dos riscos que poden afectar a seguridade e a saúde do seu persoal. No actual Convenio Colectivo, na medida que concreta e amplía as obrigas de orde normativa que ao respecto a atinxen, reflíctese ese compromiso expresado como produto do diálogo social.

É así que dar conta dese compromiso esixe glosar o disposto nese documento, en particular no seu Capítulo XV, que contén desde o Art. 96 ao Art. 106, no que se expresa a regulación referente a seguridade e saúde laboral. Nel especifícase:

- A protección da saúde e a seguridade como como obxectivo prioritario para as dúas partes asinantes.
- Un compromiso de asunción dos dereitos e obrigas ao respecto que, con carácter recíproco, se derivan do marco normativo vixente xeral de aplicación, de xeito especial en materia de prevención, particularmente: a LPRL, o "Real decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención", a "Lei 54/2003, de 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais" e o "Real Decreto171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o Art. 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais", así como doutras normas que se poidan ditar durante

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a vixencia do Convenio Colectivo; do disposto nel, e da toma en consideración das normas e recomendacións da OIT e da UE.

- A planificación anual das actuacións en materia de seguridade e saúde laboral, así como a inclusión nelas dos correspondentes estudos e proxectos, a execución de medidas de prevención, control e inspección e os programas precisos de formación do persoal.
- O compromiso por parte da empresa de incluír nos pregos das licitacións unha cláusula determinando ás empresas adxudicatarias se comprometan o estrito cumprimento da normativa laboral xeral e do convenio colectivo que lles sexa de aplicación, en particular, en materia de prevención, saúde e seguridade laborais; mesmo, sendo a Corporación competente, aplicando a normativa propia para satisfacer ese criterio, e fixando que o incumprimento poderá dar lugar á rescisión da relación contractual. Ese compromiso fai explícita a necesaria observancia do Art. 42 do Estatuto dos Traballadores en caso de sub-contratacións.
- O establecemento dunha serie de criterios sobre organización dos servizos e órganos encargados da prevención e, en xeral, de velar pola saúde e seguridade laborais:
  - Un servizo de prevención propio, de seguridade e saúde laboral, coas especialidades de seguridade, ergonomía e psico-socioloxía, sen prexuízo de que as disciplinas de hixiene e vixilancia da saúde son atendidas por un servizo alleo.
  - Un Comité de Seguridade e Saúde, coas competencias e facultades que a LPRL establece no seu Art. 39, como órgano colexiado e paritario composto por todos/as os/as delegados/as de prevención, nomeados/as polos sindicatos atendendo á súa representación, e, en igual número, por representantes da empresa. O articulado relativo a este órgano fixa a periodicidade das reunións e o dereito de convocatoria; as proporcións e maiorías para os acordos.
- Finalmente, o Convenio Colectivo desprega no capítulo e artigos referidos unha serie de determinacións sobre cuestións varias relacionadas coa prevención de riscos en eventualidades ou para colectivos singulares:
  - En canto aos equipos de protección individual —EPI— e a roupa de traballo a preferencia por medidas de seguridade colectivas sobre as individuais; o fornecemento destas, por conta e con cargo á empresa, en función das características dos postos atinxidos e dos resultados das avaliacións de riscos que se realicen, a todos/as os/as traballadores/as que o precisen.
  - Relativamente ao traballo nocturno sublíñase que a empresa prestará especial atención en materia de prevención de riscos laborais ás persoas que o desenvolvan.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O servizo de prevención, como instancia axente da empresa neste ámbito, desenvolve no nivel técnico de deseño e execución a política, programas e medidas correspondentes. A súa función concrétase así en:

- A avaliación dos riscos que poidan afectar á seguridade e saúde do persoal.
- A determinación das prioridades na adopción de medidas preventivas.
- O deseño, coordinación, vixilancia e seguimento dos plans, programas e medidas.
- A supervisión e control técnicos da homologación e funcionamento dos equipos e dispositivos de seguridade.
- A disposición dos medios de prevención e o fornecemento nos termos en que cumpra dos EPI ao persoal.
- A elaboración dos manuais de auto-protección.
- En xeral o fomento dunha cultura preventiva e a promoción desta; en particular a información e formación do persoal, incluíndo expresamente o adestramento específico que poida ser preciso no uso de equipos e dispositivos de seguridade.
- A vixilancia da saúde do persoal en relación cos riscos laborais.
- A prestación de primeiros auxilios dentro das instalacións da empresa.
- A xestión técnica dos servizos externos contratados en materia de seguridade e saúde a efectos de estudos, avaliacións, deseño e implantación de medidas, fornecemento de equipos e dispositivos etc..
- O exercicio no nivel técnico da representación e participación da empresa no Comité de Seguridade e Saúde.
- A xestión da documentación xerada en relación coa prevención de riscos laborais.
- O rexistro dos accidentes de traballo e a xeración das estatísticas correspondentes.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Desde o punto de vista do seu emprazamento orgánico na empresa e dos recursos de que dispón debe dicirse do servizo de prevención que:

- Constitúe unha unidade operativa dentro da estrutura organizativa da Corporación RTVG, dependendo directamente da Dirección do Departamento de Recursos Humanos.
- Por tanto, o persoal que o integra ten unha dedicación íntegra e exclusiva ao desempeño das funcións do servizo.
- Articúlase en dous ámbitos dados polas disciplinas de seguridade e mais ergonomía e psico-socioloxía.
- Conta coas instalacións e medios materiais precisos para desenvolver de xeito eficaz esas funcións.
- Conta como instancia coordinada co servizo médico, xestionado por acordo cun servizo de prevención alleo. O servizo médico está acreditado pola Consellería de Sanidade e incluído así no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Como apoio complementario dispón dun servizo de prevención alleo.
- A conxunción de medios, singularmente a especialización técnico-profesional do persoal dos servizos de prevención propio e alleo, garante a debida inter-disciplinariedade no desenvolvemento de tales funcións, particularmente en relación coas relativas ao deseño preventivo dos postos de traballo, a identificación e avaliación de riscos, o plan de prevención e os plans de formación derivados.

Nunha referencia adicional ao servizo médico devandito, é notable que a súa referida homologación pola Consellería de Sanidade date de 2011, tendo sido obxecto dunha ampliación de medios en 2015. Desde ese ano está adscrito ao Programa Galego de Vacinacións, ofrecendo un servizo ao persoal como punto de vacinación que supón unha contribución á promoción da saúde en sentido xeral e unha medida preventiva en particular.

Un balance xeral en materia de seguridade e saúde laboral leva a concluír, tomando como referencia 2021, que:

- A política de prevención presenta un alto grao de relevancia na dinámica da empresa e que, esa relevancia está ademais formalmente recoñecida no vixente Convenio Colectivo.
- Así, en virtude del e excedendo os termos do marco normativo legal de aplicación común, a participación do persoal no marco do diálogo social no seu impulso, deseño e control está garantida cun igualmente alto nivel de responsabilidade e capacidade.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- O seu nivel de desenvolvemento efectivo en canto establecemento de medidas e disposición de recursos técnicos e humanos é altamente satisfactorio, permitindo cualificar a Corporación RTVG como un medio laboral san e seguro.

Como foi aludido, a política específica descrita da Corporación RTVG no ámbito da seguridade e a saúde proxéctase no sentido da promoción da saúde integral, en si propia e mediante algunhas actuacións singulares de índole sanitaria, converxendo tamén nese sentido as medidas humanizadoras da dedicación laboral de carácter xeral e de conciliación en particular. O marco global desas políticas e medidas é a responsabilidade social corporativa, e nel as de orde preventiva conectan así nalgunhas dimensións concretas coas de protección do medio ambiente.

A política de prevención de riscos laborais presenta un alto grao de relevancia na dinámica da empresa. Está ademais formalmente recoñecida no vixente Convenio Colectivo

En calquera caso, o exercicio 2021 estivo marcado en materia de seguridade e saúde laboral pola resposta en clave de prevención do contaxio á crise xerada pola Covid-19. Esa resposta determinou unha serie de actuacións específicas. As medidas adoptadas, desenvolvendo as indicacións das autoridades sanitarias ou ampliándoas en sintonía coas súas recomendacións, tiveron como finalidade conxugar a preservación do servizo público que presta a Corporación, aínda máis imprescindible en situacións excepcionais para a sociedade como esta, e a garantía da saúde de todo o persoal da organización. O inicio da súa implantación cabe fixalo no mes febreiro de 2020, cando se divulga a primeira información aos/ás traballadores/as sobre a Covid-19 por parte da empresa.

Desde esa data dispuxéronse un conxunto de medidas preventivas, algunhas delas de carácter temporal, con repercusións evidentes de índole organizativa e produtiva, que cabe recapitular:

- Constituíse unha Comisión de Seguimento, dedicándose 3 dos seus membros a un control e seguimento intensivo e continuo deste asunto.
- Instaláronse cámaras térmicas, carteis informativos e sinalizacións horizontais e verticais para regular a distancia interpersoal e a circulación nos espazos. Igualmente instaláronse, en numeroso puntos claves da circulación xeral nas instalacións e nos accesos a despachos e dependencias, dispensadores de elementos desinfectantes: xel, outros fluídos e panos.
- Estableceuse, así mesmo, ampliando os sistemas e prácticas ordinarias de ventilación, un sistema de ventilación obrigatoria, supervisada e controlada, coa apertura de ventás e de portas interiores e exteriores.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Aumentouse a intensidade e o carácter exhaustivo da limpeza das instalacións e dependencias xeneralizando a súa desinfección.
- A partir do mes de abril de 2020 fíxose obrigatorio o uso de máscara por parte a todo o persoal que acceda ás instalacións da Corporación, e para determinados colectivos profesionais tamén se fixo obrigatorio o uso de máscaras FFP2. Desde o 16 de xuño de 2021, ampliouse a obriga de utilización de máscaras FFP2 para todo o persoal. Neste sentido, hai que ter en conta que no exercicio 2021, a empresa fixo entrega de máis de 105.000 unidades desta modalidade de EPI.
- No ámbito especificamente produtivo mantivéronse ao longo de 2021 as diversas medidas implantadas desde un primeiro momento entre as que cómpre destacar:
  - A limitación das reunións presenciais e a determinación da capacidade máxima nas salas de uso compartido.
  - A suspensión ou, alternativamente, redución drástica da presenza física de convidados/as e colaboradores/as de televisión e radio, que, no seu caso, só acceden ás instalacións sen acompañantes.
  - O reforzo das precaución hixiénicas nos servizos de maquillaxe, dotando a cada presentador/a dun neceser persoal cos seus útiles e utilizando elementos dun só uso para as persoas convidadas.
  - A dotación aos equipos que traballan no exterior de pértegas para os micrófonos, e a de espumas de micrófono e fundas de protección destas —especificamente deseñadas e producidas fabricadas a tal efecto— de uso individual exclusivo a cada xornalista e locutor/a.
- En 2020 encargouse un estudo técnico que incluíu a análise sistemática da superficie, volume, aforo e peche, dos espazos; das dinámicas de circulación, medidas de control de acceso, necesidades de uso para manter a continuidade do servizo etc.. Trazando unha cartografía exhaustiva das instalacións, estableceu a partir desa análise unha serie de medias e plans de xestión do uso do espazo, ocupación, circulación de persoas dentro dos edificios e control. Definíronse así as pautas e protocolos debidos, e dotouse a sinalización precisa a respecto destes e a suma dos elementos necesarios para garantir a seguridade e a saúde dos/as traballadores/as; unhas medidas que tiveron continuidade en 2021.

Durante 2021 nos protocolos e medidas inicialmente adoptados fóronse integrando as adaptacións necesarias en virtude da evolución da normativa e das medidas indicadas polas autoridades sanitarias. Esas adaptacións contemplan desde o estudo da situación dos postos de traballo á pro-

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

posta de solución en cada caso relativamente á súa distribución espacial e ás medidas de protección necesarias.

Referíndose xa ao control de incidencias de seguridade e saúde laboral na Corporación RTVG durante 2021 debe indicarse que se computaron 18 accidentes de traballo, dos que 12 deron lugar a baixas, sendo 2 destes "in itinere". Todos os procesos derivados foron cualificados como leves, non se tendo producido, pois, ao longo do exercicio ningún grave nin moi grave; como tampouco se produciu, outra continxencia ningunha de calquera outro tipo neste ámbito.

Para ofrecer a información precisa neste informe relativa a accidentes laborais en 2021 hai que ter en conta o seguinte en perspectiva estatística:

- Os accidentes con baixa intégranse, no seu cómputo de días non traballados, cos derivados por enfermidades comúns para o cálculo do absentismo que xa foi ofrecido no Epígrafe III.5.
- Os accidentes sen baixa non se teñen en conta para calcular o Índice de Frecuencia nin o Índice de Gravidade de Accidentes. En todo caso foron 6 en 2021, afectando a 3 homes e 3 mulleres.
- Os días non traballados que se computan e integran, segundo o caso, nos distintos cálculos son días naturais contabilizados desde o primeiro de baixa por accidente.
- O cálculo do Índice de Frecuencia de Accidentes faise segundo a formula: *Accidentes laborais con baixa, excluídos, os "in itinere" X 1.000.000/Número de horas traballadas*, sendo:
  - Accidentes laborais con baixa, os acaecidos na xornada laboral no período de referencia ou antes del pero xerando nel unha baixa non declarada previamente.
  - Número de horas traballadas, a suma das traballadas pola media aritmética dos/as traballadores/as expostos/as a risco no período de referencia.
- O calculo do Índice de Gravidade de Accidentes faise segundo a formula: *Número de días de traballo perdidos por accidentes laborais con baixa, excluídos os "in itinere", e incluíndo os xerados por recaídas X 1.000/Número de horas traballadas.*

Considerando o anterior, dos datos do sistema utilizado para o rexistro e a presentación de información de estatísticas de accidentes —Sistema delt@: Declaración Electrónica de Traballadores Accidentados do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social—, tíranse os sintetizados nas táboas seguintes e que resumen os indicadores de sinistralidade na empresa en 2021.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

T.8. ACCIDENTES LABORAIS LEVES CON RESULTADO DE BAIXA EN 2020 E 2021 POR TIPO, SEXO E MOMENTO DE OCORRENCIA. VALORES ABSOLUTOS.

2021						2020					
TIPO		SEXO		MOMENTO		TIPO		SEXO		MOMENTO	
Caída	0	Homes	8	Traballo	10	Caída	1	Homes	4	Traballo	2
Golpe	9	Mulleres	4	"In itinere"	2	Golpe	3	Mulleres	1	"In itinere"	3
Outro	3					Outro	1				
TOTAL	**12**		**12**		**12**	**TOTAL**	**5**		**5**		**5**

Fonte: Sistema de Información de Recursos Humanos -e Sistema delt@-. Departamento de Recursos Humanos.

T.9. ACCIDENTES LABORAIS LEVES NO TEMPO DE TRABALLO CON RESULTADO DE BAIXA EN 2020 E 2021, SEGUNDO SEXO E EN TOTAL. DÍAS PERDIDOS EN VALORES ABSOLUTOS E ÍNDICES DE FRECUENCIA E GRAVIDADE.

2021					2020				
SEXO		DÍAS PERDIDOS	FRECUENCIA	GRAVIDADE	SEXO		DÍAS PERDIDOS	FRECUENCIA	GRAVIDADE
Homes	7	338	7,62	0,37	Homes	2	143	2,12	0,15
Mulleres	3	75	5,00	0,12	Mulleres	0	0	0,00	0,00
TOTAL	**10**	**413**	**6.58**	**0,27**	**TOTAL**	**2**	**143**	**1,28**	**0,09**

Fonte: Sistema de Información de Recursos Humanos -e Sistema delt@-. Departamento de Recursos Humanos.

En calquera caso, desde estes datos, que máis que significado estatístico téñeno casuístico, a sinistralidade na Corporación aparece como baixa, o que apunta a un resultado axeitado da política de prevención de riscos laborais. Afírmase isto polo dato xa ofrecido de producírense nela durante 2021 os 12 accidentes citados —2 deles "in itinere"— que deran lugar a baixa, todos con carácter leve e xerando 435 días de absentismo —incluíndo os correspondentes aos accidentes "in itinere"—.

Dos 10 accidentes de traballo derívase un Índice de Frecuencia do 6,58; dos 413 días de baixa que lles corresponden, un Índice de Gravidade de 0,27.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

III.8. Formación

A actividade da Corporación RTVG en materia de formación continua en 2021 articulouse á partida nun plan de carácter ordinario, na liña dos desa índole que, como práctica habitual, se reiteran anualmente con contidos básicos de orde xeral e específica que, sendo de interese do persoal ou da mesma empresa, demandan as diferentes Áreas, Departamentos e Servizos ou, de xeito distinto ou coincidente, se incorporan por indicación dos/as representantes dos/as traballadores/as expresada na Comisión de Formación. Non obstante, a súa aplicación ten o matiz, en continuidade con 2020, de estribarse principalmente en actividades non presenciais por mor da estratexia de prevención da transmisión da Covid-19 adoptada en marzo de 2020.

Con esa característica determinante, unha referencia sintética en cifras a este plan anual ordinario de formación continua, de acordo cos datos das dúas táboas que pechan o epígrafe, pode resumirse nos datos seguintes:

- Cursos, 27.
- Accións formativas, 132.
- Categorías formadas, 42.
- Alumnos/as, 510.
- Asistentes, 1.162.
- Horas impartidas, 746.
- Horas de formación específica acumuladas polos/as asistentes, 8.912,6.
- Resulta disto unha media aritmética de 17,5 horas de formación específica por alumno/a, así como de 7,7 horas, igualmente de formación específica por asistente.
- Tamén, unha media aritmética de 2,3 asistencias a cursos por alumno/a.

Ademais, como datos que ilustran a composición da suma de asistentes, cabe engadir:

- Un 46,5% do total estivo formado por homes e un 53,5% por mulleres.
- Asemade, un 83,5% correspondeu a persoal con contrato fixo ou indefinido e un 16,5% a persoal con contrato temporal.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

T.10. ASISTENTES E HORAS DE FORMACIÓN EFECTIVAS ACUMULADAS NOS PLANS DE FORMACIÓN DE 2020 E 2021, POR CATEGORÍAS SEGUNDO NIVEIS. VALORES ABSOLUTOS.

	2021		2020	
NIVEL E CATEGORÍA	**ASISTENTES**	**HORAS**	**ASISTENTES**	**HORAS**
DIRECTIVOS/AS				
Directivos/as	60	775,65	13	246,0
PROFESIONAIS DE NIVEL 1				
Asesor/a Lingüista	2	8,00	-	-
Enxeñeiro/a Superior de Telecomunicacións	3	16,00	3	39,0
Produtor/a	13	185,00	5	30,0
Realizador/a	7	97,00	5	40,0
Redactor/a	573	2.184,75	97	950,6
Titulado/a Superior	25	514,00	11	506,0
PROFESIONAIS DE NIVEL 2				
Documentalista	6	166,00	-	-
Locutor/a de Radio	51	220,65	4	24,0
Titulado/a Medio/a	13	172,50	4	119,0
PROFESIONAIS DE NIVEL 3				
Analista Programador/a	15	200,00	9	118,0
Técnico/a de Administración	9	86,00	-	-
Técnico/a Electrónico/a de Primeira	11	88,00	18	216,0
Técnico/a de Sistemas	4	23,00	11	146,0
PROFESIONAIS DE NIVEL 4				
Auxiliar de Redacción	42	91,60	6	52,0
Cámara de Primeira	3	12,00	9	59
Deseñador/a Gráfico/a	3	16,00	6	30
Promotor/a	5	140,00	-	-
Reporteiro/a Gráfico/a	36	324,00	41	524,0
Técnico/a de Control	3	21,00	1	4,0
Técnico/a Electrónico	12	106,60	18	214,0
PROFESIONAIS DE NIVEL 5				
Axudante/a de Realización	11	163,50	17	128,0
Locutor/a de Televisión	14	48,45	-	-
Técnico/a de Iluminación	8	158,00	-	-

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

	2021		2020	
NIVEL E CATEGORÍA	**ASISTENTES**	**HORAS**	**ASISTENTES**	**HORAS**
Operador/a de Post-produción	2	28,50	17	242,0
PROFESIONAIS DE NIVEL 6				
Auxiliar de Programas	17	27,50	1	6,0
Oficial Administrativo/a	11	296,00	5	306,0
Oficial Técnico /a Electrónico/a	1	12,00	-	-
Operador/a de Cámara	1	4,00	5	35
PROFESIONAIS DE NIVEL 7				
Auxiliar Administrativo/a	33	798,00	5	375,0
Auxiliar de Programación	1	9,50	-	-
Axudante/a de Produción	22	218,00	11	70,0
Grafista-Titulador/a	5	162,00	1	4,00
Iluminador/a	10	230,50	1	6,0
Operador/a-Montador/a de Vídeo	46	522,00	68	636,0
Operador/a-Produtor/a de Son	16	53,00	-	-
Relacións Públicas	15	267,00	3	135,0
PROFESIONAIS DE NIVEL 8				
Auxiliar de Informativos	4	16,00	-	-
Condutor/a	6	22,00	-	-
Especialista de Montaxe	20	280,50	5	60
PROFESIONAIS DE NIVEL 9				
Almacenista	2	8,00	-	-
Axudante/a de Mantemento	11	41,00	-	-
OUTROS/AS PROFESIONAIS				
Outros/as	10	100,00	2	14
TOTAL	**1.162**	**8.912,60**	**402**	**5.334,6**

Fonte: Sistema de Información de Recursos Humanos. Departamento de Recursos Humanos.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

T.11. RESUMO DE CARACTERIZACIÓN DOS PLANS DE FORMACIÓN DA EMPRESA EN 2020 E 2021 POR ELEMENTOS. VALORES ABSOLUTOS E MEDIAS ARITMÉTICAS DE ASISTENCIAS A CURSOS POR ALUMNO/A, E HORAS DE FORMACIÓN ESPECÍFICA POR ALUMNO/A E POR PARTICIPANTE.

	2021	2020
ELEMENTOS DE CÓMPUTO	VALORES	
Cursos	27	18
Accións formativas	132	30
Categorías atinxidas	42	31
Alumnos/as	510	303
Asistentes	1.162	402
Media de asistencias a cursos por alumno/a	2,3	1,3
Horas impartidas	746	502
Horas de formación efectiva acumuladas	8.912,6	5.334,6
Media de horas de formación efectiva por alumno/a	17,5	17,7
Media de horas de formación efectiva por asistente	7,7	13,3

Fonte: Sistema de Información de Recursos Humanos. Departamento de Recursos Humanos.

Adicionalmente, un dato notable neste ámbito é a sinatura en 2021 por parte da Corporación RTVG, xuntamente con outras empresas públicas galegas que comparten con ela a condición de entes instrumentais do sector público autonómico, dun convenio coa EGAP —Escola Galega de Administración Pública— para o desenvolvemento de actividades de formación. O convenio, ao abeiro do que se levou a termo unha parte dos cursos que se referiron, é susceptible de prórroga por catro anos e ten o valor e interese da disposición mediante el dunha oferta formativa que rubrica e amplía a da propia Corporación en materias administrativas e de xestión, comunicación empresarial etc., ademais do da homologación en si das capacitacións obtidas para as persoas interesadas.

III.9. Xestión da diversidade

Os principios que rexen a prestación do servizo público por parte da Corporación RTVG na Lei 9/2011 e nos instrumentos derivados dela recollen en termos definidos como valores que se lle encomenda promover o respecto á diversidade e a promoción da igualdade entre as persoas. Supón isto un implícito ético que dalgún xeito subliña o compromiso debido da Corporación na dimensión que interesa principalmente a este informe: aquela como organización cara ao seu interior.

Como empresa, o marco xurídico que rexe a organización e as practicas correspondentes da Corporación RTVG nesa dimensión interna desprégase nunha variada serie de imperativos particulares, en distintos niveis e aspectos, que concretan os termos en que facer efectivos os valores de respecto á diversidade e promoción da igualdade.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En sintonía con ese marco o Convenio Colectivo no seu réxime sancionador penaliza calquera tipo de discriminación, cualificándoa de falta moi grave, cunha suspensión de emprego e soldo de 16 a 60 días, ou aínda de despedimento segundo as circunstancias probadas do caso, para o/a traballador/a que incorra nela.

Concretamente, defínese a falta expresamente no Art. 91.4.1 como *"Toda actuación que supoña discriminación por razón de sexo, estado civil, idade, lingua orixe racial ou étnica, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación sexual, afiliación ou non a un sindicato ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social".*

Tamén nese sentido, e con reflexo igualmente dispositivo, está a consideración explícita da discapacidade como unha das causas posibles de acoso laboral no protocolo de prevención deste aprobado en xaneiro de 2019.

O compromiso da Corporación en sentido activo positivo exprésase en dúas liñas que se se incardinan na xestión da diversidade: a integración das persoas con discapacidade e a promoción da igualdade; liñas que se harmonizan e conxugan no conxunto das que plasman a responsabilidade social corporativa. Este epígrafe atende á primeira delas.

Con relación á promoción da integración das persoas con discapacidade, un primeiro nivel de medidas refírese á accesibilidade das dependencias da Corporación, atinxindo polo tanto a aquelas que fan parte do seu cadro de persoal como ás que as visitan noutra condición.

Hai que salientar ao respecto que os centros de traballo da Corporación RTVG están adaptados aos parámetros de accesibilidade para persoas con discapacidades físicas. En particular o complexo central de San Marcos, que congrega a maior parte dos/as traballadores/as, foi obxecto no seu día das reformas pertinentes para o cumprimento da "Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia"; xerando un entorno totalmente libre destas, dotado para iso con ramplas, portas adaptadas e elevadores, entre outras características, que garante unha mobilidade interna practicamente universal.

Un segundo plano de actuacións, con relación directa coas anteriores, e atinxindo ao persoal da Corporación con necesidades especiais é o dado pola adaptación a estas dos seus postos de traballo. Esa adaptación lévaa a termo o servizo de prevención e atende principalmente dous aspectos:

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Adaptación de mobiliario e outros elementos afíns.
- Adaptación ou posta en disposición de programas e aplicacións informáticas e outras ferramentas semellantes. Un bo exemplo neste último sentido e a adopción dunha ferramenta específica desenvolta pola ONCE, da que en 2021 se beneficiou 1 persoa invidente.

Como resultado dos criterios e accións descritos pode afirmarse que os/as traballadores/as con discapacidades da Corporación RTVG non teñen que enfrontar dificultades ergonómica ou instrumentais singulares para o seu desempeño laboral.

Precisamente nun segundo nivel de actuación para a integración da persoas con discapacidades está a política para a súa incorporación ao cadro da empresa.

O impulso máis decidido da integración por parte da Corporación pode datarse a partir de 2012. Na Oferta Pública de Emprego de 193 prazas aquel ano, a última realizada, ofrecéronse vacantes en diferentes Categorías. A OPE de 2021 continúa a liña de incorporar a perspectiva da discapacidade, incluíndo específicamente a intelectual.

A 31 de decembro de 2021 traballaban na Corporación 25,25 persoas con discapacidade.

O dato de referencia para 2020 foi de 24,80 traballadores/as nesa mesma data de fin de exercicio.

Nunha dimensión proxectiva, como servizo público de comunicación, en razón dos principios inspiradores que rexen a súa actividade, dos que se trata no Capítulo V, a Corporación RTVG promove o respecto e a aceptación da diferenza e, mesmo con medidas concretas que entón se refiren no ámbito da accesibilidade aos contidos emitidos, a integración das persoas con necesidades especiais.

III.10. Promoción da igualdade

En canto á promoción da igualdade entre mulleres e homes, o seu horizonte de esixencias vén dado pola "Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdade efectiva de mulleres e homes" segundo o seu texto consolidado do 27 de xullo de 2013.

O contexto inmediato que determina a propia realidade laboral da Corporación RTVG como colectivo en que conviven e colaboran homes e mulleres xa foi caracterizado en canto os datos numéricos ofrecidos en epígrafes precedentes.

Cabe engadir, nunha consideración adicional sobre a composición do cadro, que o acceso ao emprego na Corporación responde, como é preceptivo, a procesos selectivos. Estes réxense nos termos de convocatoria pública de probas debidamente valoradas segundo criterios de formación, méritos ou niveis de experiencia, sendo indistinto o sexo do/a aspirante. En caso de empate na puntuación entre dous/as aspirantes, favorécese á de sexo feminino como medida activa de promoción da igualdade de oportunidades.

Doutro lado subliñouse xa o significado que, como contribución á igualdade, plasmada como responsabilidade compartida, teñen as medidas de conciliación que se describiron polo miúdo.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre este fondo de prácticas consolidadas, que acreditan a asunción da consecución da igualdade a nivel interno, expresando e impulsando un avance social como un obxectivo da Corporación, esta ten en curso medidas de fondo para propiciar un avance cualitativo nesta materia.

Ao longo de 2021 a Comisión de Igualdade continuou traballando no deseño e implantación do Plan de Igualdade, para o que resultou imprescindible integrar todos os aspectos que emanan da nova regulación proposta polo "Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os Plans de Igualdade e o seu rexistro". Ademais do anterior, e para a elaboración da diagnose, foi acordo da Comisión realizar a análise dos datos correspondentes ao ano 2020. Deste xeito proseguise o proceso de compilación e análise de información para ampliar e completar a fase de diagnóstico iniciada nos exercicios precedentes.

A asunción da consecución da igualdade a nivel interno expresa e impulsa un avance social como un obxectivo da Corporación

Ao fío do anterior hai que ter en conta que a nova regulación esixe acadar un acordo para a implantación do Plan de Igualdade. Neste sentido, a devandita Comisión reunise formalmente en 14 ocasións no exercicio 2021. Este dato, conxugado co traballo previo realizado por todas as partes para preparar as reunións e, como xa se dixo, para adaptar o seu funcionamento aos requisitos establecidos pola nova lexislación, evidencian ben ás claras o esforzo negociador que se está levando a cabo nesta materia.

En calquera caso a suma de políticas a favor da igualdade da Corporación tivo unha confirmación externa dese significado en outubro de 2021, cando obtivo, como xa acontecera en 2019 e 2020, o recoñecemento, só atribuído a un 5% das empresas galegas, de "Empresa Igual en Xénero 2020" que outorga anualmente o Servizo Ardán do Consorcio da Zona Franca de Vigo partindo do informe que elabora sobre esa materia a partir do estudo do conxunto das empresas do país.

Noutra orde de cousas, como resultado, a un tempo, da Lei Orgánica 3/2007 —como desenvolvemento das boas practicas que determina— e do Convenio Colectivo, en termos xa apuntados, durante 2018 se levara a termo na Comisión de Seguridade Saúde un diálogo entre e empresa e os/as representantes dos/as traballadores/as para establecer un protocolo de prevención do acoso. Ese protocolo aprobouse segundo o previsto en xaneiro de 2019. Ao tempo constituíuse unha Comisión fronte ao Acoso. O protocolo ofrece unha consideración sistemática aplicada á Corporación RTVG coa finalidade descrita.

Como apuntamento final deste capítulo, quere subliñarse a singular proxección que sobre a política de persoal en perspectiva social e humanizadora, con incidencia en esferas como a normativa, a promoción da saúde, a conciliación, a atención á diversidade e a promoción da igualdade ten a adhesión da Corporación RTVG ao Pacto Mundial das Nacións Unidas polos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable segundo a referencia dos capítulos IV e V deste documento.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

IV. CONTROL DA ACTIVIDADE: PRINCIPIOS, OBRIGAS, CRITERIOS E MEDIDAS

IV.1. Referencias xerais

Este capítulo dá conta dos principios, obrigas, criterios e medidas aplicadas pola Corporación RTVG en termos de control da legalidade e adecuación normativa e ética da súa actividade e dos procesos que a articulan proxectándose na garantía do cumprimento da súa misión, da legalidade da contratación, da transparencia e da loita contra a corrupción.

Antes de enunciar esa relación, en termos igualmente da información debida, deben facerse varias indicacións:

- A natureza dos elementos de control que se enumeran e a súa divulgación e coñecemento polos axentes atinxidos en cada un dos ámbitos correspondentes fai que o seu coñecemento e obriga ou compromiso de observancia deba entenderse xeneralizado a tales axentes, sexan estes o persoal da empresa, os seus directivos, fornecedores e clientes ao nivel e con relación á materia que lles cómpre en cada caso.
- O conxunto de controis en materia de fiscalización de orde económico-financeira e contractual que se describen neste capítulo, particularmente nos epígrafes do IV.3 ao IV.7, en canto derivados da condición xurídica especifica da Corporación supoñen de feito un dispositivo de vixilancia e detección de eventuais infraccións, ao tempo que propician unha mellora de cumprimento. No caso do lavado de capitais, dada a singularidade e as características e natureza das relacións comerciais e os ingresos derivados para a Corporación RTVG, resulta virtualmente impracticable por esa vía. É así que a Corporación non aplica outros procedementos adicionais específicos a respecto desa cuestión en concreto.
- Sobre eventuais casos de corrupción que impliquen a responsabilidade directa ou subsidiaria da Corporación continúa aberto o expediente citado no pasado exercicio 2019. Así, con data 3 de febreiro de 2020, o Xulgado Central de Instrución nº 2 da Audiencia Nacional, a instancia do Ministerio Fiscal dispuxo a ampliación do procedemento contra catorce entes televisivos, entre os que figura a Corporación RTVG. No texto do auto non se ofrece ningunha consideración particularizada da Corporación.
- A información íntegra que se enumera neste capítulo está disposta no Portal de Transparencia integrado no portal corporativo na Rede dentro do bloque de "Información

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

institucional", na páxina dedicada a "Referencias Legais e Control da Actividade", baixo a rúbrica "Actuacións de control da actividade da Corporación RTVG: Actuacións de control da actividade da CRTVG no ámbito do cumprimento da súa misión, da contratación, da transparencia e da loita contra a corrupción". Significa isto unha comunicación activa explícita á totalidade do persoal da política, obrigas e normas ao respecto da empresa en materia de control da actividade e loita contra a fraude e a corrupción.

IV.2. Principios inspiradores da actividade da Corporación RTVG

A Lei 9/2011 recolle no seu Art. 4 os principios inspiradores da actividade de comunicación audiovisual da Corporación RTVG. Pola súa parte o Art. 20 do Mandato Marco da Corporación RTVG establece os obxectivos programáticos segundo os que debe fomentar e potenciar unha serie de valores.

IV.3. Fórmulas de control específicas da Corporación RTVG

A Lei 9/2011 establece diversas fórmulas de control especificas da actividade realizada pola Corporación, tanto internas como externas. Así mesmo o Mandato Marco e os seus Estatutos sociais desenvolven, en clave de execución operativa esas fórmulas nos termos que seguen.

1. Control Interno. Corresponde ao Consello de Administración.

- Ao Consello de Administración da Corporación RTVG, cuxos membros son elixidos polo Parlamento de Galicia, cómprelle a administración e o control da Corporación RTVG —Art. 13 da Lei 9/2011—.
- O Consello de Administración da Corporación RTVG realiza as funcións de control a través dos seguintes órganos: o Pleno e as Comisións de participación, asesoramento ou de control interno, nomeadamente da Comisión de Economía e Control —á que se refiren o Art. 12.3 e mais o Art. 28 da Lei 9/2011, e o Art. 20 dos Estatutos sociais—.
- No ano 2021 o número de plenos celebrados foi de 13 ordinarios.
- As comisións do Consello que desenvolveron traballos sectoriais son as seguintes: Comisión de Regulamento e Réxime Interior; Comisión de Programación; Comisión de Recursos Humanos; Comisión de Renovación Tecnolóxica e Novas Canles e Comisión de Igualdade e Responsabilidade Social Corporativa.

2. Controis externos.

- Control Parlamentario. Segundo o Art. 48 da Lei 9/2011 o Parlamento de Galicia exerce o control da xestión e do cumprimento da función de servizo público encomendada

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

á Corporación RTVG, a través da Comisión Permanente de Control da Corporación RTVG. Esta comisión reúnese de forma habitual unha vez ao mes, comparecendo perante ela o/a Director/a Xeral. Ademais, con carácter anual, presenta a esa comisión parlamentaria un informe referido á execución do Mandato Marco e unha memoria sobre a execución da función de servizo público encomendada relativa ao conxunto das súas actividades, programacións, servizos e emisións. Igualmente, unha vez formuladas e aprobadas, as contas anuais son remitidas ao Parlamento de Galicia para o seu coñecemento, debendo o/a Director/a Xeral comparecer perante a comisión de control parlamentario correspondente Art. 45.2 da Lei 9/2011.

— Control pola autoridade audiovisual. De conformidade co Art. 49 da Lei 9/2011-a autoridade audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia é a encargada de avaliar se os novos servizos significativos que se pretendan desenvolver pola Corporación RTVG se axustan á misión de servizo público encomendada e se alteran a competencia no mercado audiovisual. Durante a avaliación débeselle outorgar audiencia aos/ás distintos/as interesados/as, e os seus resultados deberán publicarse. Ademais, a autoridade audiovisual establecerá un procedemento para que se poida solicitar a súa intervención no caso de incumprimento da función de servizo público. Así mesmo, a autoridade audiovisual determinará un procedemento de control periódico do financiamento público que reciba a Corporación RTVG, así como as medidas de re-equilibrio necesarias para que o seu destino sexa o establecido. Do mesmo xeito, en atención ao Art. 6 do Mandato Marco da Corporación RTVG esta autoridade audiovisual exerce as competencias de supervisión, control e protección activa, así como a potestade sancionadora, en relación coa actividade corporativa, para garantir o cumprimento do disposto na Lei 9/2011 e o resto de normativa de aplicación. É de notar que a Disposición Final quinta da Lei 9/2011 establece que mentres non se aprobe a norma que regule ou encomende as funcións da autoridade audiovisual terá esta consideración quen as viñese exercendo.

IV.4. Controis derivados da Execución da Lei 1/1999, do Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia

A Lei 9/2011, no seu Art. 43, dispón que o réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, de intervención e de control financeiro da Corporación RTVG se someterá ao establecido no Art.103.3 da "Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia" e nas demais disposicións que lle sexan aplicables.

Tamén o Art. 44.3 regula que o réxime económico-financeiro de contabilidade e control da Corporación RTVG será o establecido pola lexislación de réxime económico e orzamentario da Comunidade

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Autónoma de Galicia para as sociedades mercantís autonómicas, sen prexuízo da aplicación do previsto na lexislación audiovisual de carácter básico aprobada polo Estado.

Ademais, a contabilidade pública da Corporación RTVG queda sometida á verificación ordinaria e extraordinaria a cargo dos/as funcionarios/as dependentes da Intervención Xeral da Comunidade e dos que, no seu caso, designe o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas —Art. 116 do "Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia"—.

Para a tramitación de expedientes de contratación e de encomendas de xestión, cando o seu valor estimado sexa superior a 4.000.000 de euros requírese autorización previa do Consello da Xunta Art. 46.1, da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

IV.5. Controis operativos na contratación

O Art. 47 da Lei 9/2011 establece que a Corporación RTVG axustará a súa actividade contractual aos principios de publicidade e concorrencia, con suxeición ao disposto na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público -actualmente "Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos o Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. Sen prexuízo do anterior, a actividade contractual da Corporación RTVG réxese polo ordenamento xurídico privado.

En virtude do devandito a Corporación RTVG está suxeita aos controis seguintes, o primeiro dos cales exerce internamente de xeito ordinario sendo os outros externos e periódicos e/ou específicos:

1. Controis asociados á contratación administrativa. A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. RTVG) ten a consideración de poder adxudicador pero sen posuír carácter de administración pública. Diso resulta efectivamente que nos seus procesos de contratación administrativa está suxeita á Lei 9/2017 e demais normativa de contratación administrativa. Conta ademais cun repertorio normativo interno de procedementos de soporte e contratación encamiñados a establecer e definir os protocolos de actuación así como a verificación das decisións e accións que constitúen os seus pasos sucesivos, e a identificación das unidades e responsabilidades das persoas que participan en cada fase do proceso.
2. Control da Intervención Xeral previo á adxudicación de contratos. Conforme á "Resolución do 31 de marzo de 1999 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta da Galicia do 18 de marzo de 1999, no que se lle dá aplicación á previsión

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do artigo 103 do Real Decreto 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, respecto do control financeiro", a Corporación RTVG remite expediente informativo á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma sobre todos os expedientes de contratación, excluídos os menores por contía, que supoñan a realización dun gasto, para o seu preceptivo informe previo a adxudicación dos contratos. En 2021 o número de expedientes adxudicados que foron remitidos e informados foi de 28, cun importe total de licitación de 6.167.066,27 € —IVE incluído—. Todos estes expedientes foron tramitados por procedemento aberto, o que implica que calquera empresa ou empresario/a con interese puido presentarse ás licitacións correspondentes, agás no caso de 2 expedientes, por un importe total de licitación de 322.743,30 € —IVE incluído—, xestionados mediante procedemento negociado sen publicidade ao amparo do artigo 168 da LCSP que regula os supostos de aplicación do procedemento con negociación sen publicidade, que indica que os órganos de contratación poderán adxudicar contratos utilizando o procedemento negociado sen a previa publicación dun anuncio de licitación, entre outros motivos, cando as obras, as subministracións ou os servizos só poidan ser encomendados a un empresario determinado, cando non exista competencia por razóns técnicas, ou que proceda a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial. A cifra primeira total distribúese por tipoloxía de contrato, segundo a materia á que se destina, do xeito seguinte:

A Lei 9/2011 establece diversas fórmulas de control especificas da actividade da Corporación, tanto internas como externas. O Mandato Marco e os Estatutos sociais definen a súa execución operativa

— Un 71,64% dedicouse a contratos de servizos.

— Un 20,06%, a contratos de subministracións.

— O 8,30% restante a contratos de obras.

3. Control da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia -Amtega-, previa á contratación de equipos e sistemas TIC. O "Decreto 163/2012, do 26 de xullo, polo que se derrogan o Decreto 290/1992, do 8 de outubro, polo que se modifica a composición e funcións da Comisión de Informática da Xunta de Galicia e o Decreto 275/1997, do 1 de outubro, polo que se crea a Subcomisión de Informática Educativa" indica na súa

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición Transitoria Única que as consellerías e entidades públicas instrumentais cuxos servizos en materia de tecnoloxías de información e comunicación non fosen asumidos pola Amtega deberán remitir a esa axencia pública autonómica, antes da súa aprobación polo órgano competente, as propostas de adquisición de elementos, equipamentos, sistemas ou servizos informáticos, así como os pregos dos correspondentes expedientes de contratación, coa finalidade de solicitar o seu informe preceptivo sobre a adecuación destes á política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións. Exceptúanse da obriga de solicitar o informe aos expedientes que teñan a condición de gasto menor.

4. Control da Intervención Xeral con carácter de intervención posterior. A actividade contractual da Corporación RTVG está sometida por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a auditorías ou revisións de control financeiro periódicas, con carácter de intervención posterior, de conformidade co disposto no Art. 103 e seguintes da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia —Decreto Lexislativo 1/1999—. En 2021 o número de actuacións de control realizadas foi de 1 atendendo á execución orzamentaria da Corporación no exercicio de 2019, así como á legalidade da xestión do persoal, da contratación e rexistro de facturas e mais dos ingresos.

5. Control do Consello de Contas. De acordo coas previsións da "Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia", este organismo desenvolve unha fiscalización da actividade contractual das entidades instrumentais do sector público autonómico.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

IV.6. Medidas de transparencia sobre actividade contractual e estado financeiro

Con independencia de referir logo as medidas determinadas pola normativa específica de aplicación sobre transparencia, hai que indicar catro tipos destas directamente relacionadas coa actividade contractual e o estado financeiro da Corporación:

- A Corporación RTVG publica no Portal de Contratos Públicos de Galicia e na Plataforma de Contratos do Estado todos os expedientes suxeitos a licitación pública, 28 adxudicados en 2021, cos seguintes datos mínimos: a memoria xustificativa; o informe de insuficiencia de medios -nos contratos de servizos-; a xustificación do procedemento; os pregos de cláusulas administrativas particulares —PCAP— e de prescricións técnicas —PPT— ou documentos equivalentes; a aprobación do expediente; o obxecto detallado, a duración, o orzamento base de licitación e o importe de adxudicación —incluído o IVE—; os anuncios de información previa, convocatoria, adxudicación e formalización e, no seu caso, de modificación de contratos —e a súa xustificación—, os anuncios de concurso de proxectos; os medios de publicación do anuncio e as ligazóns a esas publicacións; o número e identidade dos/as licitadores/as participantes; as actas das mesas ou resolucións; os informes de valoración de criterios cuantificados por xuízos de valor de cada unha das ofertas e os informes sobre ofertas anormalmente baixas; a resolución de adxudicación do contrato e o contrato; a decisión —de ser o caso— de non adxudicar o contrato ou de non celebralo; a desistencia do procedemento; a declaración de deserto ou os procedementos anulados; a interposición de recursos e a eventual suspensión temporal dos contratos pola súa interposición, e a composición das mesas de contratación.
- A Corporación publica no seu Portal de Transparencia dentro do corporativo na Rede e na Plataforma de Contratos de Galicia a súa actividade contractual formalizada mediante contratos menores.
- Así mesmo remite anualmente ao Ministerio de Economía e Empresa, a través da Consellería de Facenda, a súa actividade contractual, conforme ao requirido pola Lei 9/2017.

IV.7. Controis asociados á execución operativa do "Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital".

O Art. 45 da Lei 9/2011 determina que as contas anuais da Corporación RTVG se rexerán polos principios e normas de contabilidade recollidos no Plan Xeral Contable e deberán ser revisadas por auditores/as de contas de acordo co disposto na lexislación mercantil.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Da súa parte, o Art. 263 e seguintes do "Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital" determinan como se realiza esa a verificación das contas anuais polos/as auditores/as. De acordo con isto, en 2021 a Corporación RTVG levou a cabo a auditoría correspondente.

IV.8. Medidas propias de regulación da adquisición de programas destinados a comunicación audiovisual

Sendo este tipo de adquisicións parte característica da actividade da Corporación RTVG e estando a súa contratación excluída da normativa de contratación pública en atención ao Art. 10 da "Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014", a Corporación, mediante a "Resolución da Dirección Xeral da Corporación RTVG, de 28 de xuño de 2011, pola que se aproba o procedemento de presentación de proxectos de programas e producións audiovisuais de interese para Televisión de Galicia, S.A.", dispón dunha norma a tal efecto. A norma en cuestión está publicada no portal corporativo na Rede.

IV.9. Controis asociados ao cumprimento da normativa de comunicación audiovisual

A "Lei 7/2010, de 31 de marzo, xeral da Comunicación Audiovisual" regula o procedemento sancionador en materia de comunicación audiovisual no Art. 55 e seguintes.

Nese marco legal as Comunidades Autónomas exercen as competencias de supervisión, control e protección activa para garantir o cumprimento do previsto nel e, no seu caso, teñen potestade sancionadora en relación cos servizos de comunicación audiovisual cun ámbito de cobertura, que non exceda dos seus limites territoriais.

IV.10. Protección de datos, confidencialidade, seguridade para o uso informático e o uso de redes sociais

De acordo coas esixencias legais rubricadas coa entrada en vigor da Lei Orgánica 3/2018 cobra un especial relevo a figura do/a Delegado/a de Protección de Datos. No desempeño das funcións que lle cómpren responsabilízase de supervisa o cumprimento do establecido na referida normativa, atendendo a todas as dimensión implicadas que inclúen a revisión dos sistemas de arquivo e destrución de documentos, a vixilancia do cumprimento das normas de respecto pola intimidade aludidas no Capítulo III etc..

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Coa entrada en vigor da Lei Orgánica 3/2018 xa non existe a obriga de realizar as auditorías dos ficheiros de datos de carácter persoal e nivel de seguranza medio e alto inscritos no Rexistro Xeral de Protección de Datos que prevía o artigo 96.1 do "Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal". Aínda así, a Corporación RTVG mantén esa práctica para verificar o cumprimento da normativa correspondente, realizándose por tanto en 2021 a auditoría en cuestión.

Ademais da norma de aplicación xeral, A Corporación RTVG estableceu unha Normativa sobre o Uso dos Sistemas de Información da Corporación RTVG. Ten por obxecto regular o uso deses sistemas na organización, especialmente daqueles que conteñen e procesan datos de carácter persoal, rexistrados ou plasmados en papel e/ou en soporte dixital, e que se utilicen tanto no espazo interno e/ou a rede corporativa interna —intranet— coma en terminais que a empresa poña a disposición dos/as seus/súas empregados/as ou colaboradores/as para o desenvolvemento das súas funcións —ordenadores portátiles, teléfonos móbiles etc—-; todo iso co dobre obxectivo de protexer a información da organización e o bo desenvolvemento da súa actividade, así coma de cumprir a devandita lexislación vixente na materia.

Doutro lado a Corporación RTVG ten elaborada e publicada, estando dispoñible no portal corporativo na Rede, unha Normativa Social Media. Nela regúlase a forma de difusión das producións da empresa a través de redes sociais, páxinas na rede e blogs.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

IV.11. Controis e autorregulación de carácter ético

Con independencia das normas e controis citados, a Corporación RTVG aplica varios conxuntos de normas de diferente natureza, rango e alcance, e dispón documentos informativos e/ou programáticos co obxectivo de regular en clave de boas prácticas e/ou dotar de transparencia a determinadas dimensións da súa actividade:

- Código Ético institucional. A Corporación RTVG aplica directamente o Código Ético institucional da Xunta publicado por "Resolución do 8 de setembro de 2014, conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 polo que se aproba o Código Ético institucional da Xunta de Galicia", subscribindo os licitadores declaración responsable mediante a cal manifestan coñecer o contido e alcance do tal código.
- Plan Xeral de Actuación da Corporación Radio e Televisión de Galicia. Publicado no portal corporativo na Rede, o seu contido foi aprobado polo Consello de Administración o 19 de decembro de 2019. Ese documento permite coñecer as liñas de actuación en todas as áreas de actividade da Corporación: Área Económico-Administrativa e de Xestión, Área Xurídica, Área de Recursos Humanos, Área de Explotación Comercial, Área de Soporte Tecnolóxico, Área de Organización, Área de Captación e Xeración de Contidos, Área de Programación, Difusión e Explotación de Contidos, Área de Servizo Público e Xeración de Sinerxía Sectorial, Área Institucional e Área de Proxección Social, xunto coas medidas correspondentes.
- Instrucións e normas varias de supervisión e control publicadas na portal corporativo na Rede, onde se detalla a súa procedencia e aplicación.
  - Instrución sobre boas prácticas na xestión de contratos de servizos.
  - Normativa de Uso dos Sistemas de Información.
  - Código de autorregulación sobre contidos televisivos e infancia.
  - Principios xerais de programación.
  - Recomendación sobre o tratamento da discapacidade nos medios de comunicación.
  - Recomendacións do Consello de Administración da Corporación RTVG sobre o tratamento dos casos de violencia machista nos medios de comunicación públicos galegos.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



- Normas reguladoras da Comunicación Comercial Audiovisual emitida a través das canles e servizos conexos e interactivos da Corporación RTVG.
- Criterios reitores da dirección editorial da CRTVG.

Como se ve, algunhas destas normas e orientacións proxéctanse xa no ámbito das referencias de valores que informan o servizo público e apuntan así nunha liña axiolóxica converxente coa que informa a responsabilidade social corporativa —obxecto do Capítulo V—.

En todo caso, como xa se apuntou, insistíndose no Capítulo V, como expresión desa responsabilidade pero con implicacións en canto regulación e control exercido voluntariamente, cabe destacar que a Corporación RTVG é membro da Asociación para a Autorregulación da Comunicación Comercial. Tamén a súa adhesión ao Pacto Mundial das Nacións Unidas polos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable desde o 24 de outubro de 2011, e así aos tales obxectivos que formula, nas áreas de dereitos humanos, normas laborais, medio ambiente e loita contra a corrupción, sendo aquí especialmente destacable este último aspecto. Polo tanto está comprometida obxectivos e mais cos 10 principios deste nas citadas áreas de dereitos humanos, normas laborais, medio ambiente e loita contra a corrupción.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

IV.12. Actuacións asociadas ao cumprimento das obrigas de transparencia e publicidade na actividade pública establecidas na "Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno" e a "Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e autorregulación de carácter ético"

O Mandato Marco da Corporación RTVG dispón no seu Art. 17 que esta establecerá medidas para garantir a transparencia na súa actividade, de acordo coa normativa vixente.

A estes efectos, a Corporación, con independencia do xa sinalado ou de reiteralo, publica de maneira periódica e actualizada a información cuxo coñecemento é relevante para garantir a transparencia da súa actividade desde o punto de vista de dar conta do seu funcionamento e facer posible de xeito directo o control da súa actuación pública, establecendo sistemas para integrar a xestión das solicitudes de información da cidadanía.

Para iso, no portal corporativo na Rede intégrase un Portal de Transparencia en que a información, convenientemente actualizada ao longo do ano, se dispón de acordo coa seguinte estrutura temática:

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Información Institucional:
  - Descrición da entidade.
  - Consello de Administración.
  - Organigrama e equipo directivo.
  - Director Xeral.
  - Equipo directivo.
  - Organigrama.
- Referencias legais e control da actividade:
  - Lei dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia.
  - Mandato Marco.
  - Estatutos.
  - Criterios reitores da dirección editorial.
  - Actuacións de control da actividade da Corporación RTVG.
  - Lei de creación da Compañía Radio-Televisión de Galicia.
- Anuncios corporativos.
- Definición estratéxica.
- Identidade corporativa:
  - Normativa social media.
  - Manual de identidade.
- Actividade Corporativa.
- Orzamentos e contas anuais:
  - Orzamentos.
  - Evolución orzamentaria e da achega institucional.
  - Contras anuais e informe de xestión e auditoría.
- Contratos e convenios:
  - Convenios asinados pola Corporación RTVG.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Perfil do Contratante:
  - Administración electrónica.
  - Proxectos Audiovisuais.
  - Parque Móbil da Corporación RTVG.
- Recursos humanos:
  - Convenio Colectivo.
  - Retribucións e cadro de persoal.
  - Presenza de mulleres.
  - Anuncios de emprego.
  - Listaxes de contratación.
- Rendibilidade social:
  - Audiencias.
  - Informe de servizo público.
- Plan Xeral de Actuación.
- Responsabilidade Social Corporativa —RSC—:
  - Pacto Mundial das Nacións Unidas.
  - Autorregulación.
  - Campañas RSC.
  - Responsabilidade Social Corporativa —RSC—.
- Interacción con usuarios/as:
  - Contacta.
  - Preguntas frecuentes.
  - Directorio.
  - Información comercial.
  - Servizo de Documentación.
  - Portal de Transparencia da Comunidade Autónoma.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

IV.13. Política de prevención de delitos

Durante o exercicio 2020 elaborouse unha Política de Prevención de Delitos na Corporación RTVG, da que o documento que recolle o modelo implantado consta no Portal de Transparencia. Esta Política foi sometida á consideración da representación do persoal e do Consello de Administración, estudándose as achegas e contestándose oportunamente as alegacións formuladas. A súa aprobación e implantación tivo lugar en 2021.

Configurouse un Órgano de Supervisión con tres integrantes. Este tivo como actividades centrais durante o exercicio:

- O desenvolvemento dunha auditoría interna nesta materia.
- A disposición dunha canle de denuncias.
- A divulgación do modelo, a formación nel e a xestión do seu coñecemento e compromiso con el por parte do persoal.
- A remisión dun texto informativo por correo electrónico a fornecedores/as cos que se mantén unha relación contractual e aos/ás que prestan na actualidade servizos externos.
- A inclusión de cláusulas relativas ás obrigas, responsabilidades e eventuais penalidades derivadas en diversos documentos que os requiren: pregos de condicións, contratos con fornecedores/as externos/as e contratos co persoal —con cláusulas adicionais sobre o deber de garda da información confidencial e a política de protección de datos—.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

V. RESPONSABILIDADE SOCIAL

V.1. Referencias xerais

A efectos da información demandada, a Corporación CRTVG presenta unha serie de particularidades:

A súa proxección social é inherente á súa natureza mesma de operador do mercado da comunicación audiovisual con función de servizo público. Pode dicirse así que a súa interacción co público e a sociedade se dá primordialmente e de xeito substancial no plano do simbólico: as ideas, os valores e as mensaxes. Desde este punto de vista cabe sinalar toda unha deontoloxía que está condensada en documentos xa citados nos máis dos casos noutros capítulos deste informe. En última instancia, formalmente, nace dos valores que a Lei 9/2011 lle encomenda respectar e promover.

Parafraseando o seu Art. 4 que se refire aos seus principios inspiradores, este enumera, limitándose a aqueles cunha dimensión ética explícita:

- Os dereitos e liberdades recollidas na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia.
- O reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia.
- O respecto á dignidade humana, ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe.
- A promoción activa da igualdade entre homes e mulleres, que inclúe a igualdade de trato e de oportunidades, o respecto á diversidade, á diferenza, a integración da perspectiva de xénero, o fomento de accións positivas e o uso da linguaxe non sexista.
- A protección da mocidade e a infancia.
- A obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa, así como o respecto á liberdade de expresión e á formación dunha opinión pública plural.
- A garantía do dereito das persoas con discapacidade ao acceso de forma efectiva aos contidos emitidos.
- A garantía dos dereitos dos/as consumidores/as e usuarios/as en relación coa programación, coa publicidade e coas outras modalidades de promoción comercial.
- O fomento do coñecemento dos valores ecolóxicos e do respecto e protección do medio ambiente.

O certo é que o Mandato Marco, os Estatutos e os "Criterios reitores da dirección editorial da CRTVG", aprobados polo Consello de Administración 25 de abril de 2018, veñen insistir nestes apuntamentos.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Abunda nese sentido que o carácter de empresa pública da Corporación implica unha serie de controis de supervisión e fiscalización de base normativa do cumprimento deses principios que contribúe de xeito eficaz a que non se vexan comprometidos. En todo caso, como resultado dos mecanismos de control en 2021 non se xerou procedemento formal ningún respecto de eventuais deficiencias ou incumprimentos respecto deles.

Noutra escala cabe afirmar o mesmo na perspectiva do amplo conxunto normativo glosado no capítulo precedente que articula o conxunto íntegro dos controis legais que, en toda a diversidade de materias que a atinxen, rexe as actividades da Corporación.

Con todo, considerando o anterior e atendendo igualmente as demandas de información que se entende que se remiten a este informe debe expresarse o seguinte con carácter de referencia xeral, e particular para 2021, para satisfacela:

- A Corporación RTVG non xera prexuízos ao medio ambiente que puideran considerarse en clave de impacto.
- Non presta tampouco servizos nin vende produtos ao público que poidan supor un risco para a súa saúde e seguridade.
- Así mesmo, a Corporación RTVG, en razón da súa natureza xurídica e actividade, da localización de todos os seus centros produtivos en territorio español, do conxunto de controis e normas descrito no Capítulo IV, incluíndo nomeadamente os derivados de compromisos de autorregulación, especialmente o Pacto Mundial das Nacións Unidas polos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable, e dos seus principios inspiradores, entende que non lle cómpre aplicar determinados criterios especiais de vixilancia do respecto polos dereitos humanos.

Por tanto enténdese que non é pertinente neste informe ningunha outra referencia a estas cuestións. Tampouco a información de carácter fiscal, por canto non cumpre con ningún suposto que faría revelador detallala, dado o seu réxime económico. En todo caso a conta de resultados do exercicio 2021 da Corporación RTVG, S.A. presenta unha base impoñible do Imposto de Sociedades negativa e, en consecuencia, a liquidación do imposto ten valor cero. Esa mesma situación de base impoñible negativa dérase segundo a conta de resultados de 2020. Ademais, para compensar a especial carga de servizo público da actividade dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a Corporación recibiu no ano 2020 unha achega patrimonial e unha subvención de capital da Comunidade Autónoma por importe de 103.013.022 €, que en 2021 foi de 103.478.478 €.

Deste xeito o apartado seguinte refire a información sobre contratación e provedores.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

V.2. Cláusulas sociais, sub-contratación e provedores/as

Na súa consideración de poder adxudicador sen carácter de administración pública e, polo tanto, nos seus procesos de contratación administrativa, a Corporación CRTVG está suxeita á Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e demais normativa de contratación administrativa de aplicación.

Conta ademais, como se indicaba no Capítulo IV, cun repertorio normativo interno de procedementos de soporte e contratación encamiñados a establecer e definir os protocolos de actuación e mais a verificar as decisións e accións que constitúen os seus pasos sucesivos e a identificar as unidades e responsabilidades das persoas que participan en cada fase do proceso.

Por outra parte, a actividade contractual da Corporación RTVG está sometida a diversos controis periódicos externos, igualmente mencionados no Capítulo IV, a respecto dos que agora debe lembrarse que:

- Conforme á "Resolución do 31 de marzo de 1999 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta da Galicia do 18 de marzo de 1999, no que se lle dá aplicación á previsión do artigo 103 da Lei 11/1992, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia", respecto do control financeiro, a Corporación remite expediente informativo a Intervención Xeral da Xunta de Galicia de todos aqueles contratos, excluídos os menores, que supoñan a realización dun gasto para o seu preceptivo informe, previo a adxudicación dos contratos.
- Con base no Decreto 163/2012 son obxecto de informe preceptivo, previo á licitación, os expedientes de contratación que teñan por obxecto a de elementos, equipos, sistemas ou servizos informáticos.
- A actividade contractual está suxeita igualmente por parte da Intervención Xeral da Xunta de Galicia a auditorías ou revisións de control financeiro periódicas, con carácter de intervención posterior, de conformidade co disposto no Art. 107 do Decreto Lei 1/1999.
- En clave de transparencia na contratación a Corporación publica no Portal de Contratos Públicos de Galicia e na Plataforma de Contratos do Estado a información de todos os seus expedientes suxeitos a licitación pública, así como a totalidade da súa actividade contractual formalizada mediante contratos menores no seu Portal de Transparencia dentro do corporativo na Rede e na Plataforma de Contratos de Galicia.
- E, como tamén se detallou no capítulo IV, a Corporación RTVG aplica directamente o Código Ético Institucional da Xunta que obriga a quen licita a asinar unha declaración responsable mediante a cal manifesta coñecer o seu contido e alcance.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- A isto todo súmase desde este exercicio de 2021 unha cláusula nos contratos externos sobre a súa resolución inmediata en dándose incumprimentos da política de prevención de delitos.

Debe insistirse tamén na publicación extensa e polo miúdo da documentación xerada nos procesos de licitación no Portal de Contratos Públicos de Galicia e na Plataforma de Contratos do Estado, así como da actividade contractual formalizada mediante contratos menores tamén naquel. O mesmo que na remisión anual ao Ministerio de Economía e Empresa, como fixa a Lei 9/2017, a través da Consellería de Facenda da información relativa á súa actividade contractual.

Neste marco de referencias agora recapituladas, debe situarse o conxunto de medidas sobre contratación que responden a información especifica á que se destina este epígrafe.

Comezando polas cláusulas sociais, estas veñen dadas por criterios específicos, aplicables aos proceso de contratación pública, que fomenta comportamentos empresariais beneficioso para o interese xeral. A inclusión destas cláusulas neste tipo de contratos favorece o cumprimento de obxectivos estratéxicos para a Administración Pública e outras entidades do sector público, como son a inserción laboral de persoas en risco de exclusión social ou con discapacidade, a tutela específica de condicións dignas de traballo, a protección do medio ambiente e a loita contra o cambio climático, o fomento da economía social e solidaria, a consecución da igualdade efectiva entre homes e mulleres e o fomento do comercio xusto.

A lexislación de contratos vixente glosada regula a introdución deste tipo de cláusulas nos pregos de contratación pero deixa liberdade para decidir a súa inclusión en cada contrato en particular como criterio de adxudicación ou como condición especial de execución, sempre que esas cláusulas teñan incardinación co obxecto daquel e non vulneren os principios de transparencia, igualdade de trato e non discriminación das empresas licitadoras.

Na contratación administrativa da Corporación RTVG, como criterio básico común a todos os expedientes, inclúense como condicións especiais de execución dos contratos que:

- A empresa adxudicataria queda obrigada a respectar as condicións salariais dos/as traballadores/as conforme ao convenio colectivo sectorial de aplicación.
- A empresa adxudicataria queda obrigada a garantir a seguridade e a protección da saúde no lugar de traballo.
- A empresa adxudicataria promoverá a eliminación de desigualdades entre as mulleres e os homes no mercado laboral favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre eles no traballo, a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación de traballo e vida familiar. Na medida en que legalmente sexa esixible, a adxudicataria deberá cumprir co establecido no Art. 45 e no Art. 46 da "Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes".

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Recollen tamén os pregos de cláusulas administrativas, de xeito transversal a todos os contratos, como criterios de desempate de ofertas que, no suposto en que se produza igualdade nas mellores, para os efectos da solución, a proposta de adxudicación realizarase a favor da empresa que acredite na orde seguinte:

- A certificación da implantación dun plan de igualdade conforme ao establecido no Art. 67 do "Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade ou equivalente".
- A acreditación da obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade conforme ao Art. 75 do mesmo Decreto Lexislativo 2/2015.

As manifestacións máis notorias da responsabilidade social corporativa exprésanse na acción de comunicación exercida polos medios e canles titularidade da Corporación RTVG na súa condición de servizo público

Xa nunha referencia relacionada coa inserción laboral de persoas en risco de exclusión social ou con discapacidade, un ámbito no que xa se sinalou a sensibilidade da Corporación, esta reserva a centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral aqueles contratos que por razón da súa materia son susceptibles de tal reserva de acordo co Art. 22 da "Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico". Foi este o caso do servizo de atención telefónica e outros complementarios en 2021.

Por outra banda, os pregos de cláusulas administrativas tamén regulan de xeito transversal a todos os contratos, tal como indica a Lei 9/2017, que os/as contratistas están obrigados/as a aboar aos/ás sub-contratistas ou subministradores/as o prezo pactado nos prazos e condicións que recolle o seu Art. 216, de xeito que a entidade contratante poida comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos que o/a contratista deba efectuar a aqueles/as primeiros/as.

O conxunto de controis externos á Corporación e exercidos por esta con relación aos/ás seus/súas fornecedores/as que se describiron, e en particular as esixencias relativas ao cumprimento pola súa parte de diversas condicións de orde xurídica e administrativa, agora mencionadas e outras, que se verifican documentalmente nos procesos de contratación concretan o réxime desta en termos que, desde o punto de vista das garantías de legalidade, non son só homologables aos dos organismos da Administración Pública senón que mesmo os reforzan mediante certos dispositivos adicionais. En consecuencia a Corporación RTVG entende suficientemente asegurada por esa vía ordinaria de oficio o cumprimento da legalidade e das determinacións administrativas de todo tipo ás que os/as seus/súas subministradores/as externos/as están suxeitos/as para contratar e exercer a súa actividade. Por tal motivo non realiza auditorías con esa finalidade que os/as teñan por suxeito.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

V.3. Outras dimensións da responsabilidade social; a súa proxección nos media; recoñecementos.

En diversos puntos deste informe tense aludido a responsabilidade social corporativa no sentido dun conxunto de valores, traducidos en medidas ou ámbitos de sensibilidade da empresa que, se orientan ao seu persoal e/ou proxectan en sentidos concretos, sendo aqueles valores os que, por definición, inspiran a súa actividade. A Corporación RTVG, no exercicio do seu servizo público, planifica anualmente as súas accións de comunicación corporativa baixo o territorio de comunicación da "Dixitalización de Galicia". Dentro deste territorio as campañas de RSC están enmarcadas nos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable —ODS— da ONU. Desde 2019, como se explica máis adiante neste informe, creouse a estratexia #AccionsG, coa que os medios públicos manifestan o seu compromiso co desenvolvemento da RSC.

Nunha enumeración non exhaustiva sitúanse neste eido:

- O conxunto de dimensións de sensibilidade que se foron presentando oportunamente ao longo deste informe, debendo destacarse as referidas a responsabilidade na sustentabilidade e no coidado do medio ambiente, conciliación, promoción da igualdade, saúde e seguridade e integración de persoal con discapacidade, que se concretan cara a dentro da organización do xeito descrito nos distintos epígrafes dos capítulos II e III.
- En relación directa, o feito referido de que a Corporación é asinante do Pacto Mundial das Nacións Unidas polos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable.
- Tamén que a Corporación RTVG é membro da Asociación para a Autorregulación da Comunicación Comercial.
- As normas de autorregulación citadas en detalle no Capítulo IV.
- E unha serie de manifestacións, as máis notorias, da responsabilidade social corporativa que, orixinándose e estribándose en todo o anterior, se expresan obviamente na acción de comunicación exercida polos medios e canles titularidade da Corporación RTVG na súa condición de servizo público.

Estas últimas son as que constitúen a referencia singular deste epígrafe.

Entre elas, polo seu carácter especial, cabe comezar polas campañas de sensibilización sobre distintas cuestións sociais. Así, segundo os casos, céntranse nos distintos exercicios anuais, como consecuencia do explicado, en asuntos como a educación dixital, a sustentabilidade, a promoción da saúde en sentido integral, a educación viaria, a promoción da igualdade, a inclusión ou a integración das persoas con necesidades especiais etc., atendendo a xerar valores cívicos compartidos que contribúan á cohesión social e á solución de retos para a colectividade. Ademais, presentan tres características comúns. A pri-

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

meira seren integramente de produción propia. A segunda é que, en sintonía coa crecente importancia e identidade propia que, segundo ela mesma a vai impulsando, adquire progresivamente a presenza e actividade da Corporación no medio especificamente dixital que constitúe a Rede, estas campañas, alén do tempo específico de duración de cada unha en si, cun reflexo combinado en diferente medida nos distintos medios, quedan dispoñibles en canto aos seus elementos principais de comunicación nunha serie de páxinas xeradas "ad hoc", nunha sección específica do Portal de Transparencia, parte do portal corporativo. A terceira, ligada directamente á anterior, é que, ao fío daquel impulso acentuado desde 2019 como opción desde entón, aínda que limitada na súa posta en practica en 2020 por causa da pandemia da Covid-19, veñen agrupándose baixo a denominación #AcciónsG, subliñando así o seu carácter de expresións da estratexia de responsabilidade social da Corporación RTVG e contribución á transformación dixital da sociedade.

En 2021 a Corporación RTVG, no exercicio do servizo público que ten encomendado, e de acordo co exposto, recuperou en plenitude a súa planificación anual de accións de comunicación corporativa neste ámbito das #AcciónsG. Unha recapitulación cronolóxica ao respecto leva a destacar de entre elas:

- #Creatividade+Innovación. Esta primeira campaña desenvolveuse no mes de abril co gallo do Día Mundial da Creatividade e Innovación, celebrado o día 21. Partindo da idea de animar aos máis novos a ceibar a súa creatividade e capacidade innovadora de cara á consecución dun futuro sostible, perseguía promover un pensamento creativo mul-

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ti-disciplinar que axude a conseguir ese futuro. Dentro da filosofía multimedia e multi-canle inherente a #AccionsG, contou cun espazo propio na sección do portal na Rede da Corporación, con vídeos divulgativos, información e entrevistas a galegos/as dedicados/as a distintos eidos da creación e a innovación aplicada a distintos sectores, entre outros: o deseño e a ilustración, a cociña, a biotecnoloxía, a investigación en tecnoloxías intelixentes ou o mundo rural. Tamén se emitiron mensaxes nas redes sociais coa publicación de mencións aos diferentes conceptos e se inseriron contidos e referencias en diversos programas da TVG e a RG.

- En maio, con motivo das Letras Galegas, e culminando o día 17, todos os medios da Corporación atenderon cunha ampla variedade de mensaxes e espazos, incluíndo unha páxina con catro vídeos e enlaces diversos dentro da sección do portal na Rede da Corporación, á difusión da figura e obra de Xela Arias, escritora, poeta e tradutora falecida en 2003 e figura fundamental da nosa literatura contemporánea.
- #AsMansComunican. Desenvolta arredor do Día Internacional das Linguas de Signos, o 23 de setembro, esta campaña puxo o foco, en termos de divulgación e sensibilización, nas necesidades relacionadas coa accesibilidade a contidos de comunicación e cultura por parte do colectivo de persoas xordas de Galicia e o coñecemento da lingua de signos -en particular da Linguaxe de Signos Española: LSE-. Estivo composta por vídeos -tamén neste caso aloxados, xuntamente cos outros contidos e varios enlaces de interese nunha páxina propia na sección do portal na Rede-, accións nas redes sociais, pílulas informativas e tratamento en espazos en todos os medios da Corporación. #AsMansComunican desenvolveuse en colaboración coa Federación de Persoas Xordas de Galicia -FAXPG-, e contou coa participación dalgunhas destas, do presidente mesmo desa asociación e de intérpretes de LSE. Nela os/as espectadores/as da TVG, que incluíu a LSE en varios programas, os/as oíntes da RG e os/as seguidores/as das redes sociais e canles dixitais cor-

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.pa[illegible]

porativas -#DígochoEu en particular sumouse cun capítulo especial- puideron aprender termos útiles nesta lingua e coñecer a vida cotián de persoas xordas ou con dificultades auditivas de todas as idades.

- #PequenasSolucións. Xa en novembro, nunha liña semellante á anterior en canto colaboración co tecido social galego, neste caso UNICEF, levouse a termo esta campaña, secundando e reforzando a "Semana coa Infancia" que esta entidade solidaria desenvolve anualmente. A totalidade dos medios da Corporación contribuíron para o labor de sensibilización de UNICEF, centrado nesta edición de 2021 no dereito á saúde -física e mental-, facendo especial fincapé na vacinación; a unha contorna dixital segura na loita contra o acoso escolar e o ciber-acoso, e á participación real e efectiva que sitúe as necesidades da infancia na primeira liña das prioridades sociais e políticas. Grazas á solidariedade da audiencia que respondeu ao chamamento de #PequenasSolucións, UNICEF puido vacinar 6.540 nenos e nenas contra o sarampelo.
- #BrillaNaEscuridade. En colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico e a Garda Civil, lanzouse a primeiros de decembro esta iniciativa para mellorar a seguridade nas estradas reducindo os atropelos e mortes ocasionados pola pouca ou nula visibilidade dos peóns, unha problemática que se acentúa precisamente nos meses con menos horas de luz. A campaña centrouse en sensibilizar sobre a importancia para os peóns de evitar esa circunstancia levando chalecos e elementos reflectores cando circulen por vías aberta ao tráfico rodado. Neste caso os esforzos focalizáronse nos principais programas informativos que trataron deste asunto mediante entrevistas a mandos da Garda Civil a propósito da campaña de Nadal da DXT. Ademais a TVG contribuíu desde un dos seus programas de máis audiencia, "Luar", contando como elemento clave coa complicidade do público.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- #TodosNecesitamosDeTodos. Lanzouse a mediados de decembro, neste caso en colaboración coa Axencia de Doazón de Órganos e Sangue de Galicia —ADOS—. Sendo o Nadal unha das épocas críticas do ano para os servizos de transfusión, a campaña quixo contribuír a sensibilizar sobre a necesidade de que os hospitais galegos teñen para cubrir a demanda de sangue, incidindo na idea de que este é un elemento común e imprescindible para a vida, de xeito que todos/as dependemos da xenerosidade de todos/as para seguir salvando vidas. A campaña incluíu unha cuña na RG, un espazo propio no portal na Rede, accións nas redes sociais e, como elemento principal, un anuncio de televisión que se difundiu durante unha semana nas canles todas titularidade da Corporación. O anuncio, gravado con recursos propios e coa presenza e colaboración de persoas doadoras habituais de sangue e voluntarias de ADOS, fala dos motivos para doar: "Faino polos teus, faino polos demais, faino tamén por ti... pero faino. Sube ao bus".
- E outras dúas campañas de sentido semellante, pero cunhas características e cunha natureza singular respecto das anteriores:
  - A finais do mes de novembro a Corporación sumouse á impulsada pola Televisión Pública de Canarias -TVPC- e acollida pola FORTA -Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicos- que, baixo a denominación "Todos con La Palma/ Todos coa Palma", atendeu a sensibilizar ao público coa situación da poboación da illa damnificada pola recente erupción volcánica e recadar fondos destinados a paliala. Para iso, como no caso das outras organizacións implicadas, a Corporación colaborou coa difusión ao longo de todo decembro, nos medios e canles correspondentes, dun anuncio de televisión e dunha cuña de radio de medio minuto de duración.
  - Tamén no mes de decembro materializouse unha colaboración coa Fundación AdCor, organización sen ánimo de lucro dedicada a mellorar a vida das persoas adultas en situación de dependencia. A Corporación doou as lonas dos decorados de dous programas senlleiros da TVG "Luar" e "En Xogo" para que foran convertidas en bolsas polos/as usuarios/as e a beneficio da discapacidade. Esta "Acción G" centrouse tanto no compromiso social da Corporación como no ambiental, no marco da economía circular.

Outro ámbito destacado de sensibilidade e compromiso é a promoción da igualdade. É esta, así, segundo o marco de referencias presentado, tamén unha liña de acción constante ao respecto no labor de comunicación inherente á Corporación. Nese labor son referencias inmediatas de primeira orde, ademais dos Principios Xerais de Programación, as mencionadas especialmente no Epígrafe IV.11, no capítulo anterior, ao tratar da autorregulación: Recomendacións do Consello de Adminis-

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tración da Corporación RTVG sobre o tratamento dos casos de violencia machista nos medios de comunicación públicos galegos e as Normas reguladoras da Comunicación Comercial Audiovisual emitida a través das canles e servizos conexos e interactivos da Corporación RTVG, estas en particular en canto ao capítulo específico relativo ao tratamento da imaxe da muller; estes documentos están dispoñibles no portal corporativo na Rede.

Así, desde as referencias xerais de valores que se describiron e desde estas outras máis inmediatas, a promoción da igualdade ten en primeiro termo un significado transversal na acción de comunicación da empresa. En segundo, exprésase implícita e explicitamente. Esa atención singular específica dos medios da Corporación, atendendo cuestións relativas á condición feminina, á igualdade —acentuada en 2021 en canto facer visible a presenza e actividade feminina en diferentes eidos da vida social e económica— e á loita contra a violencia de xénero, intensificouse e cobrou singular relevancia novamente en ocasións como o 8 de marzo, Día Internacional da Muller e o 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres, nas que se fixo un esforzo especial de programación nos diferentes medios.

- En particular con relación á primeira desas datas:
  - A TVG incorporou á grella, ao tempo que o ofrece desde entón como un contido dispoñible para consumo baixo demanda, o espazo semanal "En feminino singular", estreado precisamente o 8 de marzo, co obxectivo global de concienciar a sociedade, a partir da presentación de dous perfiles biográficos de actualidade significativos, sobre a necesidade da achega e o liderado específicos das mulleres para rachar coa desigualdade de xénero. Na mesma xornada emitiu a longametraxe "Unha muller invisible", coa actriz María Bouzas como protagonista. Previamente, o domingo 7, na véspera, o programa "Vivir Aquí", achegou un monográfico sobre o papel social das mulleres desde distintos puntos de vista co testemuño de emprendedoras na pandemia, que malia a situación decidiron abrir un negocio; tamén sobre o labor dunha recoñecida científica galega, e amosou unha ruta por referencias de mulleres galegas destacadas na cidade da Coruña, a primeira deste tipo que se desenvolve en España. Igualmente desde o día 6, delongándoo ata o 15, a páxina de cine galego en aberto no portal da Corporación na Rede, "Carteleira G", ofreceu catro películas participadas pola Corporación RTVG e protagonizadas por mulleres: "O club da calceta", "A mariñeira de Quilmás", "María e os demais" e "Sicixia", xuntamente coa innovadora peza "As mulleres do porvir", producida polo Consello da Cultura Galega e escrita por unha pioneira do teatro galego como foi Dorotea Bárcena. Ademais, na semana antecedente ao domingo 8 de marzo a TVG insistiu na presentación de mostras dunha imaxe positiva e reivindicativa do valor das mulleres en diferentes esferas de actividade, cunha

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

atención especial nesta ocasión ao deporte coa emisión dun espazo presentado pola xornalista Loreto Costa, en que galegas destacadas nel trataron os temas como a igualdade salarial, a visibilidade do deporte feminino ou a maternidade e o deporte de alto nivel; emitiu tamén a "Gala Matria Galega", coa presenza de artistas de varios xéneros e testemuños de mulleres que destacan en diferentes ámbitos da sociedade, e programou a longametraxe "Migas de pan", coprodución uruguaio-galega baseada en feitos reais a partir do relato de Liliana Pereira, presa política da última ditadura do Uruguai.

- Esta data de referencia reflectiuse así mesmo nos contidos da RG. Nese sentido, entre outros destaques, debe subliñarse o programa matinal "Galicia por Diante" entrevistando á Conselleira de Emprego e Igualdade da Xunta e á voceira do Movemento 8-M en Galicia; o programa "Diario Cultural" focalizándose en asuntos da axenda cultural relacionados coas mulleres; o espazo "A Tarde" conversando coa presidenta da Federación de Asociacións de Mulleres Rurais —FADEMUR— de Galicia, e o espazo "A Crónica" contando coa participación da Secretaria Xeral de Igualdade.
- Da súa parte, desde as redes sociais corporativas levouse a cabo unha acción centrada en TikTok con vídeos sobre as figuras de galegas precursoras en varios ámbitos: Áurea Rodríguez —gaiteira—, Elisa Patiño —aviadora—, Manuela Barreiro —farmacéutica—, Ángeles Pérez Carvajal —condutora de bus urbano— e Consuelo Castro Rey —primeira académica de xurisprudencia—. Cada un dos perfís destas mulleres achegouno unha das profesionais que forman parte do equipo de medios dixitais da Corporación.

- A propósito do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, os medios públicos galegos xeraron, emitiron e deixaron en disposición para o seu consumo á carta tamén contidos específicos nos informativos e programas, e estrearon producións arredor desta temática:
  - No caso da TVG, no mesmo día 25, no informativo "Bos días" entrevistouse á Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, participando nel tamén representantes doutras institucións públicas, así como de asociacións de vítimas. Os informativos "Galicia Noticias", "Telexornal Mediodía" e "Telexornal Serán" ofreceron reportaxes sobre vivendas de acollida, testemuños de vítimas e unha aproximación ao traballo xudicial nesta materia. O "magazine" "A Revista" presentou unha mesa redonda con persoas expertas neste problema social e representantes de asociacións e entidades que loitan para a súa superación e

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

erradicación. Da súa parte, o cultural "ZigZag" achegouse ao certame "Voces femininas", que acolleu Ourense para conmemorar esta data, a través da voz e da música de tres destacadas artistas internacionais. "Quen anda aí?" e "Fun polo aire", os programas contedores de entretemento das tardes, abordaron esta eiva da convivencia desde distintos puntos de vista, de xeito que no primeiro deles tratouse das claves actuais en que se manifesta e das estratexias e retos para a súa erradicación nas xeracións máis novas, mentres que no segundo, xa ao longo de toda a semana antecedente, deuse voz ás vítimas, fíxose un achegamento aos nenos e nenas orfos como efecto da violencia machista; o mesmo que se trataron expresións singulares desta, experiencias de terapia para superar as súas secuelas e de accións para concienciar á xente nova sobre o sexismo virtual, entre outros aspectos. Tamén no mesmo día 25 de novembro a canle G2 estreou a longametraxe documental "ContraAluz", que reflexiona sobre a autodefensa das mulleres para loitar contra a violencia de xénero; na TVG o programa de cinema "Clac" emitiu novamente a premiada "Sicixia", recomendada polo Ministerio de Cultura como especialmente axeitada para promover a igualdade de xénero, e un coloquio posterior sobre este filme.

— A RG ofreceu toda esta semana contidos nesta liña nos seus principais programas en formato "magazine": "Galicia por diante" e "A tarde". Deu tamén cobertura en directo aos actos de concienciación e reivindicación nas distintas cidades galegas e contou coas testemuñas de mulleres que sufriron maltrato. A maiores, "Galicia por diante" desenvolveu un dos seus espazos destacados, "Miolo", sobre a violencia contra a muller no ámbito rural. Pola súa parte, "Convivir Deportivo" ofreceu o día 25 unha edición especial sobre o deporte feminino desde A Coruña que puido seguirse en directo pola Rede e a aplicación móbil. O "Diario cultural" conversou sobre a violencia machista co director do filme "María Soliña", que a aborda nun paralelismo histórico coa actualidade.

— No referido a este día de reflexión e reivindicación, as redes sociais e os medios dixitais da Corporación centráronse en ser os altofalantes dos contidos e propostas emitidos desde a da radio e a televisión.

A máis do sinalado, é de notar que nas referencias informativas que os medios e canles da Corporación emiten en relación con esta lacra sempre se inclúe nas informacións o número de teléfono de atención aos casos de violencia machista: 016.

Na referencia a este ámbito son salientables finalmente algunhas presenzas e relacións institucionais activas:

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- A Corporación RTVG forma parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero constituído no 2014.
- É membro, así mesmo, da Comisión Asesora de Publicidade non sexista do Observatorio Galego de Violencia de Xénero.
- Tamén está integrada, como se dixo na Asociación para a Autorregulación da Comunicación Comercial, na que que participa todo o sector da publicidade en España.

B. Total ingresos e gastos imputados directamente no patrimonio neto (I+II+III+IV+V)		**250.000**	**250.000**
Transferencias á conta de perdas e ganancias			
VI. Por valoración instrumentos financeiros		-	-
1. Activos financeiros dispoñibles para a venda		-	-
2. Outros ingresos/gastos		-	-
VII. Por coberturas de fluxos de efectivo		-	-
VIII. Subvencións, doazóns e legados recibidos	16	(394.738)	(384.738)
IX. Efecto impositivo		-	-
C. Total transferencias á conta de perdas e ganancias (VI+VII+VIII+IX)		**(394.738)**	**(384.738)**
TOTAL DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS (A+B+C)		**(102.033.683)**	**(100.042.576)**

* A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2021.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Estados de Cambios no Patrimonio Neto

correspondentes aos exercicios anuais rematados

o 31 de decembro de 2021 e 2020

(Expresados en euros)

B) ESTADOS TOTAIS DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO CORRESPONDENTES AOS EXERCICIOS REMATADOS O 31 DE DECEMBRO DE 2021 E 2020

	Capital escriturado	Reservas	Resultado exercicios anteriores	Outras achegas de socios	Resultado do exercicio	Subvencións doazóns e legados recibidos	Total
Saldo, final ano 2019	**25.000.000**	**16.741.918**	**-**	**99.866.882**	**(99.002.130)**	**808.398**	**43.415.068**
Total ingresos e gastos recoñecidos	-	-	-	-	(99.907.838)	(134.738)	**(100.042.576)**
Operacións con socios ou propietarios	-	-	-	-	-	-	-
-Aumento de capital	-	-	-	-	-	-	-
-Redución de capital	-	-	-	-	-	-	-
-Conversión de pasivos financeiros en patrimonio neto	-	-	-	-	-	-	-
-Distribución de dividendos	-	-	-	-	-	-	-
-Operacións con accións ou participacións propias (netas)	-	-	-	-	-	-	-
-Incremento (redución) de patrimonio neto resultante dunha combinación de negocios	-	-	-	-	-	-	-
-Outras operacións con socios ou propietarios	-	-	-	102.763.022	-	-	**102.763.022**
-Outras variacións do patrimonio neto	-	864.752	-	(99.866.882)	99.002.130	-	-
Saldo, final ano 2020	**25.000.000**	**17.606.670**	**-**	**102.763.022**	**(99.907.838)**	**673.660**	**46.135.514**
Total ingresos e gastos recoñecidos	-	-	-	-	(101.888.945)	(144.738)	**(102.033.683)**
Operacións con socios ou propietarios	-	-	-	-	-	-	-
-Aumento de capital	-	-	-	-	-	-	-
-Redución de capital	-	-	-	-	-	-	-
-Conversión de pasivos financeiros en patrimonio neto	-	-	-	-	-	-	-
-Distribución de dividendos	-	-	-	-	-	-	-
-Operacións con accións ou participacións propias (netas)	-	-	-	-	-	-	-
-Incremento (redución) de patrimonio neto resultante dunha combinación de negocios	-	-	-	-	-	-	-
-Outras operacións con socios ou propietarios	-	-	-	103.228.478	-	-	**103.228.478**
-Outras variacións do patrimonio neto	-	2.855.184		(102.763.022)	99.907.838	-	-
Saldo, final ano 2021	**25.000.000**	**20.461.854**	**-**	**103.228.478**	**(101.888.945)**	**528.922**	**47.330.309**

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

* A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2021.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Estados de Fluxos de Efectivo

correspondentes aos exercicios anuais rematados

o 31 de decembro de 2021 e 2020

(Expresados en euros)

	Nota	2021	2020
A. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos		**(101.888.945)**	**(99.907.838)**
2. Axustes do resultado		**49.018.753**	**47.031.210**
a) Amortización do inmobilizado (+)	6 e 7	48.644.365	46.542.140
b) Correccións valorativas por deterioración existencias (+/-)	6	60.834	44.018
c) Variacións de provisións (+/-)		471.027	750.867
d) Imputación de subvencións (-)	7 e 16	(394.738)	(384.738)
e) Resultados por baixas e alleamentos do inmobilizado (+/-)	22	(28.571)	333.706
f) Resultados por baixas e alleamentos de instrumentos financeiros (+/-)		-	-
g) Ingresos financeiros (-)	23	(14.086)	(210.153)
h) Gastos financeiros (+)	23	42.869	20.070
i) Diferenzas de cambio (+/-)	23	(69.472)	(36.526)
j) Perdas, deterioración e variación de provisión por operac. comerciais (+/-)		306.525	(28.174)
k) Outros ingresos e gastos (+/-)		-	-
3. Cambios no capital corrente		**(19.088.161)**	**(9.406.014)**
a) Existencias (+/-)	11	(43.813)	15.806
b) Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	10	(295.732)	1.100.426
c) Outros activos correntes (+/-)	8	(4.900)	72.654
d) Acredores e outras contas a pagar (+/-)	19	(544.547)	(195.235)
e) Outros pasivos correntes (+/-)	19	-	-
f) Outros activos e pasivos non correntes (+/-)		(18.199.169)	(10.399.665)
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación		**(405.553)**	**44.528**
a) Pagamentos de xuros (-)		(42.869)	(20.070)
b) Cobramentos de dividendos (+)		-	-
c) Cobramentos de xuros (+)		14.086	210.153
d) Cobramentos (pagamentos) por imposto sobre beneficios (+/-)		-	-
e) Outros pagamentos (cobramentos) (+/-)		(376.770)	(145.555)
5. Fluxos de efectivo das actividades de explotación (+/-1+/-2+/-3+/-4)		**(72.363.906)**	**(62.238.114)**
B. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagamentos por investimentos (-)		**(42.268.837)**	**(41.268.301)**
a) Empresas do Grupo e asociadas		-	-
b) Inmobilizado intanxible	6	(41.709.022)	(39.965.749)
c) Inmobilizado material	7	(559.815)	(1.302.552)
d) Investimentos inmobiliarios		-	-
e) Outros activos financeiros		-	-
f) Activos non correntes mantidos para venda		-	-
g) Outros activos		-	-
7. Cobramentos por desinvestimentos (+)		**577.456**	**700.544**
a) Empresas do Grupo e asociadas		-	-
b) Inmobilizado intanxible	6	-	-
c) Inmobilizado material	7	28.626	185.238
d) Investimentos inmobiliarios		-	-
e) Outros activos financeiros	10	548.830	515.306
f) Activos non correntes mantidos para venda		-	-
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimento (6+7)		**(41.691.381)**	**(40.567.757)**

(Segue)

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

* A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2021.

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Estados de Fluxos de Efectivo

correspondentes aos exercicios anuais rematados

o 31 de decembro de 2021 e 2020

(Expresados en euros)

	Nota	2021	2020
C. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO			
9. Cobramentos por instrumentos de patrimonio	**12 y 15**	**103.478.478**	**103.013.022**
a) Emisión de instrumentos de patrimonio e outras achegas de accionistas (+)		103.228.478	102.763.022
b) Amortización de instrumentos de patrimonio (-)		-	-
c) Adquisición de instrumentos de patrimonio (-)		-	-
d) Enaxenación de instrumentos de patrimonio (+)		-	-
e) Subvencións, doazóns e legados recibidos (+)	16	250.000	250.000
10. Cobramentos y pagamentos por instrumentos de pasivo financeiro		**16.574.876**	**7.775.769**
a) Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)		-	-
2. Débedas con entidades de crédito (+)		-	-
3. Débedas con empresas do Grupo e asociadas (+)		18.325.425	9.856.343
4. Outras débedas (+)		-	-
b) Devolución e amortización			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)		-	-
2. Débedas con entidades de crédito (-)		-	-
3. Débedas con empresas do Grupo e asociadas (-)		(16.285)	(121.396)
4. Outras débedas (-)		(1.734.264)	(1.959.178)
11. Pagamentos por dividendos e remuneracións de outros instrum. patrimonio		**-**	**-**
a) Dividendos (-)		-	-
b) Remuneracións de outros instrumentos de patrimonio (-)		-	-
12. Fluxos de efectivo das actividades de financiamento (+/-9+/-10+/-11)		**120.053.354**	**110.788.791**
D. EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO	**23**	**69.472**	**36.526**
E. AUMENTO/DIMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (+/-5+/-8+/-12+/-D)		**6.067.539**	**8.019.446**
Efectivo ou equivalentes ao comezo do exercicio		20.366.062	12.346.616
Efectivo ou equivalentes ao final do exercicio		26.433.601	20.366.062

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

* A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2021.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Información xeral

a) Constitución, natureza e obxecto social

Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., (en adiante a Sociedade, Corporación RTVG ou CRTVG) é a sucesora dende o día 1 de xaneiro de 2016 da Televisión de Galicia, S.A., constituída o día 18 de abril de 1985 como sociedade anónima. Corporación Radio e Televisión de Galicia é unha sociedade mercantil pública autonómica de capital integramente participado pola Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a forma xurídica de sociedade anónima, suxeita á Lei de Sociedades de Capital e a Lei de Galicia 9/2011, do 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, e ten o seu domicilio social en Bando-San Marcos s/n, 15820 Santiago de Compostela (A Coruña).

O seu obxecto social constitúeo:

- A produción e transmisión de imaxes e sons, simultaneamente, a través de ondas ou mediante cables, destinados ao público en xeral, con fins informativos, culturais, artísticos, comerciais, recreativos e publicitarios, así como medio de cooperación co sistema educativo e de fomento e difusión da cultura galega, e en especial de fomento e desenvolvemento do galego.

- A produción e transmisión de sons mediante emisións radio-eléctricas, a través de ondas ou mediante cables destinados, mediata ou inmediatamente, ao público en xeral, con fins informativos, culturais, artísticos, comerciais, recreativos, publicitarios, así como medio de cooperación co sistema educativo e de fomento e difusión da cultura galega, e, en especial, o fomento e desenvolvemento do idioma galego.

- Cantas actividades sexan anexas ou complementarias ás anteriores.

Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. conta con dotacións orzamentarias dentro dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia (CAG) -véxase notas 1d e 29-.

De acordo coa escritura de constitución e os seus correspondentes estatutos da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. será o Consello de Administración quen formulará as contas anuais, as cales serán depositadas no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela.

En virtude das obrigas de reestruturación do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, derivada da aplicación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, a cal encomenda a xestión de este servizo público a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., o Consello da Xunta de Galicia adoptou os acordos seguintes: na súa reunión do 29.08.2013, "Designar a Televisión de Galicia, S.A" coma futura "Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A." e na reunión do 10.10.2013, "Autorizar a fusión por absorción entre as sociedades mercantís públicas autonómicas Televisión de Galicia, S.A.U (sociedade absorbente) e Radiotelevisión Galicia, S.A.U (sociedade absorbida) -véxase nota 4-.

b) Extinción do ente público Compañía de Radio-Televisión de Galicia e integración de activos e pasivos na Televisión de Galicia, S.A. (Actualmente Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.)

Con data 4 de decembro de 2015, publicouse por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Decreto 177/2015, de 3 de decembro, polo que se extinguiu a entidade de dereito público Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

As principais consecuencias do citado Decreto 177/2015, de 3 de decembro, foron as seguintes:

b).1 A totalidade das accións que constituían o capital social da sociedade Televisión de Galicia, S.A., que ata o momento pertencían á Compañía de Radio-Televisión de Galicia, incorporáronse á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento do artigo 7.2 da Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia e de acordo co artigo 89.1 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

b).2 Aprobouse a transmisión dos activos e pasivos necesarios para a prestación do servizo público de radio e televisión á Televisión de Galicia, S.A., designada como a actual Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., en virtude do Acordo do 29 de agosto de 2013 do Consello da Xunta de Galicia. Os indicados activos e pasivos obxecto de transmisión veñen constituídos polo conxunto dos bens, dereitos e obrigas pertencentes á Compañía de Radio-Televisión de Galicia, por resultaren todos eles necesarios para a prestación do servizo público de radio e televisión excepto as propias accións que constituían o capital social da sociedade Televisión de Galicia, S.A.

b).3 O persoal da entidade Compañía de Radio-Televisión de Galicia incorporouse á Corporación RTVG cando esta comezou a exercer a súa actividade de prestación do servizo público de radio e televisión o día 1 de xaneiro de 2016, de acordo co establecido no decreto e de acordo co disposto no artigo 44 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. A Corporación RTVG quedará subrogada nos dereitos e obrigas laborais correspondentes.

En consecuencia, o conxunto de activos e pasivos obxecto da transmisión mencionada no apartado b).2 foron integrados ó 31 de decembro de 2015, con cargo ao Patrimonio Neto da Televisión de Galicia S.A.

Así mesmo, en virtude do mencionado decreto, Televisión de Galicia, S.A. cambiou de denominación social e comezou a exercer a súa actividade de prestación do servizo público de radio e televisión como "Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A." o día 1 de xaneiro de 2016.

c) Réxime xurídico patrimonial

En virtude da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, Disposición adicional primeira, os bens e dereitos que integran o patrimonio da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A, teñen a consideración de patrimoniais e, polo tanto, poderán ser obxecto de gravame, carga, transacción ou arbitraxe.

A xestión, administración e disposición dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Sociedade, rexerase polo disposto na súa normativa específica, polas normas reguladoras do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e, na súa falta, polo ordenamento privado.

d) Recursos públicos de explotación

Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. elabora anualmente un orzamento de explotación e de capital no que se detallan os recursos e dotacións anuais. Os orzamentos de explotación e de capital intégranse de forma consolidada nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia (véxase nota 29).

A Sociedade financia as súas operacións de explotación, entre outros, con recursos achegados pola Comunidade Autónoma de Galicia, imputando as cantidades correspondentes á conta "Achegas de socios" no exercicio no que se devindican. Esta achega de fondos ascendeu en 2021 a 103.228.478 euros (102.763.022 euros no exercicio 2020) -véxase nota 15-.

2. Bases de presentación

a) Imaxe fiel

As contas anuais formuláronse a partir dos rexistros contables da Sociedade, de acordo coa lexislación mercantil vixente, coas normas establecidas no Plan Xeral de Contabilidade aprobado mediante Real Decreto 1514/2007 e as modificacións incorporadas a este sendo as últimas as estipuladas no Real Decreto 1/2021, e co establecido na Orde EHA/733/2010, do 25 de marzo, pola que se aproban aspectos contables de empresas públicas que operan en determinadas circunstancias (a Orde), co obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira ó 31 de decembro de 2021 e dos resultados das súas operacións, dos cambios no patrimonio neto e dos seus fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio anual rematado na devandita data.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Consello de Administración da Sociedade estima que as presentes contas anuais do exercicio 2021, serán aprobadas sen modificación algunha.

b) Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza

A preparación das contas anuais esixe o uso por parte da Sociedade de certas estimacións e xuízos en relación co futuro que se avalían continuamente e se basean na experiencia histórica e outros factores, incluídas as expectativas de sucesos futuros que se cren razoables baixo as circunstancias actuais.

As estimacións contables resultantes, por definición, dificilmente igualarán os correspondentes resultados reais; non obstante o Consello de Administración da Sociedade considera que non existen estimacións contables de carácter significativo que puidesen dar lugar a axustes nos valores en libros dos activos e pasivos dentro do exercicio financeiro seguinte.

Litixios

A Sociedade é parte en distintos procesos xudiciais. Para afrontar a responsabilidade derivada dos devanditos procesos, a Sociedade ten constituídas certas provisións seguindo os criterios establecidos na nota 3.15. Da resolución definitiva dos devanditos procesos xudiciais poderían derivarse axustes sobre os valores rexistrados ó 31 de decembro de 2021.

Recuperabilidade de saldos a cobrar por IVE

A Dirección da Sociedade avalía a recuperabilidade dos saldos pendentes de cobro polo IVE dende o exercicio 2017 ata o 2021 a raíz das inspeccións iniciadas por parte da AEAT, considerando que os devanditos saldos son de probable recuperación en base as estimacións dos asesores fiscais (véxase nota 21).

Perdas por deterioración do valor dos activos non financeiros non xeradores de fluxos de efectivo

A deterioración de valor dun activo non xerador de fluxos de efectivo é a perda de potencial de servizo dun activo, distinta á depreciación sistemática e regular que constitúe a amortización. A deterioración responde, polo tanto, a unha diminución na utilidade que lle proporciona o activo á entidade que o controla (véxase nota 3.6).

Dereitos de propiedade audiovisual (coproducións)

Os custos incorridos na realización de coproducións son activados como inmobilizado intanxible e amortízanse no tempo en que se estima que xerarán fluxos de efectivo para a Sociedade.

Dereitos de películas e programas

A Sociedade amortiza os dereitos de emisión de películas e programas de acordo cunhas porcentaxes establecidas en función do número de pases e da natureza do dereito. Adicionalmente a Sociedade corrixe o valor dos dereitos (así como os custos que se lle imputan) daquelas películas, series, etc., para as que a súa emisión non estea prevista, ben polo seu nulo interese, ben porque a proximidade do vencemento do dereito e os requisitos de programación o fagan imposible.

c) Comparación da información

As contas anuais son comparativas con cada unha das partidas de balance, da conta de perdas e ganancias, do estado de ingresos e gastos recoñecidos, do estado de cambios no patrimonio neto, do estado de fluxos de efectivo e da memoria, do exercicio anterior, salvo polo indicado na nota 2 d).

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

d) Cambios en criterios contables

O pasado 30 de xaneiro de 2021 publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 1/2021, do 12 de xaneiro, polo que se modifican o Plan Xeral de Contabilidade aprobado polo Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro; o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas aprobado polo Real Decreto 1515/2007, do 16 de novembro; as Normas para a Formulación de Contas Anuais Consolidadas aprobadas polo Real Decreto 1159/2010, do 17 de setembro; e as Normas de Adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos aprobadas polo Real Decreto 1491/2011, do 24 de outubro. Así mesmo, e como consecuencia do RD 1/2021, o pasado 13 de febreiro de 2021, publicouse no Boletín Oficial do Estado a resolución do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ICAC) pola que se ditan normas de rexistro, valoración e elaboración de contas anuais para o recoñecemento de ingresos pola entrega de bens e a prestación de servizos (en diante "Resolución de ingresos").

De acordo co apartado 1) da Disposición Transitoria Primeira do Real Decreto 1/2021, a Sociedade optou pola aplicación dos novos criterios considerando como data de transición o 1 de xaneiro de 2021, e as cifras correspondentes ao exercicio 2020 que se inclúen a efectos comparativos nas contas anuais do exercicio 2021, non se adaptaron conforme aos novos criterios.

O contido do Real Decreto e da Resolución, antes mencionados, debe aplicarse nas contas anuais correspondentes aos exercicios iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2021.

Os cambios afectan á Sociedade principalmente na partida "Instrumentos financeiros".

As principais diferenzas entre os criterios contables e de clasificación utilizados no exercicio 2020 e os aplicados no 2021 que afectaron á Sociedade son os seguintes:

Instrumentos financeiros

Os instrumentos financeiros pasaron a clasificarse en función da nosa xestión ou o noso modelo de negocio para xestionar os activos financeiros e os termos contractuais dos fluxos de efectivo dos mesmos.

Na clasificación dos **activos financeiros** englóbanse as seguintes categorías principais:

- *Custo amortizado:* Integráronse nesta categoría as anteriores carteiras de "Préstamos e partidas a cobrar" na medida na que se manteñen co obxectivo de percibir os fluxos de efectivo derivados da execución do contrato, e as condicións contractuais do activo financeiro dan lugar, en datas específicas, a fluxos de efectivo que son unicamente cobranzas de principal e xuros sobre o importe do principal pendente. Así mesmo, inclúense nesta categoría os créditos por operacións comerciais e os créditos por operacións non comerciais.

- *Valor razoable con cambios en perdas e ganancias:* Nesta categoría incluíronse todos os activos financeiros salvo os que procede clasificalos noutra categoría. Agrupa as anteriores carteiras de "Activos financeiros mantidos para negociar" e "Outros activos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias", e os que optativamente eliximos para activos nos que se eliminan asimetrías contables.

- *Valor razoable con cambios en patrimonio neto:* Inclúense aqueles préstamos nos que o modelo de negocio aplicado aos mesmos consiste en recibir os fluxos contractuais do activo que sexan unicamente cobranzas de principal e xuros ou acordar o seu alleamento de forma similar á anterior carteira activos financeiros de débeda dispoñibles para a venda. E de ser caso tamén se incluirían optativamente por designación inicial, os instrumentos de patrimonio (o que anteriormente era a carteira de activos financeiros de patrimonio dispoñibles para a venda).

- *Custo:* Esta categoría comprende os investimentos en sociedades de grupo, multigrupo e asociadas.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Na clasificación dos **pasivos financeiros** englóbanse as seguintes categorías:

- *Custo amortizado:* Integráronse nesta categoría todos os pasivos financeiros excepto aqueles que deben valorarse a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias. Polo tanto, inclúe a anterior carteira de "Débitos e partidas a pagar" tanto por operacións comerciais como non comerciais.

- *Custo:* Esta categoría comprende os préstamos participativos cuxos xuros teñen carácter continxente.

Na data de aplicación inicial do RD 1/2021, 1 de xaneiro de 2021, a Sociedade optou pola aplicación da DT 2ª e incluír información comparativa sen expresar de novo a reclasificación das partidas do exercicio 2020 para mostrar os saldos do devandito exercicio axustados aos novos criterios de presentación. Polo que a Sociedade aplicou as novas categorías de instrumentos financeiros de acordo co RD 1/2021 para o exercicio finalizado 31 de decembro de 2021, e aplicou as novas categorías, só a efectos de presentación, para o exercicio comparativo finalizado o 31 de decembro de 2020. En consecuencia, os principais efectos desta reclasificación ao 1 de xaneiro de 2021 son os seguintes:

	Euros		
	Activos financeiros a longo prazo		**Activos financeiros a curto prazo**
Categorías do PXC RD 1514/2007 Activos Financeiros	Activos dispoñibles para a venda	Préstamos e partidas para cobrar	Préstamos e partidas para cobrar
	97.086	10.874	4.360.292
Categorías do PXC RD 1/2021 Activos Financeiros	Activos financeiros a valor razoable con cambios no Patr.Neto	Activos financeiros a custo amortizado	Activos financeiros a custo amortizado
	97.086	10.874	4.360.292

	Euros	
	Pasivos financeiros a longo prazo	**Pasivos financeiros a curto prazo**
Categorías do PXC RD 1514/2007 Pasivos Financeiros	Débitos e partidas para pagar a longo prazo	Débitos e partidas para pagar a curto prazo
	23.031.568	12.120.045
Categorías do PXC RD 1/2021 Pasivos Financeiros	Pasivos financeiros a custo amortizado a longo prazo	Pasivos financeiros a custo amortizado a curto prazo
	23.031.568	12.120.045

A aplicación da disposición transitoria segunda do RD non tivo impactos no patrimonio neto da Sociedade e non se produciu ningún cambio en categorías equivalentes.

e) Principio de empresa en funcionamento

A actividade da Sociedade xera resultados de explotación negativos, dado que os ingresos son insuficientes para a cobertura global dos seus gastos. Nesta situación, a viabilidade futura das actividades da Sociedade ven determinada pola percepción de achegas da Comunidade Autónoma.

O Consello de Administración da Corporación RTVG formulou estas contas anuais do exercicio 2021 seguindo o principio de xestión continuada ao considerar que non existe dúbida en canto á continuidade das operacións da Sociedade para o exercicio 2022, dado que mediante a Lei 17/2021 do Parlamento de Galicia, do 27 de decembro, se aproban para o devandito exercicio os orzamentos de explotación e capital da Corporación RTVG por un importe de 121.560.000 euros. En dito orzamento contémplanse achegas da Comunidade Autónoma de Galicia á Corporación RTVG por importe de 114.478.478 euros (véxase nota 29).

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Criterios contables

3.1. Activos non xeradores de fluxos de efectivo

A Sociedade atópase no ámbito de aplicación da Orde por realizar as súas actividades mediante a utilización de activos non xeradores de efectivo, estar orientada non á obtención dun beneficio ou á xeración dun rendemento económico ou comercial, senón á obtención de fluxos económicos sociais que benefician a colectividade por medio do «potencial de servizo» ou utilidade pública.

"Activos xeradores de fluxos de efectivo" considéranse os elementos de inmobilizado material, intanxible e investimentos inmobiliarios que se posúen co fin de obter un beneficio ou xerar un rendemento comercial a través da entrega de bens ou a prestación de servizos.

"Activos non xeradores de fluxos de efectivo" considéranse os elementos de inmobilizado material, intanxible e investimentos inmobiliarios que se posúen con finalidade distinta á de xerar un rendemento comercial, como poden ser os fluxos económicos sociais que xeran os devanditos activos e que benefician á colectividade, isto é, o seu beneficio social ou potencial servizo.

Un activo, aínda que sexa mantido principalmente para producir fluxos económicos sociais que benefician á colectividade, pode tamén proporcionar rendementos comerciais a través dunha parte das súas instalacións ou compoñentes, ou ben a través dun uso incidental e diferente ao seu uso principal. Cando o compoñente ou uso xerador de fluxos de efectivo se poida considerar como accesorio con respecto ao obxectivo principal do activo como un todo, ou ben non poida operar ou explotarse con independencia do resto de compoñentes e instalacións integrantes do activo, este considerarase integramente como non xerador de fluxos de efectivo.

Dado que os obxectivos xerais da Sociedade se atopan enmarcados no establecido na Orde, os activos da Sociedade no seu conxunto son considerados como non xeradores de fluxos de efectivo.

3.2. Inmobilizado intanxible

a) Propiedade industrial e similares

Recóllense baixo esta epígrafe os gastos derivados do rexistro de marcas correspondentes a títulos de programas, logotipos, anagramas, etc., así como gastos de imaxe corporativa cuxa amortización se realiza integramente no exercicio no que se incorre no investimento, e procédese ao peche do exercicio a súa baixa en contas.

b) Aplicacións informáticas

As licenzas para programas informáticos adquiridas a terceiros capitalízanse sobre a base dos custos en que se incorreu para adquirilas e preparalas para usar o programa específico. Estes custos amortízanse durante as súas vidas útiles estimadas en tres anos.

Os gastos relacionados co mantemento de programas informáticos recoñécense como gasto cando se incorre neles. Os custos directamente relacionados coa produción de programas informáticos únicos e identificables controlados pola Sociedade, e que sexa probable que vaian xerar beneficios económicos superiores aos custos durante máis dun ano, recoñécense como activos intanxibles. Os custos directos inclúen os gastos do persoal que desenvolve os programas informáticos e unha porcentaxe estimada de gastos xerais.

Os custos de desenvolvemento de programas informáticos recoñecidos como activos amortízanse durante as súas vidas útiles estimadas (que non superan os tres anos).

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

c) Dereitos de propiedade audiovisual

De acordo coa Orde, os dereitos e programas que a Sociedade adquire para a emisión de contidos pasaron a considerarse activos intanxibles non xeradores de fluxos de efectivo, tomando en consideración o seu carácter de dereito intanxible dado que se posúen cunha finalidade distinta á de xerar un rendemento comercial, ao estar destinados, como finalidade primordial xunto ao resto dos investimentos en activos fixos, á prestación do servizo público de televisión, polo que non se consideran como existencias nin, en consecuencia, o seu consumo como aprovisionamentos e variación de existencias. Este criterio aplícase para os únicos efectos de presentación e valoración dos bens nas contas anuais sen que afecte ao resultado do exercicio, á liquidación orzamentaria e aos criterios de clasificación orzamentaria por natureza aplicados.

Recóllense baixo este epígrafe os importes correspondentes ás coproducións e dereitos de explotación comercial de creacións audiovisuais nas que participa a Sociedade. Estes dereitos actívanse no momento en que a obra é susceptible de xerar recursos económicos para a Sociedade e séguese o criterio de amortizar o seu valor dende o mes seguinte de forma lineal a razón dun 5% mensual. Mentres a obra audiovisual non se poña en explotación, os importes entregados pola Sociedade á empresa produtora rexístranse, de ser o caso, polo seu nominal en "Anticipos" baixo a rúbrica "Outro Inmobilizado intanxible" do activo do balance, cancelándose con cargo á conta "Dereitos da propiedade audiovisual" na data en que sexa susceptible de xerar recursos para a Sociedade.

d) Dereitos de emisión de películas e programas

d).1 Produción allea

Inclúese como inmobilizado intanxible o valor dos dereitos de emisión de produción allea a partir do inicio do período de licenza, sempre e cando se dispoña do soporte material do dereito, independentemente da data (normalmente anterior) de formalización do contrato, e estes rexístranse polo seu custo de adquisición, segundo contrato, máis os gastos incorridos en material soporte, dobraxes, subtítulos, elaboración de banda sonora e outros traballos realizados por empresas alleas á Sociedade e minorados, de acordo coas porcentaxes indicadas neste apartado, pola amortización calculada en función dos pases emitidos e dos pases totais contratados para cada dereito de emisión.

No caso de adquisición de grupos de películas, a Sociedade valora os dereitos de emisión de acordo co prezo establecido en contrato, considerando que o custo individualizado de cada un deles, se non se especifica en contrato, é igual para todos dentro do grupo.

Non obstante, nalgúns casos nos que o custo individualizado non se deduce do contrato, a Sociedade segue o criterio de valorar individualmente os dereitos para os que se define o prezo en contrato de forma global, de acordo co valor relativo destes e en función de determinadas categorías preestablecidas en función da calidade, dos ingresos por venda de entradas ou doutras variables.

Cando varias televisións autonómicas participan nun mesmo contrato para a adquisición de dereitos de emisión, a repartición do custo faise en función de porcentaxes fixadas por todas estas televisións con base no número de habitantes das respectivas comunidades autónomas.

En función da valoración establecida nos parágrafos anteriores, os dereitos de emisión amortízanse seguindo os seguintes criterios:

- Se o número de pases contratados é un, o 100% do seu valor na data da súa emisión.
- Se o número de pases contratados son dous, un 70% do valor na primeira emisión e o 30% restante na segunda emisión.
- Se o número de pases contratados son tres ou máis, o 70% do seu valor na data da súa primeira emisión, un 20% na segunda emisión e o 10% restante ao se producir a terceira emisión.
- Nos casos de series de capítulos séguense os mesmos criterios, se ben a amortización correspondente a cada pase se realiza en función dos capítulos emitidos.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

d).2 Produción propia externa

Inclúese como inmobilizado intanxible o valor dos dereitos de emisión de produción propia externa a partir da recepción de materiais (xeralmente estipulada no contrato), tanto para unidades como para series (varios capítulos nun contrato/expediente). Neste último caso considerase a mesma data de inicio de cómputo para tódolos capítulos contratados.

Os dereitos de emisión de produción propia externa, tamén denominada produción contratada ou encargos de produción, valóranse pola Sociedade polo seu custo de adquisición segundo contrato máis os gastos incorridos, se é o caso, polas dobraxes e outros traballos realizados por empresas alleas á Sociedade e minorados, de acordo coas porcentaxes indicadas neste apartado, pola amortización calculada en función dos pases emitidos.

Os dereitos de emisión da produción propia externa amortízanse en función das seguintes porcentaxes:

- 50% na primeira emisión.
- 25% na segunda emisión.
- 15% na terceira emisión.
- O valor neto contable resultante amortízase na súa totalidade unha vez transcorridos 4 anos dende o inicio dos dereitos (véxase nesta nota o apartado d.4).

O valor dos dereitos de emisión daqueles programas que se emiten en directo ou en diferido nos que intervén público ou se fai referencia a datas determinadas amortízanse integramente na súa primeira emisión.

Nos casos en que exista a posibilidade de emisión de varios pases sen unha eventual venda posterior, séguese o criterio sinalado para a produción allea no referente aos dereitos para os que contratan tres ou máis pases.

Nos casos de series de capítulos séguense os mesmos criterios, se ben a amortización dos dereitos de emisión correspondentes a cada pase se realiza en función dos capítulos emitidos.

d).3 Produción propia interna

O valor dos dereitos de emisión da produción propia interna recolle unicamente os custos externos imputables directamente á produción do programa.

En xeral, o custo de produción amortízase integramente na súa primeira emisión.

No caso de programas seriados, a amortización realízase de forma proporcional aos capítulos emitidos.

d).4 Deterioración de valor dos dereitos de emisión

A Sociedade avalía e determina as correccións valorativas por deterioración e as reversións das perdas por deterioración de valor do inmobilizado intanxible de acordo cos criterios que se mencionan no apartado "3.6. Perdas por deterioración do valor dos activos non financeiros non xeradores de fluxos de efectivo".

A Sociedade corrixe o valor dos dereitos (así como os custos que se lle imputan) daquelas producións externas (allea e propia externa) nas que a súa emisión non estea prevista a curto prazo, ben polo seu nulo interese, ben porque a proximidade do vencemento do dereito e os requisitos de programación o fagan imposible. Ata o exercicio 2007 o valor de cada unha destas producións, xa deterioradas, é inferior a un euro.

Dende o exercicio 2008, os dereitos cunha antigüidade superior a 4 anos son totalmente amortizados, excepto naqueles casos nos que estea prevista a súa emisión no exercicio seguinte. A estes efectos o computo da antigüidade segue os criterios xa comentados (véxase nesta nota o apartado d.1 para produción allea e d.2 para produción propia externa).

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.3. Inmobilizado material

O inmobilizado material adquirido pola Corporación RTVG con cargo ás súas dotacións orzamentarias (véxase nota 7), así como aquel co que desenvolve as súas actividades o cal foi adquirido a través da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e adscrito á Corporación RTVG, ten a consideración de patrimonial.

Os elementos do inmobilizado material recoñécense polo seu prezo de adquisición ou custo de produción menos a amortización acumulada e o importe acumulado das perdas recoñecidas.

O importe dos traballos realizados pola empresa para o seu propio inmobilizado material calcúlase sumándolle ao prezo de adquisición das materias consumibles, os custos directos ou indirectos imputables aos devanditos bens.

Os custos de ampliación, modernización ou mellora dos bens do inmobilizado material incorpóranse ao activo como maior valor do ben exclusivamente cando supoñen un aumento da súa capacidade, produtividade ou alongamento da súa vida útil, e sempre que sexa posible coñecer ou estimar o valor contable dos elementos que resultan dados de baixa do inventario por ser substituídos.

O inmobilizado adquirido directamente pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e adscrito á Corporación RTVG rexístrase contablemente pola súa natureza, con aboamento ao epígrafe do Balance "Subvencións, doazóns e legados recibidos" (véxase nota 3.11).

A amortización do inmobilizado material, con excepción dos terreos que non se amortizan, calcúlase sistematicamente polo método lineal en función da súa vida útil estimada, atendendo á depreciación efectivamente sufrida polo seu funcionamento, uso e gozo. Os % de amortización correspondentes ás vidas útiles estimadas son:

	% de amortización
Construcións	3
Maquinaria e instalacións técnicas	8-20
Ferramentas	8-30
Mobiliario e outras instalacións	8-20
Equipos para procesos de información	25
Elementos de transporte e outro inmobilizado	8-16

O valor residual e a vida útil dos activos revísase, axustándose se fose necesario, na data de cada balance.

Cando o valor contable dun activo é superior ao seu importe recuperable estimado, o seu valor redúcese de forma inmediata ata o seu importe recuperable.

As perdas e ganancias pola venda de inmobilizado material calcúlanse comparando os ingresos obtidos pola venda co valor contable e rexístranse na conta de perdas e ganancias.

3.4. Custos por xuros

Os gastos financeiros directamente atribuíbles á adquisición ou construción de elementos do inmobilizado que necesiten un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso incorpóranse ao seu custo ata que se encontran en condicións de funcionamento.

3.5. Deterioración de valor dos activos

A Sociedade avaliou as correccións valorativas por deterioración de valor do inmobilizado conforme ao mencionado no apartado 3.6. "Perdas por deterioración do valor dos activos non financeiros non xeradores de fluxos de efectivo".

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.6. Perdas por deterioración do valor dos activos non financeiros non xeradores de fluxos de efectivo

A deterioración de valor dun activo non xerador de fluxos de efectivo (véxase nota 3.1) é a perda de potencial de servizo dun activo, distinta á depreciación sistemática e regular que constitúe a amortización. A deterioración responde, polo tanto, a unha diminución na utilidade que lle proporciona o activo á entidade que o controla.

A avaliación da existencia de deterioración dos activos non xeradores de fluxos de efectivo debe efectuarse para cada activo individualmente considerado. Non obstante, cando a identificación do potencial de servizo dun activo individualmente considerado non fose evidente, a Sociedade determina o importe recuperable da unidade de explotación ou servizo á que pertence.

Deberase contabilizar unha perda por deterioración dun activo non xerador de fluxos de efectivo ou unidade de explotación ou servizo se o seu valor contable supera o seu importe recuperable na súa data de determinación.

Para estes efectos enténdese por importe recuperable o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o seu valor en uso. Salvo mellor evidencia, o valor en uso dun activo non xerador de efectivo ou unidade de explotación ou servizo determínase por referencia ao seu custo de reposición depreciado.

Enténdese por custo de reposición depreciado o custo de reposición do devandito activo menos a amortización acumulada calculada sobre a base de tal custo, de forma que reflicta o funcionamento, uso e gozo xa efectuado do activo, sen prexuízo de considerar tamén a obsolescencia técnica que puidese afectalo.

En caso de que a Sociedade deba recoñecer unha perda por deterioración dunha unidade de explotación ou servizo, reducirá o valor en libros dos activos non xeradores de efectivo que a integran en proporción ao seu valor contable, ata o límite do maior valor entre os seguintes: o seu valor razoable menos os custos de venda, o seu custo de reposición depreciado e cero.

As correccións valorativas por deterioración dos activos non xeradores de fluxos de efectivo, así como a súa reversión cando as causas que a motivaron deixasen de existir, recoñécense como un gasto ou un ingreso, respectivamente, na conta de perdas e ganancias. A reversión da deterioración ten como límite o valor contable do activo que estaría recoñecido na data de reversión se non se rexistrase a deterioración de valor.

O recoñecemento dunha perda por deterioración do valor dun activo non xerador de fluxos de efectivo, así como a súa reversión, motivará un recálculo das cotas de amortización. Así mesmo, no caso de deterioración, pode ser indicativo de que a vida útil restante do activo, o método de amortización ou o seu valor residual necesiten ser revisados.

3.7. Activos financeiros

a) Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto

Inclúese nesta categoría aqueles activos financeiros cuxas condicións contractuais dan lugar, en datas especificadas, a fluxos de efectivo que son unicamente cobranzas de principal e xuros sobre o importe do principal pendente, e non se manteñen para negociar nin procede clasificalo na categoría "Activos financeiros a custo amortizado". Tamén se inclúen nesta categoría os investimentos en instrumentos de patrimonio para os que se exercitou a opción irrevogable para a súa clasificación como "Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto".

Valoración inicial

Os activos financeiros incluídos nesta categoría valoraranse inicialmente polo seu valor razoable, que, con carácter xeral é o prezo da transacción, isto é o valor razoable da contraprestación entregada, máis os custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles, incluíndose o importe dos dereitos preferentes de subscrición e similares que, no seu caso, adquiríronse.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Valoración posterior

Os activos financeiros incluídos nesta categoría valóranse polo seu valor razoable, sen deducir os custos de transacción en que se puidese incorrer no seu alleamento. Os cambios que se producen no valor razoable rexístranse directamente no patrimonio neto, ata que o activo financeiro causa baixa do balance ou se deteriora, momento en que o importe así recoñecido, impútase á conta de perdas e ganancias.

Con todo, as correccións valorativas por deterioración do valor e as perdas e ganancias que resultan por diferenzas de cambio en activos financeiros monetarios en moeda estranxeira, rexístranse na conta de perdas e ganancias.

Tamén se rexistran na conta de perdas e ganancias o importe dos xuros, calculados segundo o método do tipo de xuro efectivo, e dos dividendos devindicados.

Cando debe asignarse valor a estes activos por baixa no balance ou outro motivo, aplícase o método do valor medio ponderado por grupos homoxéneos.

No suposto excepcional de que o valor razoable dun instrumento de patrimonio deixa de ser fiable, os axustes previos recoñecidos directamente no patrimonio neto trataranse da mesma forma disposta para a deterioración dos Activos financeiros a custo.

No caso de venda de dereitos preferentes de subscrición e similares ou segregación dos mesmos para exercitalos, o importe dos dereitos diminúe o valor contable dos respectivos activos. O devandito importe corresponde ao valor razoable ou ao custo dos dereitos, de forma consistente coa valoración dos activos financeiros asociados.

Deterioración do valor

Polo menos ao peche do exercicio, efectúanse as correccións valorativas necesarias sempre que exista evidencia obxectiva de que o valor dun activo financeiro, ou grupo de activos financeiros incluídos nesta categoría con similares características de risco valoradas colectivamente, deteriorouse como resultado dun ou máis eventos que ocorresen despois do seu recoñecemento inicial, e que ocasionan:

- No caso dos instrumentos de débeda adquiridos, unha redución ou atraso nos fluxos de efectivo futuros estimados, que veñan motivados pola insolvencia do debedor.

- No caso de investimentos en instrumentos de patrimonio, a falta de recuperabilidade do valor en libros do activo, evidenciada por un descenso prolongado ou significativo no seu valor razoable. Considerando con carácter xeral que o instrumento se deteriora ante unha caída dun ano e medio ou dun corenta por cento na súa cotización, sen que se produza a recuperación do seu valor, sen prexuízo de que puidese ser necesario recoñecer unha perda por deterioración antes de que transcorrese devandito prazo ou descendido a cotización na mencionada porcentaxe.

A corrección valorativa por deterioración do valor destes activos financeiros é a diferenza entre o seu custo ou custo amortizado menos, no seu caso, calquera corrección valorativa por deterioración previamente recoñecida na conta de perdas e ganancias e o valor razoable no momento en que se efectúa a valoración.

As perdas acumuladas recoñecidas no patrimonio neto por diminución do valor razoable, sempre que exista unha evidencia obxectiva de deterioración no valor do activo, recoñécense na conta de perdas e ganancias.

Os incrementos no valor razoable en exercicios posteriores rexístranse con abono á conta de perdas e ganancias do exercicio para reverter a corrección valorativa recoñecida en exercicios anteriores, agás dos incrementos no valor razoable correspondente a un instrumento de patrimonio que se rexistran directamente contra o patrimonio neto.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

b) Activos financeiros a valor razoable con cambios en perdas e ganancias

Nesta categoría inclúense os instrumentos de patrimonio que non se manteñen para negociar, nin que se deben valorar ao custo, e sobre os que se realizou a elección irrevogable no momento do seu recoñecemento inicial de presentar os cambios posteriores no valor razoable directamente no patrimonio neto.

Adicionalmente, inclúense aqueles activos financeiros designados, no momento do recoñecemento inicial de forma irrevogable como medido ao valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias, e que en caso contrario incluíuse noutra categoría, para eliminar ou reducir significativamente unha incoherencia de valoración ou asimetría contable que xurdiría noutro caso da valoración dos activos ou pasivos sobre bases diferentes.

Valoración inicial

Custo	25.000	-	21.608.763	5.027.966	259.154.963	29.026	285.845.718
Amortización acumulada	-	-	(20.377.744)	(4.859.370)	(235.345.907)	-	(260.583.021)
Altas	-	3.671	884.800	281.230	40.335.728	24.700	41.530.129
Baixas	-	(3.671)	-	-	(9.192.876)	(39.703)	(9.236.250)
Baixas amortiz.acumulada	-	3.671	-	-	9.192.876	-	9.196.547
Dotación para amortización	-	(3.671)	(1.100.325)	(132.702)	(44.408.435)	-	(45.645.133)
Traspasos	(25.000)	-	-	-	25.000	-	-
Saldo ó 31.12.2021	**-**	**-**	**1.015.494**	**317.124**	**19.761.349**	**14.023**	**21.107.990**
Custo	-	-	22.493.563	5.309.196	290.322.815	14.023	318.139.597
Amortización acumulada	-	-	(21.478.069)	(4.992.072)	(270.561.466)	-	(297.031.607)
Valor contable	**-**	**-**	**1.015.494**	**317.124**	**19.761.349**	**14.023**	**21.107.990**

	Euros						
	Desenvolvemento	Marcas e Patentes	Dereitos s/ coproducións	Aplicacións informáticas	Dereitos de emisión de películas e programas	Anticipos	Total
Saldo ó 31.12.2019	**25.000**	**-**	**1.183.073**	**303.638**	**27.458.845**	**23.926**	**28.994.482**
Custo	25.000	-	20.400.863	4.947.674	233.194.568	23.926	258.592.031
Amortización acumulada	-	-	(19.217.790)	(4.644.036)	(205.735.723)	-	(229.597.549)
Altas	-	10.845	1.207.900	80.292	38.232.244	42.179	39.573.460
Baixas	-	(10.845)	-	-	(12.271.849)	(37.079)	(12.319.773)
Baixas amortiz.acumulada	-	10.845	-	-	12.271.849	-	12.282.694
Dotación para amortización	-	(10.845)	(1.159.954)	(215.334)	(41.882.033)	-	(43.268.166)
Traspasos	-	-	-	-	-	-	-
Saldo ó 31.12.2020	**25.000**	**-**	**1.231.019**	**168.596**	**23.809.056**	**29.026**	**25.262.697**
Custo	25.000	-	21.608.763	5.027.966	259.154.963	29.026	285.845.718
Amortización acumulada	-	-	(20.377.744)	(4.859.370)	(235.345.907)	-	(260.583.021)
Valor contable	**25.000**	**-**	**1.231.019**	**168.596**	**23.809.056**	**29.026**	**25.262.697**

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a) Inmobilizado intanxible totalmente amortizado

Ó 31 de decembro de 2021 existe inmobilizado intanxible, aínda en uso e totalmente amortizado cun custo contable de 269.103 miles de euros (221.228 miles de euros ó 31 de decembro de 2020). A maioría correspóndese con dereitos de emisión de películas e programas.

b) Dereitos de propiedade audiovisual (coproducións)

A desagregación dos dereitos de propiedade audiovisual por ano de alta é como segue:

Euros 2021			
Ano de incorporación	**Custo de adquisición**	**Amortización acumulada**	**Valor neto contable**
Ata 2011	12.413.261	(12.413.261)	-
2012	859.917	(859.917)	-
2013	562.000	(562.000)	-
2014	1.078.400	(1.078.400)	-
2015	1.392.005	(1.392.005)	-
2016	704.542	(704.542)	-
2017	1.288.400	(1.288.400)	-
2018	1.050.750	(1.050.750)	-
2019	1.051.588	(1.051.588)	-
2020	1.207.900	(982.006)	225.894
2021	884.800	(95.200)	789.600
Total	**22.493.563**	**(21.478.069)**	**1.015.494**

Euros 2020			
Ano de incorporación	**Custo de adquisición**	**Amortización acumulada**	**Valor neto contable**
Ata 2010	9.726.031	(9.726.031)	-
2011	2.687.230	(2.687.230)	-
2012	859.917	(859.917)	-
2013	562.000	(562.000)	-
2014	1.078.400	(1.078.400)	-
2015	1.392.005	(1.392.005)	-
2016	704.542	(704.542)	-
2017	1.288.400	(1.288.400)	-
2018	1.050.750	(1.050.750)	-
2019	1.051.588	(758.636)	292.952
2020	1.207.900	(269.833)	938.067
Total	**21.608.763**	**(20.377.744)**	**1.231.019**

c) Dereitos de emisión de películas e programas

O detalle dos dereitos de emisión de películas e programas ó 31 de decembro de 2021 e 2020 é o seguinte:

	Euros	
Descrición	**2021**	**2020**
Produción Allea	2.427.973	2.637.030
Produción Propia Externa	17.214.536	21.116.952
Produción Propia Interna	118.840	55.074
Total	**19.761.349**	**23.809.056**

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

d) Compromisos de adquisición de inmobilizado intanxible

Ao peche do exercicio 2021 están abertos expedientes de compra de bens do inmobilizado intanxible por un importe pendente de realizar que ascende a 27.212 miles de euros (24.607 miles de euros ó 31 de decembro de 2020). A maioría correspóndese con dereitos de emisión de películas e programas.

e) Seguros

A Sociedade dispón das pólizas de seguros que se estiman necesarias para dar cobertura aos posibles riscos que poidan afectar aos bens incluídos dentro do inmobilizado intanxible da Sociedade.

7. Inmobilizado material

O detalle e movemento das partidas incluídas en Inmobilizado material é o seguinte:

	Euros			
	Construcións e terreos	**Instalacións técnicas e outro inmobilizado material**	**Inmobilizado en curso e anticipos**	**Total**
Saldo ó 31.12.2020	**5.319.844**	**8.520.245**	**-**	**13.840.089**
Custo	17.805.915	69.845.215	-	87.651.130
Amortización acumulada	(12.486.071)	(61.324.970)	-	(73.811.041)
Altas	169.632	390.187	-	559.819
Baixas	-	(152.651)	-	(152.651)
Baixas de amortización acumulada	-	152.592	-	152.592
Dotación para amortización	(376.975)	(2.622.257)	-	(2.999.232)
Traspasos	-	-	-	-
Saldo ó 31.12.2021	**5.112.501**	**6.288.116**	**-**	**11.400.617**
Custo	17.975.547	70.082.751	-	88.058.298
Amortización acumulada	(12.863.046)	(63.794.635)	-	(76.657.681)
Valor contable	**5.112.501**	**6.288.116**	**-**	**11.400.617**

	Euros			
	Construcións e terreos	**Instalacións técnicas e outro inmobilizado material**	**Inmobilizado en curso e anticipos**	**Total**
Saldo ó 31.12.2019	**5.636.738**	**10.693.717**	**-**	**16.330.455**
Custo	17.746.975	69.364.365	-	87.111.340
Amortización acumulada	(12.110.237)	(58.670.648)	-	(70.780.885)
Altas	58.940	1.243.613	-	1.302.553
Baixas	-	(762.763)	-	(762.763)
Baixas de amortización acumulada	-	243.818	-	243.818
Dotación para amortización	(375.834)	(2.898.140)	-	(3.273.974)
Traspasos	-	-	-	-
Saldo ó 31.12.2020	**5.319.844**	**8.520.245**	**-**	**13.840.089**
Custo	17.805.915	69.845.215	-	87.651.130
Amortización acumulada	(12.486.071)	(61.324.970)	-	(73.811.041)
Valor contable	**5.319.844**	**8.520.245**	**-**	**13.840.089**

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As principais altas do exercicio 2021 corresponden con maquinaria e equipamento técnico por importe de 240.086 euros. As altas do exercicio 2020 tamén se correspondían principalmente con maquinaria e equipamento técnico por importe de 968.444 euros.

a) Bens totalmente amortizados

Ó 31 de decembro de 2021 existen construcións que están totalmente amortizadas e que aínda están en uso por un importe de 4.691 miles de euros (4.681 miles de euros ó 31 de decembro de 2020). O custo ó 31 de decembro de 2021 do resto de elementos do inmobilizado material totalmente amortizados en uso ascende a un importe de 56.345 miles de euros (55.686 miles de euros ó 31 de decembro de 2020).

b) Bens adscritos CAG

Durante o exercicio 2021 non se produciron variacións no custo do inmobilizado material transferido pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo detalle ó 31 de decembro de 2021 é o seguinte:

	Saldo 31.12.2021
Terreos	240.404
Construcións	8.582.233
Instalacións técnicas	866.017
Maquinaria e eq. técnicos	6.060.029
Útiles e ferramentas	4.829
Outras instalacións	966.806
Mobiliario	336.882
Outro inmobilizado	37.172
Total	**17.094.372**

As variacións da correspondente amortización acumulada ao longo do exercicio 2021 e 2020 son as seguintes:

	Euros			
	Saldo 31.12.2020	Dotacións	Baixas 2021	Saldo 31.12.2021
Construcións	8.072.410	129.735	-	8.202.145
Instalacións técnicas	866.017	-	-	866.017
Maquinaria e eq. técnicos	6.060.029	-	-	6.060.029
Útiles e ferramentas	4.829	-	-	4.829
Outras instalacións	966.806	-	-	966.806
Mobiliario	336.882	-	-	336.882
Outro inmobilizado	37.172	-	-	37.172
Total	**16.344.145**	**129.735**	**-**	**16.473.880**

	Euros			
	Saldo 31.12.2019	Dotacións	Baixas 2020	Saldo 31.12.2020
Construcións	7.942.675	129.735	-	8.072.410
Instalacións técnicas	866.017	-	-	866.017
Maquinaria e eq. técnicos	6.060.029	-	-	6.060.029
Útiles e ferramentas	4.829	-	-	4.829
Outras instalacións	966.806	-	-	966.806
Mobiliario	336.882	-	-	336.882
Outro inmobilizado	37.172	-	-	37.172
Total	**16.214.410**	**129.735**	**-**	**16.344.145**

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ao peche do exercicio 2021, o custo dos bens de inmobilizado material adscritos que se atopan totalmente amortizados é de 12.529 miles de euros (12.529 miles de euros en 2020).

c) Compromisos de adquisición de inmobilizado material

Ao peche do exercicio 2021 estaban abertos expedientes de compra de bens de inmobilizado material por un importe pendente de realizar que ascende a 987 miles de euros (372 miles de euros ó 31 de decembro de 2020).

d) Bens baixo arrendamento financeiro

No epígrafe de "Instalacións técnicas e outro inmobilizado material" inclúense activos que teñen a consideración de arrendamento financeiro, nos que a Sociedade é o arrendatario, en concreto o contrato de arrendamento dun sistema de produción dixital, cuxos importes móstranse a continuación:

	Euros	
	2021	**2020**
Custo	8.769.310	8.769.310
Amortización acumulada	(5.115.431)	(3.361.569)
	3.653.879	**5.407.741**

e) Subvencións recibidas

A Sociedade ten elementos de inmobilizado subvencionados, polos cales figuran no Patrimonio Neto no epígrafe A-3 "Subvencións, doazóns e legados recibidos" ao peche de 2021 un importe de 528.922 euros (673.660 euros ó 31 de decembro de 2020).

f) Seguros

A Sociedade dispón das pólizas de seguros que se estiman necesarias para dar cobertura aos posibles riscos que poidan afectar aos bens incluídos dentro do inmobilizado material da Sociedade.

8. Análise de instrumentos financeiros

8.1. Análise por categorías

O valor en libros de cada unha das categorías de instrumentos financeiros establecidas na norma de rexistro e valoración de Instrumentos financeiros é o seguinte:

	Euros		
	2021		
	Activos financeiros a longo prazo		
	Instrumentos de patrimonio	**Valores representativos de débeda**	**Créditos, derivados e outros**
Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto (nota 9)	97.086	-	-
Activos financeiros a custo amortizado (nota 10)	-	-	9.098
	97.086	**-**	**9.098**

	Euros		
	2020		
	Activos financeiros a longo prazo		
	Instrumentos de patrimonio	**Valores representativos de débeda**	**Créditos, derivados e outros**
Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto (nota 9)	97.086	-	-
Activos financeiros a custo amortizado (nota 10)	-	-	10.874
	97.086	**-**	**10.874**

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

	Euros		
	2021		
	Activos financeiros a curto prazo		
	Instrumentos de patrimonio	Valores representativos de débeda	Créditos, derivados e outros
Activos financeiros a custo amortizado (nota 10)	-	-	3.582.716
Efectivo e activos líquidos equivalentes	-	-	26.433.601
	-	**-**	**30.016.317**

	Euros		
	2020		
	Activos financeiros a curto prazo		
	Instrumentos de patrimonio	Valores representativos de débeda	Créditos, derivados e outros
Activos financeiros a custo amortizado (nota 10)	-	-	4.360.292
Efectivo e activos líquidos equivalentes	-	-	20.366.062
	-	**-**	**24.726.354**

Os créditos coas Administracións Públicas non son incluídos nesta clasificación por non ter consideración de instrumentos financeiros (véxase nota 10).

	Euros		
	2021		
	Pasivos financeiros a longo prazo		
	Débedas con entidades de crédito	Obrigas e outros valores negociables	Débitos, derivados e outros
Pasivos financeiros a custo amortizado (nota 19)	-	-	39.603.131
	-	**-**	**39.603.131**

	Euros		
	2020		
	Pasivos financeiros a longo prazo		
	Débedas con entidades de crédito	Obrigas e outros valores negociables	Débitos, derivados e outros
Pasivos financeiros a custo amortizado (nota 19)	-	-	23.031.568
	-	**-**	**23.031.568**

	Euros		
	2021		
	Pasivos financeiros a curto prazo		
	Débedas con entidades de crédito	Obrigas e outros valores negociables	Débitos, derivados e outros
Pasivos financeiros a custo amortizado (nota 19)	-	-	11.160.160
	-	**-**	**11.160.160**

	Euros		
	2020		
	Pasivos financeiros a curto prazo		
	Débedas con entidades de crédito	Obrigas e outros valores negociables	Débitos, derivados e outros
Pasivos financeiros a custo amortizado (nota 19)	-	-	12.120.045
	-	**-**	**12.120.045**

As débedas coas Administracións Públicas non son incluídas nesta clasificación por non ter consideración de instrumentos financeiros (véxase nota 19).

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

8.2. Análise por vencementos

Os importes dos instrumentos financeiros cun vencemento determinado ou determinable clasificados por ano de vencemento son os seguintes:

Activos financeiros

Ó 31 de decembro de 2021, os importes dos instrumentos financeiros cun vencemento determinado ou determinable clasificados por ano de vencemento son os seguintes:

	Euros						
	Activos financeiros						
	2022	2023	2024	2025	2026	Anos posteriores	Total
Investimentos financeiros							
- Créditos a terceiros	49.098	-	-	-	-	-	49.098
- Clientes	2.945.002	-	-	-	-	-	2.945.002
- Debedores, persoal e outros	588.616	-	-	-	-	9.098	597.714
Total	**3.582.716**	**-**	**-**	**-**	**-**	**9.098**	**3.591.814**

O saldo total de "Créditos a terceiros" correspóndese coa débeda pendente de cobro de determinadas produtoras e outras empresas subcontratistas a 31 de decembro de 2021. Nesta partida inclúese unicamente a débeda con sentenza firme a favor da Corporación RTVG ou con acordo de pago (véxase nota 10).

Os restantes activos financeiros rexistrados a longo prazo non presentan vencementos determinados, mentres que os rexistrados a curto prazo estímase que serán realizados en 2022.

Pasivos financeiros

Ó 31 de decembro de 2021, os importes dos pasivos financeiros cun vencemento determinado ou determinable clasificados por ano de vencemento orixínanse pola activación do contrato de arrendamento dun sistema de produción dixital para a Sociedade, é son os seguintes:

	Euros						
	Pasivos financeiros						
	2022	2023	2024	2025	2026	Anos posteriores	Total
Débedas financeiras							
- Acredores por arrendamento financeiro	1.753.862	1.753.862	146.155	-	-	-	3.653.879
Total	**1.753.862**	**1.753.862**	**146.155**	**-**	**-**	**-**	**3.653.879**

Os pasivos financeiros rexistrados no epígrafe "Débedas con empresas do Grupo e asociadas a longo prazo", por importe de 37.703.114 euros, non presentan vencementos determinados, si ben deberán cancelarse no momento que a AEAT abone á Sociedade os importes pendentes de IVE dende o exercicio 2017 ata o 2021. No caso de que as reclamacións de IVE resultaran de xeito desfavorables aos intereses da Sociedade, dito financiamento converterase en definitivo, mediante a subscrición do oportuno instrumento (véxase notas 21 e 25).

Os restantes pasivos financeiros rexistrados a curto prazo estímase que serán realizados en 2022.

9. Instrumentos de patrimonio de fóra do Grupo

O importe de 97.086 euros corresponde ao valor da participación no Fondo social da Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicas (F.O.R.T.A.) que, con sede en Madrid, ten como misión a representación en común de todas as televisións autonómicas para a defensa dos seus intereses.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

F.O.R.T.A. ten por obxecto social a cooperación e axuda no cumprimento das atribucións dos seus socios e, en especial, a axuda e cooperación en futuros acordos sobre dereitos da propiedade intelectual, retransmisións deportivas e culturais, conexións de emisión, recepción de servizos de novas e transmisións, intercambio de programas e servizos, duplicado de películas, participación nas organizacións profesionais nacionais e internacionais de radio e televisión e, en xeral, calquera acción referente a materias de interese común dos organismos ou entidades asociadas de radiodifusión e televisión. Dada a natureza non lucrativa da F.O.R.T.A., e tendo en conta que a maior parte das súas operacións as realiza cos seus socios, o prezo dos servizos prestados a estes fíxase anualmente de modo que os ingresos xerados equilibren os custos e gastos incorridos por esta.

10. Contas para cobrar

A continuación mostrase o detalle dos préstamos e partidas para cobrar:

	Euros	
	2021	**2020**
Contas para cobrar a longo prazo:		
Non vinculadas		
- Créditos a terceiros	813.706	520.165
- Deterioración de contas para cobrar (terceiros)	(813.706)	(520.165)
- Outros activos financeiros	9.098	10.874
- Outros créditos coas administracións públicas	38.610.694	20.342.000
	38.619.792	**20.352.874**
Contas para cobrar a curto prazo:		
Vinculadas (nota 25)		
- Clientes	135.539	129.237
- Deterioración de contas para cobrar	-	-
- Outros activos financeiros	-	-
	135.539	**129.237**
Non vinculadas		
- Clientes	2.845.263	2.813.867
- Deterioración de contas para cobrar (clientes)	(35.800)	(22.816)
- Debedores varios	571.816	810.206
- Persoal	12.000	28.846
- Outros créditos coas administracións públicas	1.175.700	1.025.496
- Créditos a terceiros	49.098	596.152
- Outros activos financeiros	4.800	4.800
	4.622.877	**5.256.551**
	4.758.416	**5.385.788**

A partida "Outros créditos coas administracións públicas" a longo prazo ó 31.12.2021 por 38.610.694 euros (20.342.000 euros ó 31.12.2020) non devindica ningún tipo de xuro e non ten vencemento definido. Inclúe a débeda da AEAT de IVE dende o exercicio 2017 ata o 2021 (véxase nota 21).

A suma das partidas de "Créditos a terceiros" a longo e curto prazo correspóndese coa débeda total pendente de recuperar de determinadas produtoras e de outras empresas subcontratistas ó 31 de decembro de 2021 por 862.804 euros (1.116.317 euros ó 31 de decembro 2020). No Activo do Balance inclúese a débeda anteriormente mencionada e o deterioro asociado, quedando polo tanto reflectida a débeda neta, é dicir aquela con sentenza firme a favor da Corporación RTVG ou con acordo de pago, que a 31 de decembro de 2021 ascende a 49.098 euros, estando integramente clasificada a curto prazo (véxase nota 8).

A 31.12.2021 e a 31.12.2020 non figura ningunha liquidación de IVE pendente de cobro, porque, como consecuencia da última inspección da AEAT, a recuperabilidade das liquidacións pendentes de devolución estímanse que sexa a longo prazo (véxase nota 21).

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O movemento da provisión por perdas por deterioración de valor das contas para cobrar a clientes é o seguinte:

	Euros	
	2021	2020
Saldo inicial	**(22.816)**	**(272.946)**
Baixas	-	249.494
Provisión por deterioración de valor de contas para cobrar	(13.634)	-
Reversión de importes non utilizados	650	636
Saldo final	**(35.800)**	**(22.816)**

A exposición máxima ao risco de crédito na data de presentación da información é o valor razoable de cada unha das categorías de contas para cobrar indicadas anteriormente. A Sociedade non mantén ningunha garantía como seguro.

O movemento da provisión por perdas por deterioración de valor dos créditos a terceiros é o seguinte:

	Euros	
	2021	2020
Saldo inicial	**(520.165)**	**(520.181)**
Baixas	-	-
Provisión por deterioración de valor de créditos con terceiros	(363.066)	-
Reversión de importes non utilizados	69.525	27.538
Traspasos	-	(27.522)
Saldo final	**(813.706)**	**(520.165)**

11. Existencias

O detalle das existencias da Sociedade ó 31 de decembro de 2021 e 2020 é o seguinte:

	Euros	
Descrición	**2021**	**2020**
Repostos técnicos	643.678	648.129
Almacén xeral	195.598	147.335
Subtotal	**839.276**	**795.464**
Deterioración repostos técnicos	(596.167)	(569.319)
Deterioración almacén xeral	(90.005)	(56.020)
Subtotal	**(686.172)**	**(625.339)**
Total	**153.104**	**170.125**

12. Capital

	Euros	
	2021	2020
Capital escriturado	25.000.000	25.000.000
	25.000.000	**25.000.000**

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O capital da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. ascende a 25.000.000 euros composto por 25.000 accións de 1.000 euros de valor nominal unitario. Ditas accións están totalmente subscritas e desembolsadas e comportan idénticos dereitos políticos e económicos, sendo a Xunta de Galicia o accionista único dende o 4 de decembro de 2015.

Coa entrada en vigor do Decreto 177/2015, do 3 de decembro, polo que se extingue a entidade de dereito público Compañía de Radio-Televisión de Galicia, as accións de Televisión de Galicia, S.A. (dende o 1 de xaneiro de 2016 Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.) que constitúen o seu capital social e que ata ese momento pertencían á Compañía de Radio-Televisión de Galicia, incorpóranse á Administración xeral da Comunidade Autónoma en cumprimento do artigo 7.2 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, de Medios Públicos de comunicación Audiovisual de Galicia, e de acordo co artigo 89.1 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de Patrimonio de Galicia.

13. Reservas e resultados de exercicios anteriores

a) Reservas

	Euros	
	2021	**2020**
Legal e estatutarias:		
- Reserva legal	2.322.589	2.322.589
	2.322.589	**2.322.589**
Outras reservas:		
- Reservas voluntarias	18.139.265	15.284.081
	18.139.265	**15.284.081**

Reserva legal e estatutarias

A reserva legal dótase de conformidade co artigo 274 da Lei de Sociedades de Capital, que establece que, en todo caso, unha cifra igual ao 10 por 100 do beneficio do exercicio destinarase a esta ata que alcance, polo menos, o 20 por 100 do capital social. Non se dotou no último exercicio, dada a ausencia de beneficios.

Non pode ser distribuída e, se é usada para compensar perdas, no caso de que non existan outras reservas dispoñibles suficientes para tal fin, debe ser reposta con beneficios futuros.

Outras reservas

No apartado "Outras reservas" inclúense as reservas voluntarias.

b) Resultados de exercicios anteriores

	Euros	
	2021	**2020**
Resultado negativo de exercicios anteriores	-	-
	-	-

Os movementos deste epígrafe nos exercicios 2021 e 2020 foron os seguintes:

	Euros	
	2021	**2020**
Saldo inicial	-	-
Achegas de socios	99.907.838	99.002.130
Resultados negativos do exercicio anterior	(99.907.838)	(99.002.130)
Saldo final	-	-

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

14. Resultado do exercicio

Os resultados do exercicio 2021 e 2020 traspásanse a "Resultados negativos de exercicios anteriores":

	Euros	
	2021	2020
Base de repartición		
Perdas e ganancias	(101.888.945)	(99.907.838)
	(101.888.945)	**(99.907.838)**

Proposta de aplicación do resultado

A proposta de aplicación do resultado e de reservas para presentar á Xunta Xeral de accionistas é a seguinte:

	Euros	
	2021	2020
Aplicación		
Achegas de socios	(103.228.478)	(102.763.022)
Resultados negativos de exercicios anteriores	-	-
Reservas voluntarias	1.339.533	2.855.184
	(101.888.945)	**(99.907.838)**

15. Outras achegas de socios

Correspóndese coas achegas patrimoniais de fondos efectuadas á Corporación RTVG pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (véxase notas 1d e 29) para o financiamento de déficits de explotación ou gastos xerais de funcionamento no exercicio 2021.

A Sociedade financia as súas operacións de explotación, entre outros, con recursos achegados pola Comunidade Autónoma de Galicia, imputando as cantidades correspondentes á conta "Achegas de socios" no exercicio no que se devindican. Esta achega de fondos ascendeu en 2021 a 103.228.478 euros (102.763.022 euros no exercicio 2020) -véxase notas 1d e 29-.

16. Subvencións, doazóns e legados recibidos

Recóllense baixo este epígrafe os ingresos derivados da adscrición de uso dos bens cedidos pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e o saldo das subvencións recibidas da Comunidade Autónoma de Galicia (CAG) para investimentos en inmobilizado.

O importe e movemento deste epígrafe ao longo do exercicio 2021 e 2020 é o seguinte:

	Euros	
	2021	2020
Saldo inicial	**673.660**	**808.398**
Aumentos	250.000	250.000
Imputación ao resultado (nota 7)	(394.738)	(384.738)
Saldo final	**528.922**	**673.660**

En "Aumentos" nos exercicios 2021 e 2020 indícanse as subvencións de capital da CAG (véxase nota 25).

En "Imputación ao resultado" nos exercicios 2021 e 2020 reflíctense os gastos derivados da amortización dos bens adscritos e das subvencións recibidas da CAG para investimento de inmobilizado.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

17. Outras provisións

O detalle conceptual e as variacións experimentadas nos distintos compoñentes da provisión para responsabilidades ao longo do exercicio 2021 e 2020 é o seguinte:

	Euros		
	2021		
	Continxencias laborais	Outras continxencias	Total
Saldo inicial	**1.860.305**	**38.918**	**1.899.223**
Dotacións	756.723	-	756.723
Aplicacións	(315.953)	-	(315.953)
Traspasos	(60.817)	-	(60.817)
Recuperacións	(285.696)	-	(285.696)
Saldo final	**1.954.562**	**38.918**	**1.993.480**

	Euros		
	2020		
	Continxencias laborais	Outras continxencias	Total
Saldo inicial	**1.254.993**	**38.918**	**1.293.911**
Dotacións	1.284.851	-	1.284.851
Aplicacións	(145.555)	-	(145.555)
Traspasos	-	-	-
Recuperacións	(533.984)	-	(533.984)
Saldo final	**1.860.305**	**38.918**	**1.899.223**

A Sociedade provisiona as continxencias probables xurdidas no curso normal do negocio e das súas operacións.

As principais dotacións do exercicio correspóndense a:

- Actualización de salarios e outros conceptos do persoal laboral orixinadas no exercicio 2021 e anteriores.

As principais aplicacións do exercicio correspóndense a:

- Liquidación de reclamacións retributivas do persoal propio derivadas de sentenzas.

As principais recuperacións do exercicio correspóndense a:

- Excesos de provisións relacionadas con reclamacións do persoal laboral e procedementos ordinarios, e especialmente por alcanzar acordos ou sentenzas firmes favorables.

18. Continxencias

Pasivos continxentes

A Sociedade ten pasivos continxentes por litixios xurdidos no curso normal do negocio dos que non se prevé que xurdan pasivos significativos distintos daqueles que xa están provisionados (véxase nota 17).

A Sociedade ten formalizados avais bancarios por importe de 36.476.913 euros para garantir os importes que reclama a AEAT derivados da inspección de IVE dos exercicios 2016 e 2017 (véxase nota 21). Ademais, a Sociedade ten outros pasivos continxentes por avais bancarios e outras garantías relacionadas, principalmente, coas provisións por continxencias laborais por importe de 617.672 euros.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

19. Contas para pagar

	Euros	
	2021	2020
Contas para pagar a longo prazo:		
- Acredores por arrendamento financeiro	1.900.017	3.653.879
- Débedas con empresas do Grupo e asociadas (nota 25)	37.703.114	19.377.689
	39.603.131	**23.031.568**
Contas para pagar a curto prazo:		
- Acredores por arrendamento financeiro	1.753.862	1.753.862
- Outros pasivos financeiros	5.185.261	5.384.259
- Débedas con empresas do Grupo e asociadas	295.540	311.825
- Provedores	75.714	66.107
- Acredores varios	3.416.743	4.113.289
- Persoal	280.036	287.237
- Outras débedas coas administracións públicas	2.676.095	2.476.040
- Anticipos de clientes	153.004	203.466
	13.836.255	**14.596.085**
	53.439.386	**37.627.653**

"Acredores por arrendamento financeiro" a longo prazo e curto prazo recolle as cotas correspondentes ao contrato de arrendamento dun sistema de produción dixital para a Sociedade -véxase nota 7d-. A distribución destas débedas por ano de vencemento reflíctense na Nota 8.2.

"Débedas con empresas do Grupo e asociados" a longo prazo reflicte un saldo a 31 de decembro de 2021 de 37.703.114 euros, cuxa orixe é a seguinte:

- En decembro de 2019, formalizouse un convenio de colaboración entre o seu Accionista Único (Xunta de Galicia) e a Sociedade no que a Xunta de Galicia obrigouse a aportar á Sociedade a cantidade máxima de 13.500.000 euros destinados exclusivamente a compensar a situación de tesourería derivada do cambio de criterio fiscal no IVE soportado e repercutido en relación coas liquidacións de dito imposto dos exercicios 2017 a marzo de 2021 (véxase nota 21). A distribución temporal das anualidades foi a seguinte: 2019 por 9.684.144 euros; 2020 por 2.693.545 euros; 2021 por 1.122.311 euros. O 11 de decembro de 2019 a Sociedade cobrou un libramento dos fondos correspondente ás cantidades retidas pola AEAT do exercicio 2017 ata a declaración de IVE do mes de outubro de 2019 por importe de 9.521.346 euros. O 25 de novembro de 2020 a Sociedade cobrou outro libramento dos fondos correspondentes ás cantidades de IVE non admitidas como deducibles pola AEAT dende a declaración de IVE do mes de novembro de 2019 ata a de outubro de 2020 por importe de 2.856.343 euros.

- En decembro de 2020, formalizouse a primeira addenda ao convenio de colaboración de decembro de 2019 co obxectivo de ampliar a achega de fondos destinados exclusivamente a compensar a situación de tesourería do exercicio 2020 consecuencia de que a AEAT, ademais de non permitir a dedución dunha parte de IVE soportado, deixou de devolver as autoliquidacións mensuais de IVE pola pretensión de aplicar criterios máis restritivos de deducibilidade (véxase nota 21). Con dita addenda, modifícase a distribución e amplíase a contía das anualidades do convenio formalizado en decembro de 2019 e a Xunta de Galicia obrígase a aportar á Sociedade a cantidade máxima de 20.500.000 euros. A distribución temporal das anualidades é a seguinte: 2019 por 9.684.144 euros; 2020 por 9.693.545 euros; 2021 por 1.122.311 euros. O 22 de decembro de 2020 a Sociedade cobrou un libramento dos fondos por importe de 7.000.000 euros, correspondentes ás cantidades non admitidas como deducibles pola AEAT da declaración de novembro de 2020 e un resto que quedara pendente de dispoñer de outubro de 2020, así como tamén ás cantidades das autoliquidacións mensuais de IVE dende decembro de 2019 ata novembro 2020.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- En xullo de 2021, formalizouse a segunda addenda ao convenio de colaboración de decembro de 2019 co obxectivo de ampliar a achega de fondos destinada exclusivamente a compensar a situación de tesourería do exercicio 2021 consecuencia de que a AEAT, ademais de non permitir a dedución dunha parte de IVE soportado, continúa sen devolver as autoliquidacións mensuais de IVE pola pretensión de aplicar criterios máis restritivos de deducibilidade (véxase nota 21). Con dita addenda, modifícase a distribución e amplíase a contía das anualidades da addenda formalizada en decembro de 2020 e a Xunta de Galicia obrígase a aportar á Sociedade a cantidade máxima de 40.000.000 euros. A distribución temporal das anualidades é a seguinte: 2019 por 9.684.144 euros; 2020 por 9.693.545 euros, 2021 por 19.872.311 euros; 2022 por 750.000 euros. O 30 de xullo de 2021 a Sociedade cobrou un libramento dos fondos por importe de 12.592.275 euros, correspondentes ao Acordo de Liquidación do 23 de xuño de 2021, ás cantidades non admitidas como deducibles pola AEAT das declaracións de decembro de 2020 ata abril de 2021, así como tamén ás cantidades non devoltas das autoliquidacións mensuais de IVE dende decembro de 2020 ata abril de 2021 e un resto que quedara pendente de dispoñer de novembro de 2020. O 28 de decembro de 2021 a Sociedade cobrou un libramento dos fondos por importe de 5.733.149 euros, correspondentes ás cantidades non admitidas como deducibles pola AEAT das declaracións de maio de 2021 ata novembro de 2021, así como tamén ás cantidades non devoltas das autoliquidacións mensuais de IVE de maio e xuño de 2021.

No caso de que as reclamacións de IVE resultaran de xeito desfavorables aos intereses da Sociedade, dito financiamento converterase en definitivo, mediante a subscrición do oportuno instrumento.

"Outros pasivos financeiros" a curto prazo inclúe a débeda con provedores de inmobilizado en 2021 por 5.113.002 euros (5.331.598 euros en 2020).

"Débedas con empresas do Grupo e asociadas" a curto prazo inclúe a débeda con provedores do Grupo por operacións comerciais, sendo en 2021 o saldo con Retegal de 295.540 euros (311.825 euros en 2020) e sendo en 2021 o saldo coa Xunta de Galicia de 0 euros (0 euros en 2020) -véxase nota 25-.

A exposición dos débitos e partidas para pagar da Sociedade a variacións nos tipos de xuro non é significativa.

20. Información sobre os aprazamentos de pagamentos efectuados a provedores. Disposición adicional terceira. "Deber de información" da Lei 15/2010, do 5 de xullo.

O detalle dos pagamentos por operacións comerciais realizadas durante os exercicios 2021 e 2020 e pendentes de pago ao peche dos mesmos en relación cos prazos máximos legais previstos na Lei 15/2010 son os seguintes:

	Días	
	2021	**2020**
Período medio de pago a provedores	22	20
Ratio de operacións pagadas	24	22
Ratio de operacións pendentes de pago	2	5
	Euros	
	2021	**2020**
Total pagos realizados	64.988.341	65.732.950
Total pagos pendentes	6.565.694	6.420.722

O prazo máximo legal para os pagos por operacións comerciais, fíxase en 60 días a partires da prestación ou recepción do ben ou servizo para este exercicio.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

21. Situación fiscal

Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., ten abertos a inspección os exercicios 2018 ao 2021, ámbolos dous incluídos, para tódolos impostos aos que, pola súa actividade, se atopa suxeita, salvo para o Imposto sobre Sociedades, para o que tamén está aberto o exercicio 2017.

A CRTVG está inmersa nunha problemática derivada das actuacións cambiantes da AEAT en canto aos diversos criterios de liquidación de IVE que tratou de impoñer nestes últimos anos:

- Prorrata xeral sobre o IVE Soportado (anos 1998 a 2000). A AEAT pretendeu restrinxir a plena deducibilidade do IVE soportado, de xeito que a porcentaxe de IVE deducible determinábase polo resultado dunha división, na que no numerador situábanse os "Ingresos suxeitos a IVE" e no denominador as "Achegas públicas + Ingresos suxeitos a IVE". Este conflito foi resolto nos tribunais a favor da CRTVG.

- Entidade "dual" sobre o IVE Soportado (anos 2013 e 2014). A AEAT pretendeu considerar á CRTVG unha entidade "dual" que realizaba unha actividade "non suxeita" a IVE (emisión de programas) e outra actividade "suxeita" (vendas de publicidade, fundamentalmente). Deste xeito, o IVE soportado sería plenamente deducible para os gastos directamente relacionados coa publicidade e para o resto dos gastos sería deducible na porcentaxe que representaban os ingresos publicitarios. Tratábase polo tanto dun criterio moi semellante ao pretendido para a controversia dos anos 1998 a 2000. Este conflito foi resolto nos tribunais a favor da CRTVG.

- Contraprestación de servizos sobre o IVE Repercutido (ano 2016 ata outubro 2017). A AEAT pretende aplicar o criterio baseado en que a achega patrimonial do socio único está suxeita ao IVE do 21%. A partir da modificación normativa da Lei 9/2017, de 8 de novembro, segundo a cal se clarifica definitivamente a non suxeición a IVE das achegas públicas, desisten deste criterio. Este conflito está pendente de resolver polos tribunais.

- Entidade "dual" sobre o IVE Soportado (novembro 2017 ata decembro 2018). A AEAT, despois da modificación normativa da Lei 9/2017, de 8 de novembro, volve novamente, e de forma semellante aos anos 2013 e 2014, ao criterio da actividade "dual". Neste caso a AEAT interpreta que hai unha actividade suxeita ao IVE, referente á venda de publicidade comercial e á emisión de xéneros de programas con alta audiencia; e outra actividade non suxeita ao IVE, referente á emisión de xéneros de programas con baixa audiencia. A novidade polo tanto, respecto aos anos 2013 e 2014, é que introduce a variable "audiencia" para interpretar se o IVE é deducible ou non. Este conflito está pendente de resolver polos tribunais.

- Entidade "dual" sobre o IVE Soportado (xaneiro 2019 ata a actualidade). A AEAT, insiste no criterio da suposta actividade "dual", pretendendo revisar e restrinxir a deducibilidade do IVE aplicando a "prorrata financeira", modificando polo tanto substancialmente os criterios de deducibilidade adoptados pola propia AEAT na inspección do período inmediatamente anterior a este (de novembro 2017 ata decembro de 2018), e a pesar da sentenza favorable á CRTVG pola controversia dos anos 2013 e 2014. Este conflito está actualmente en inspección por parte da AEAT.

De seguido darase detalle por períodos, criterios e contías da situación dos expedientes de reclamación ou revisión de IVE que se atopan en curso:

- Respecto ao IVE do exercicio 2017 (meses de xaneiro a maio), a controversia é polo IVE Repercutido. O 17 de xullo de 2017 iniciouse inspección por parte da AEAT, en base ao criterio expresado polo Tribunal Económico Administrativo Central (Resolución núm. 2663/2014, de data 25/04/2017 entre outras). A AEAT interpretou que o servizo de elaboración e emisión dunha determinada programación televisiva e radiofónica é unha actividade suxeita e non exenta do IVE, e non resulta de aplicación o suposto de non suxeición previsto no artigo 7.8 de Lei do IVE, e polo tanto as cantidades percibidas da Comunidade Autónoma forman parte da base impoñible do IVE. O 14 de novembro de 2017 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación mediante o cal reclama 4.176.945 euros, en concepto de cota máis xuros de demora polo IVE repercutido en dito período. A Sociedade, pola contía deste Acordo, depositou un aval bancario na AEAT, co obxecto de evitar o desembolso en metálico. Contra o devandito Acordo de Liquidación a Sociedade interpuxo reclamación económico-administrativa perante Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia (en adiante TEARG) o 21 de marzo do 2018, para reclamar as cantidades non abonadas pola AEAT por 4.106.167

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

euros. O TEARG emitiu fallo o 30 de xullo de 2020 (notificado o 5 de outubro de 2020) desestimando a reclamación e confirmando os actos impugnados. Contra esta resolución a CRTVG presentou o 4 de novembro de 2020 recurso de alzada perante o Tribunal Económico Administrativo Central (TEAC).

- Respecto ao IVE do exercicio 2016 e do 2017 (meses de xuño a outubro), a controversia é novamente polo IVE Repercutido. O 17 de febreiro de 2020 iniciouse a inspección abranguendo os períodos do ano 2016. Posteriormente, o 22 de xuño de 2020, a inspección ampliouse, entre outros, aos períodos de xuño a outubro do 2017. A AEAT volve de novo, ao igual que no período de xaneiro a maio de 2017, ao criterio de contraprestación de servizos, que na práctica supón aplicar o 21% de IVE repercutido sobre as achegas da Xunta de Galicia. O 23 de febreiro de 2021 a AEAT emitiu dous Acordos de Liquidación mediante os cales, en concepto de cota máis xuros de demora, polo exercicio 2016 reclama 23.052.557 euros e polos meses de xuño a outubro do 2017 reclama 9.247.411 euros (en total 32.299.968 euros). A Sociedade, pola contía destes Acordos, depositou dous avales bancarios na AEAT, co obxecto de evitar o desembolso en metálico. Contra os devanditos Acordos de Liquidación a Sociedade presentou o 3 de decembro de 2021 reclamación económico-administrativa perante o TEARG.

- Respecto ao IVE do exercicio 2017 (meses de novembro e decembro) e ao IVE do exercicio 2018, a controversia é polo IVE Soportado. O 28 de agosto de 2018 iniciouse unha nova inspección por parte da AEAT, cunha motivación moi semellante á dos exercicios 2013 e 2014, ao interpretar que a Sociedade é un ente "dual" que realiza unha actividade suxeita ao IVE, referente a venda de publicidade comercial e á emisión de xéneros de programas con alta audiencia; e outra actividade non suxeita ao IVE, referente a emisión de xéneros de programas con baixa audiencia. O 6 de marzo de 2019 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación con importe a favor da Sociedade de 4.147.405 euros, en concepto de cota (4.144.687 euros) máis xuros de demora (2.718 euros) polo IVE soportado dos meses de novembro e decembro de 2017 e de todo o exercicio 2018. Esta Liquidación foi aboada pola AEAT con data 11 de marzo de 2019. Contra o devandito Acordo de Liquidación a Sociedade interpuxo o 20 de novembro de 2019 reclamación económico-administrativa perante o TEARG, para reclamar as cantidades non abonadas pola AEAT relativas as cotas de IVE soportado que a Axencia Tributaria non admitiu como deducibles por importe de 3.333.356 euros. O TEARG emitiu fallo o 30 de abril de 2020 (notificado o 21 de maio de 2021) desestimando a reclamación e confirmando os actos impugnados. Contra esta resolución a CRTVG presentou o 21 de xuño de 2021 recurso de alzada perante o TEAC.

- Respecto ao IVE do exercicio 2019 e 2020, a controversia é outra vez polo IVE Soportado. O 22 de xuño de 2020 a AEAT amplía a inspección iniciada o 17 de febreiro de 2020, abranguendo respecto a esta problemática o exercicio 2019 e os meses de xaneiro a abril do 2020. A AEAT, apoiándose nun informe do 9 de xuño de 2020 da "Subdirección General de Ordenación Legal y Asistencia Jurídica", revisou de novo e restrinxiu a deducibilidade do IVE, polo suposta actividade dual, modificando substancialmente os criterios de deducibilidade adoptados pola propia AEAT na inspección do período inmediatamente anterior a este (de novembro 2017 a decembro de 2018). Esta inspección foi ampliada o 23 de marzo de 2021 a todo o ano 2020, aplicando a AEAT para todo o ano 2019 e 2020 a "prorrata financeira", segundo a cal a porcentaxe de IVE deducible ven determinada pola división dos Ingresos suxeitos a IVE entre os Ingresos totais (Achegas públicas + Ingresos suxeitos a IVE). A consecuencia foi que a CRTVG unicamente puido deducir un 6% do IVE total. O 23 de xuño de 2021 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación mediante o cal reclama 8.441.810 euros (7.953.224 euros en concepto de cota mais 488.586 por xuros de demora). Esta Liquidación foi abonada pola CRTVG en metálico o 2 de agosto de 2021. Contra o devandito Acordo de Liquidación a Sociedade presentou o 28 de marzo de 2022 reclamación económico-administrativa perante o TEARG, para reclamar a cantidade abonada polo Acordo de Liquidación e as cantidades non abonadas pola AEAT relativas as cotas de IVE soportado que a Axencia Tributaria non admitiu como deducibles, ambas contías ascenden a un importe total de 21.344.287 euros.

- Respecto ao IVE do exercicio 2021, a controversia é de novo polo IVE Soportado. O 16 de febreiro de 2022 iniciouse nova inspección por parte da AEAT, cunha motivación igual á dos exercicios 2019 e 2020. A pretensión da AEAT, ao interpretar que a Sociedade é un ente "dual", será aplicar o criterio da "prorrata financeira". A CRTVG nas declaracións de xaneiro a xuño aplicou os criterios de deducibilidade da inspección do período de novembro de 2017 ata decembro de 2018; pero para as declaracións de xullo a decembro, a Sociedade, para evitar posibles sancións, aplicou o criterio da "prorrata financeira" derivado do Acordo de Liquidación do 23 de xuño de 2021, resultante da inspección dos exercicios 2019 e 2020.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Respecto ao 2021 a CRTVG ten pendente de devolver as 6 autoliquidacións do exercicio favorables á Sociedade polos períodos de xaneiro a xuño por 2.884.214 euros, e en consideración de que o IVE soportado é deducible ao 100% ten pendente de recuperar IVE soportado non deducido por 6.942.670 euros (en total 9.826.884 euros).

En síntese, os criterios que pretende aplicar a AEAT para o IVE do exercicio 2016 ata outubro de 2017 (contraprestación de servizos) e para o IVE do 2018 ata a actualidade (actividade dual), indicar que contradí os criterios aplicados pola AEAT dende que se implantou o IVE no ano 1986, segundo os cales as achegas públicas se consideraban que non estaban vinculadas ao prezo, permitindo ademais a dedución plena do IVE soportado. Tamén contradí a resolución do TEARG do 27 de abril de 2017 sobre o IVE do 2013 e 2014 favorable á CRTVG, pola suposta "actividade dual", na que se di < *que para que haxa unha prestación de servizos debe existir un destinatario concreto do mesmo, que aquí non existe, pois (como afirma o acordo) o destinatario das emisións é "a colectividade en xeral, polo que falta o requisito do consumo que é a esencia do gravame do IVE"* >. E por último, respecto ao IVE repercutido do exercicio 2016 ata outubro de 2017, por unha banda, contradí o criterio adoptado pola propia AEAT nas actas de inspección dos IVE de 2013 e 2014, nas que se dicía con toda claridade que a compensación (achega da Xunta de Galicia) non formaba parte da base impoñible; e por outra banda, contradí a lei do IVE modificada pola lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo a cal se clarifica definitivamente a non suxeición a IVE destas achegas públicas ao "*excluír do concepto de subvención vinculada ao prezo as achegas efectuadas pola Administración Pública para financiar actividades de interese xeral cuxo destinatario sexa o conxunto da sociedade, ao non existir un destinatario identificable nin tampouco usuarios que satisfagan contraprestación algunha*".

Á data de formulación das presentes contas anuais, polo antedito, o asesor fiscal estima que a reclamación interposta perante o TEARG relativa ao IVE do ano 2016 e de xuño a outubro de 2017, que o recurso de alzada interposto perante o TEAC relativa ao IVE de xaneiro a maio de 2017, que o recurso de alzada interposto perante o TEAC relativo ao IVE de novembro de 2017 a decembro de 2018, que a reclamación interposta perante a Dependencia Rexional da AEAT para a súa elevación ao TEARG relativa ao IVE de 2019 e 2020 e que a reclamación pendente de realizar pola revisión das autoliquidacións de IVE do 2021, sexan finalmente resoltas de forma favorable á Sociedade cunha posibilidade superior ó 90%. Por este motivo, e considerando o probable prognóstico das reclamacións, o Consello de Administración da Sociedade estima que o desenlace final destes recursos serán favorables aos intereses da mesma e, como consecuencia desta circunstancia e de que a Xunta de Galicia está dando cobertura aos riscos da CRTVG a través do convenio de colaboración de 40 millóns de euros (véxase notas 19 e 25), non se provisionou contía algunha por este asunto no balance ó 31 de decembro de 2021 que se xunta.

Así mesmo, ó 31 de decembro de 2021 no Activo aparece recollido no epígrafe do Activo Non Corrente "VI.3. Outros créditos coas administracións públicas" a longo prazo, figura un importe de 38.610.693 euros, cuxo detalle a 31 de decembro de 2021 e 2020 se mostra a continuación:

			Euros	
Período	**Concepto**	**Controversia**	**2021**	**2020**
2017.01-2017.05	IVE Repercutido	Contraprestación servizos	4.106.167	4.106.167
2017.11-2018.12	IVE Soportado	Actividade dual	3.333.356	3.333.356
2019.01-2020.12	IVE Soportado	Actividade dual	21.344.287	12.902.477
2021.01-2021.12	IVE Soportado	Actividade dual	9.826.884	-
		Total	**38.610.694**	**20.342.000**

Por outro banda, no Pasivo, e co obxecto de compensar a débeda da AEAT descrita anteriormente, aparece recollido no epígrafe do Pasivo Non Corrente "III. Débedas con empresas do Grupo e asociadas a longo prazo", un importe a 31.12.2021 de 37.703.114 euros (19.377.689 euros a 31.12.2020). O importe percibido polo convenio de colaboración asinado entre o seu Accionista Único (Xunta de Galicia) e a Sociedade correspondese coas cantidades retidas pola AEAT do exercicio 2017 ata a declaración de IVE do mes de novembro de 2021. No caso de que as reclamacións de IVE resultaran de xeito desfavorables aos intereses da Sociedade, dito financiamento converterase en definitivo, mediante a subscrición do oportuno instrumento (véxase notas 19 e 25).

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A conciliación entre o resultado contable do exercicio 2021 e 2020 e a Base Impoñible do Imposto sobre Sociedades do exercicio é a seguinte:

Conceptos	Euros
Resultado contable 2021	(101.888.945)
Diferenzas permanentes	19.476
Diferenzas temporais	(2.185.273)
Resultado axustado 2021	**(104.054.742)**
Base impoñible 2021	**(104.054.742)**

Conceptos	Euros
Resultado contable 2020	(99.907.838)
Diferenzas permanentes	21.550
Diferenzas temporais	(2.185.273)
Resultado axustado 2020	**(102.071.561)**
Base impoñible 2020	**(102.071.561)**

As diferenzas temporais do exercicio 2021 e 2020 orixínanse debido ás reversións do 10% do límite establecido ás amortizacións fiscalmente deducibles durante os anos 2013 e 2014 por importe de 2.185 miles de euros.

De acordo coas declaracións presentadas do Imposto sobre Sociedades e unha vez estimada a liquidación do exercicio 2021, as bases impoñibles negativas provisionais para compensar son as seguintes:

Ano	Importe
1997	111.144
1998	88.458
1999	186.115
2000	55.049.137
2001	57.924.263
2002	80.066.814
2003	78.302.037
2004	82.273.550
2005	79.433.232
2006	85.811.393
2007	92.081.880
2008	124.307.519
2009	88.281.447
2010	107.957.338
2011	100.161.630
2012	96.991.940
2013	84.478.899
2014	80.138.061
2015	89.799.467
2016	99.413.841
2017	95.757.989
2018	94.063.877
2019	101.164.782
2020	102.071.561
2021 (Estimada)	104.054.742
Euros	**1.979.971.116**

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Segundo o artigo 5 do disposto na resolución do 9 de febreiro de 2016, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se desenvolven as normas de rexistro, valoración e elaboración das contas anuais para a contabilización do Imposto sobre Beneficios, para poder recoñecer un activo debe ser probable que a empresa poda obter beneficios fiscais que permitan compensar as citadas bases impoñibles negativas nun prazo non superior ao previsto na lexislación fiscal, co límite máximo de dez anos contados dende a data de peche do exercicio, salvo proba de que será probable a súa recuperación nun prazo maior, en aqueles casos nos que a lexislación tributaria permita compensar en prazos superiores ou non estableza un límite temporal para poder practicar a compensación.

O Consello de Administración da Sociedade e os seus asesores fiscais consideran que destas inspeccións e dos exercicios abertos non se producirán pasivos adicionais de importancia para estas contas anuais tomadas no seu conxunto.

22. Ingresos e gastos

a) Transaccións en moeda estranxeira

O detalle das compras en moeda distinta do euro realizadas ao longo do exercicio 2021 e 2020 é o seguinte:

	Euros		
	2021		
Tipo de moeda	**Importe**	**Divisa**	**Contravalor euros**
Dólares USA	890.740	USA	763.965
Libras esterlinas	1.638	GBP	1.904
			765.869

	Euros		
	2020		
Tipo de moeda	**Importe**	**Divisa**	**Contravalor euros**
Dólares USA	1.242.276	USA	1.117.801
Libras esterlinas	-	GBP	-
			1.117.801

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

b) Importe neto da cifra de negocios

O importe neto da cifra de negocios correspondente ás actividades ordinarias da Sociedade distribúese xeograficamente e por liña de produto como segue:

	Euros			
	Vendas 2021			
		Distribución por zonas xeográficas		
	Importes totais	Galicia	Resto España	Estranxeiro
Vendas de publicidade				
Vendas brutas publicidade comercial	6.861.815	3.776.998	3.083.937	880
Vendas brutas publicidade intercambio	55.162	54.426	736	-
Descontos s/ vendas publicidade	(546.166)	(432.248)	(113.918)	-
Rappels sobre vendas	(107.521)	(42.329)	(65.192)	-
	6.263.290	**3.356.847**	**2.905.563**	**880**
Vendas de dereitos de emisión e outros				
Vendas Dereitos Conexión	221.053	-	-	221.053
Vendas Dereitos Emisión Coproducións Audiovisuais	132.500	119.945	12.555	-
Vendas Dereitos Emisión Produción Allea	-	-	-	-
Vendas Dereitos Emisión Produción Propia Contratada	-	-	-	-
Vendas Dereitos Emisión Produción Propia Interna	-	-	-	-
Vendas Dereitos Emisión Novas	600	-	600	-
Vendas Dereitos Retransmisións Deportivas	68.912	-	68.912	-
Vendas Material Arquivo	11.819	2.110	9.709	-
Vendas Produción Publicidade	1.700	-	1.700	-
Prestación Asistencias Técnicas	8.618	4.000	4.618	-
Prestación Servizos Diversos e Outras Vendas	-	-	-	-
Achegas á produción da Comunidade Autónoma de Galicia	143.304	143.304	-	-
Achegas á produción doutras entidades públicas	-	-	-	-
Achegas á produción doutras entidades privadas	-	-	-	-
	588.506	**269.359**	**98.094**	**221.053**
	6.851.796	**3.626.206**	**3.003.657**	**221.933**

	Euros			
	Vendas 2020			
		Distribución por zonas xeográficas		
	Importes totais	Galicia	Resto España	Estranxeiro
Vendas de publicidade				
Vendas brutas publicidade comercial	6.554.090	3.780.542	2.770.141	3.407
Vendas brutas publicidade intercambio	34.567	31.491	3.076	-
Descontos s/ vendas publicidade	(488.622)	(399.826)	(88.615)	(181)
Rappels sobre vendas	(117.694)	(39.347)	(78.347)	-
	5.982.341	**3.372.860**	**2.606.255**	**3.226**
Vendas de dereitos de emisión e outros				
Vendas Dereitos Conexión	261.571	17.035	428	244.108
Vendas Dereitos Emisión Coproducións Audiovisuais	68.220	61.415	194	6.611
Vendas Dereitos Emisión Produción Allea	2.684	-	2.684	-
Vendas Dereitos Emisión Produción Propia Contratada	500	-	500	-
Vendas Dereitos Emisión Produción Propia Interna	10.000	-	10.000	-
Vendas Dereitos Emisión Novas	2.995	91	2.904	-
Vendas Dereitos Retransmisións Deportivas	21.625	-	21.625	-
Vendas Material Arquivo	19.076	14.280	4.071	725
Vendas Produción Publicidade	26.000	8.500	17.500	-
Prestación Asistencias Técnicas	3.035	-	3.035	-
Prestación Servizos Diversos e Outras Vendas	-	-	-	-
Achegas á produción da Comunidade Autónoma de Galicia	141.474	141.474	-	-
Achegas á produción doutras entidades públicas	(282.312)	(282.312)	-	-
Achegas á produción doutras entidades privadas	-	-	-	-
	274.868	**(39.517)**	**62.941**	**251.444**
	6.257.209	**3.333.343**	**2.669.196**	**254.670**

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

c) Consumo de materias primas e outras materias consumibles

	Euros	
	2021	2020
Consumo de materias primas e outras materias consumibles:		
Compras:		
- Compras nacionais	288.869	343.193
- Adquisicións intracomunitarias	2.059	4.057
- Importacións	-	1.066
Variación de existencias	(43.812)	15.806
	247.116	**364.122**

d) Gastos de persoal

	Euros	
	2021	2020
Soldos, salarios e asimilados	36.812.975	36.809.937
Cargas sociais	12.270.255	12.362.707
Provisións	713.854	1.267.331
	49.797.084	**50.439.975**

No 2021, respecto ao 2020, produciuse un incremento nas retribucións do sector público segundo a Lei 11/2020, do 30 de decembro, de rango estatal que supuxo un 0,9%.

O criterio de cálculo aplicado para o cómputo do número de empregados, que se indican nos cadros seguintes, efectuouse tendo en conta as xornadas a tempo parcial dos traballadores que non prestan servizos a tempo completo.

O número de empregados ao longo do exercicio 2021 e 2020, así como a situación o 31 de decembro de 2021 e 2020, e a súa distribución, clasificado polas categorías establecidas en convenio, e por sexos, é a seguinte:

Categoría	Empregados medios 2021	31.12.2021		
		Empregados	Homes	Mulleres
Alta dirección	**1**	**1**	1	-
Estrutura directiva	**37**	**37**	19	18
Nivel 1	**258**	**260**	103	157
Nivel 2	**60**	**61**	28	33
Nivel 3	**34**	**35**	27	8
Nivel 4	**164**	**164**	147	17
Nivel 5	**73**	**74**	52	22
Nivel 6	**38**	**38**	17	21
Nivel 7	**185**	**185**	109	76
Nivel 8	**21**	**23**	21	2
Nivel 9	**21**	**21**	21	-
Total	**892**	**899**	**545**	**354**

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Categoría	Empregados medios 2020	31.12.2020 Empregados	Homes	Mulleres
Alta dirección	1	1	1	-
Estrutura directiva	36	36	18	18
Nivel 1	263	259	101	158
Nivel 2	63	61	29	32
Nivel 3	37	35	27	8
Nivel 4	168	165	147	18
Nivel 5	75	74	54	20
Nivel 6	42	40	17	23
Nivel 7	184	183	106	77
Nivel 8	21	21	20	1
Nivel 9	22	21	21	-
Total	**912**	**896**	**541**	**355**

O persoal que ocupa postos de "Estrutura directiva" ten unha vinculación laboral establecida ao amparo do Real Decreto 1382/1985, de 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial do persoal de alta dirección.

O número medio de empregados con discapacidade igual ou superior ao 33% ao longo do exercicio 2021 e 2020, é o seguinte:

	Empregados medios 2021	Empregados medios 2020
Total	**25**	**25**

O Convenio Colectivo da Corporación RTVG contempla, no seu artigo 80, a existencia dun Plan de pensións para os traballadores cunha antigüidade mínima de 1 ano cunha achega mensual de 30,05 euros por traballador, non actualizable.

A partires do 31 de decembro de 2011 en virtude do Real Decreto Lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, publicado no BOE o 31 de decembro de 2011, a Sociedade non realiza achegas adicionais ao plan de pensións.

Con data 2 de setembro de 2015 publícase no Diario Oficial de Galicia a resolución de 17 de agosto de 2015 do novo Convenio Colectivo da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. con vixencia dende a súa publicación ata o 31 de decembro de 2016, e con posibilidade de prórroga automática por sucesivos períodos dunha anualidade no caso de non ser denunciado de modo expreso por ningunha das partes.

e) Deterioración e resultado por alleamentos de inmobilizado

	Euros 2021	2020
Resultado por baixas de inmobilizado material	28.571	(333.706)
	28.571	**(333.706)**

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

23. Resultado financeiro

	Euros	
	2021	2020
Ingresos financeiros:		
- De terceiros	14.086	210.153
	14.086	**210.153**
Gastos financeiros:		
- Por débedas con empresas do Grupo e asociadas (Nota 19)	-	-
- Por débedas con terceiros	-	(2.551)
- Por actualización de provisións	(42.869)	(17.519)
	(42.869)	**(20.070)**
Diferenzas de cambio	**69.472**	**36.526**
Resultado financeiro	**40.689**	**226.609**

24. Retribución ao Consello de Administración e á Alta Dirección

a) Retribución aos membros do Consello de Administración

Con data 1 de xaneiro de 2016, constitúese a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. que é administrada polo Consello de Administración, que formula as Contas Anuais.

Durante os exercicio 2021 e 2020 a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. rexistrou os seguintes importes en concepto de retribucións aos membros do Consello de Administración:

	Euros	
	2021	2020
Soldos e asistencias	361.417	370.648
Seguridade Social	73.646	75.313
Primas seguros	-	-
	435.063	**445.961**

No 2021, respecto ao 2020, produciuse un incremento nas retribucións do sector público segundo a Lei 11/2020, do 30 de decembro, de rango estatal que supuxo un 0,9%.

Os importes devindicados polo Consello de Administración da Sociedade son contabilizados no epígrafe de "Outros gastos de explotación" da Conta de Perdas e Ganancias, por tratarse de persoal vinculado á Corporación RTVG por unha relación de carácter mercantil.

b) Retribución e préstamos á Alta Dirección

As funcións de Alta Dirección foron desempeñadas polo Director Xeral.

O Director Xeral percibiu unha retribución bruta no ano 2021 de 94.345 euros (93.866 euros en 2020). No 2021, respecto ao 2020, non se produciu o incremento retributivo do 0,9% da Lei 11/2020, en aplicación do artigo 18.Seis da Lei 3/2021, de 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Director Xeral non tiña concedido ningún préstamo ó 31 de decembro de 2021 e 2020.

A 31 de decembro de 2021 e 2020 polo tanto, a Sociedade non tiña concedido ningún préstamo ou anticipo á Alta Dirección, nin contraeu compromiso algún en materia de pensións ou seguros de vida a favor da mesma, a parte dos indicados na nota 3.14 para tódolos empregados.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

c) Información sobre conflitos de interese dos administradores

No deber de evitar situacións de conflito co interese da Sociedade, durante o exercicio corrente, os membros do Consello de Administración cumpriron con tódalas obrigas previstas no artigo 228 do texto refundido da Lei de Sociedades de Capital. Así mesmo, tanto eles como as persoas vinculadas, evitaron incorrer nos supostos de conflito de interese previstos no artigo 229 de devandita lei, excepto nos casos en que se obtivera a correspondente autorización.

25. Outras operacións con empresas do Grupo e vinculadas

Dende o 31 de decembro de 2015, o Accionista Único é a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento do citado Decreto 177/2015, de 3 de decembro, polo que se realiza o traspaso de accións da Televisión de Galicia, S.A. propiedade ata ese momento da Compañía de Radio-Televisión de Galicia (véxase nota 1b).

As transaccións que a Sociedade mantivo durante os exercicios 2021 e 2020 coa Xunta de Galicia desagréganse como segue:

	Euros	
	2021	2020
Achegas patrimoniais (nota 15)	103.228.478	102.763.022
Subvencións de capital (nota 16)	250.000	250.000
Ingresos por vendas e convenios	248.046	299.274

Respecto aos saldos debedores de carácter comercial co Accionista Único ó 31 de decembro de 2021 e 2020 desagréganse como segue:

	Euros	
Organismo	2021	2020
Xunta: Consellería de Cultura e Turismo	-	20.000
Xunta: Consellería de Cultura, Educación e Universidade	24.000	-
Xunta: Consellería do Mar	100.000	100.000
Xunta: Consellería do Medio Rural	11.539	6.737
Xunta: Secretaría Xeral Medios de Comunicación	-	2.500
	135.539	**129.237**
	(nota 10)	(nota 10)

Existen saldos acredores de carácter comercial ó 31 de decembro de 2021 e 2020 que se desagregan como segue:

	Euros	
Organismo	2021	2020
Redes de telecomunicación galegas Retegal, S.A.	295.540	311.825
	295.540	**311.825**
	(nota 19)	(nota 19)

Existen saldos acredores de carácter non comercial co Accionista Único ó 31 de decembro de 2021 e 2020 desagréganse como segue:

	Euros	
Organismo	2021	2020
Xunta: Consellería de Facenda	37.703.114	19.377.689
	37.703.114	**19.377.689**
	(nota 19 e 21)	(nota 19 e 21)

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ó 31 de decembro de 2021 existen 37.703.114 euros correspondentes ao financiamento transitorio recibido do Accionista Único (Xunta de Galicia) para compensar a situación de tesourería derivada do cambio de criterio fiscal no IVE soportado e repercutido en relación coas liquidacións de dito imposto dende xaneiro 2017 ata novembro de 2021 (19.377.689 euros ó 31 de decembro de 2020). A liquidación desta débeda está condicionada á resolución e cobro dos litixios coa AEAT. No caso de que as reclamacións de IVE resultaran de xeito desfavorables aos intereses da Sociedade, dito financiamento converterase en definitivo, mediante a subscrición do oportuno instrumento (véxase notas 19 e 21).

26. Información sobre medio ambiente

Ó 31 de decembro de 2021 e 2020 non existen activos de importancia destinados á mellora do medio ambiente, nin se incorreu en gastos relevantes desta natureza ao longo do exercicio.

O Consello de Administración da Sociedade estima que non existen continxencias significativas relacionadas coa protección e mellora medioambiental, e non considera necesario constituír unha provisión para riscos e gastos co devandito carácter ó 31 de decembro de 2021 e 2020.

Ao longo do exercicio anual rematado o 31 de decembro de 2021 e 2020, a Sociedade non recibiu achegas de natureza medioambiental.

27. Honorarios de auditores de contas

Os honorarios relativos aos servizos de auditoría do exercicio 2021 da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. inclúense dentro do importe de adxudicación de contratación, polo sistema de concurso, procedemento aberto, efectuado pola Corporación RTVG, en virtude da Resolución do Director Xeral da Corporación RTVG de data 9 de novembro de 2021.

	Euros			
	2021		2020	
	Pricewaterhouse Coopers Auditores, S.L.	Entidades da rede PwC	Pricewaterhouse Coopers Auditores, S.L.	Entidades da rede PwC
Servizos de auditoría	27.000	-	27.000	-
Asesoramento fiscal	-	-	-	-
Outros servizos	-	-	-	-
	27.000	**-**	**27.000**	**-**

28. Feitos posteriores ao peche

Non se produciron feitos posteriores que puidesen ter un impacto significativo sobre as presentes contas anuais.

29. Orzamentos para o exercicio 2022

Os orzamentos para o exercicio 2022 da CRTVG contemplan unha partida específica no epígrafe de "Tributos" para dar cobertura á problemática do IVE (véxase nota 21) de 10.500.000 euros (0 euros en 2021). En consecuencia para establecer unha comparativa en termos homoxéneos dos valores do ano 2022 co 2021, de seguido indicaranse para o exercicio 2022, ademais das contías totais, os valores excluíndo a asignación para a problemática do IVE.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mediante a Lei 17/2021 do Parlamento de Galicia, do 27 de decembro, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 31 de decembro de 2021, apróbanse para o exercicio 2022 os Orzamentos de explotación e capital de Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A, polos seguintes importes:

	Euros			
	2022 (Total)	**2022 (IVE)**	**2022**	**2021**
Orzamento consolidado	121.560.000	(10.500.000)	**111.060.000**	**110.351.000**
Achegas patrimoniais	114.228.478	(10.500.000)	**103.728.478**	**103.228.478**
Subvencións de capital	250.000	-	**250.000**	**250.000**

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CRTVG

Informe de Xestión

2021

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Informe de Xestión
correspondente ao exercicio anual rematado
ao 31 de decembro de 2021

1. *Estrutura organizativa*

Conforme á Lei 9/2011, de 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e á resolución da dirección xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG), de data 14 de setembro de dous mil vinte e un, pola que se organiza a súa estrutura directiva, os órganos de goberno da entidade quedan establecidos do seguinte xeito:

- Xunta xeral de accionistas. Nomea os membros do Consello de Administración elixidos polo Parlamento de Galicia.
- Consello de Administración. Está composto por sete membros, un deles o director ou directora xeral. Correspóndelle a administración e o control da Corporación RTVG. Realiza as funcións de control a través dos seguintes órganos: o Pleno, as Comisións de participación, asesoramento ou de control interno e a Comisión de Economía e Control.
  As comisións do consello que desenvolven traballos sectoriais son as seguintes:
  - Comisión de Economía e Control
  - Comisión de Igualdade e Responsabilidade Social Corporativa
  - Comisión de Recursos Humanos
  - Comisión de Regulamento e Réxime Interior
  - Comisión de Renovación Tecnolóxica e Novas Canles
  - Comisión de Programación
- Estrutura directiva. Está composta por tres órganos de dirección:
  - Comité de Dirección
  - Comisión de Coordinación
  - Comisión de Proxectos, Tecnoloxía e Sistemas

2. *Resultado orzamentario do exercicio rematado o 31.12.2021*

O resultado orzamentario do exercicio presenta unha posición positiva que acada un valor de 2.817.076 euros.

Conciliación entre o resultado contable e o resultado orzamentario :

A.5) Resultado do Exercicio	**(101.888.945)**
20. Resultado do exercicio por operacións de capital	1.227.543
21. Achegas institucionais C.A. de Galicia	103.478.478
A.6) Resultado Orzamentario do Exercicio (A.5 + 20 + 21)	**2.817.076**

A información da conciliación entre o resultado contable e o resultado orzamentario amplía e complementa a información que se reflicte na Conta de Perdas e Ganancias das Contas Anuais da Corporación RTVG para 2021.

3. *Indicadores económicos*

3.1. Indicadores de carácter orzamentario

➢ Liquidación orzamentaria

Para atender os compromisos de gasto asociados á xestión do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, a Corporación RTVG xestionou un orzamento definitivo no 2021, por importe de 110,4 millóns de euros.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A liquidación orzamentaria da Corporación RTVG correspondente ao exercicio 2021 acada un resultado orzamentario en posición de superávit por importe de 2.817.076 euros.

Euros

DOTACIÓNS E RECURSOS CONSOLIDADOS 2021	ORZAMENTO INICIAL 2021	ORZAMENTO DEFINITIVO 2021	ORZAMENTO EXECUTADO 2021	RESULTADO ORZAMENT. 2021
DOTACIÓNS				
Compras	36.197.187	39.279.318	39.195.193	84.125
Servizos Exteriores	15.580.000	14.099.000	13.758.897	340.103
Tributos	154.000	154.000	127.886	26.114
Gastos de Persoal	52.843.813	49.861.682	49.797.084	64.598
Outros Gastos de Xestión	21.000	21.000	18.377	2.623
Gastos Financeiros	71.000	71.000	45.042	25.958
Perdas Prod. do Activo non Cte. e G. Excep.	0	1.000	300	700
Perdas por Deterioros e Outras Dot.	0	380.000	376.700	3.300
Inmobilizacións Intanxibles	2.847.000	3.507.000	3.499.152	7.848
Inmobilizacións Materiais	2.637.000	2.977.000	2.961.077	15.923
TOTAL DOTACIÓNS	***110.351.000***	***110.351.000***	***109.779.708***	***571.292***
RECURSOS				
Ingresos Publicitarios Netos	6.125.000	6.125.000	6.263.290	138.290
Outras Vendas	651.000	651.000	638.506	(12.494)
Outros Ingresos Xestión	95.522	95.522	534.028	438.506
Ingresos Financeiros	1.000	1.000	85.731	84.731
Benef. Prod. do Activo non Cte e I. Excep.	0	0	36.163	36.163
Inmobilizacións Materiais (Vtas e devol.)	0	0	0	0
Achegas Patrimonial	103.228.478	103.228.478	103.228.478	0
Subvencións de Capital	250.000	250.000	250.000	0
Remanentes de Capital	0	0	1.560.588	1.560.588
TOTAL RECURSOS	***110.351.000***	***110.351.000***	***112.596.784***	***2.245.784***
RESULTADO ORZAMENTARIO 2021	***0***	***0***	***2.817.076***	***2.817.076***

A conciliación cos valores de balance a través do estado demostrativo das variacións de remanente de tesourería é a seguinte:

Euros

CONCEPTOS	2021	2020	VARIACIÓN
DEREITOS PENDENTES DE COBRO	***43.584.800***	***25.955.358***	***17.629.442***
Créditos Concedidos a l/p	0	0	0
Credito Facenda Pª L/P	38.610.694	20.342.000	18.268.694
Fianzas e depósitos const.l/p	9.098	10.874	(1.776)
Créditos concedidos c/p	49.098	596.152	(547.054)
Debedores por operacións tráfico	4.668.150	4.779.545	(111.395)
Investimentos financeiros c/p	4.800	4.800	0
Axustes periodificación	192.569	187.669	4.900
Anticipos sobre compras	50.391	34.318	16.073
OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO	***(51.778.987)***	***(34.119.135)***	***(17.659.852)***
Provisións responsabilidades	(1.993.480)	(1.899.223)	(94.257)
Débedas a L/P	(37.703.114)	(19.377.689)	(18.325.425)
Acredores por operacións tráfico	(12.010.134)	(12.789.562)	779.428
Outras débedas a c/p	(72.259)	(52.661)	(19.598)
TESOURARÍA	***26.433.601***	***20.366.062***	***6.067.539***
(=) REMANENTE TESOURERÍA	***18.239.414***	***12.202.285***	***6.037.129***
Variación neta incluídos remanentes por incorporacións orzamentarias			(3.220.053)
(=) RESULTADO ORZAMENTARIO 2021			***2.817.076***

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

De acordo co estipulado no artigo 85.2.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, tramitáronse determinados expedientes de modificación orzamentaria. A Consellería de Facenda autorizou modificacións do orzamento de explotación da Corporación RTVG en datas 19.05 e 30.09.2021.

En clave de xestión, traballouse en incentivar unha xestión eficiente dos recursos dotando á xestión dun maior sentido empresarial. Establecer unha administración cunha maior capacidade de xestión estratéxica, en orde a mellorar as capacidades de adaptación ao cambio, esixiu completar os procedementos convencionais de cálculo e proxección ao futuro, mellorar a función de predición de análise especulativa-selectiva e as análises de percepción subxectiva. A xerencia orzamentaria desenvolvida no ano 2021 estivo centrada, entre outros aspectos, en acompasar a administración financeira e a orzamentaria.

A provisión do servizo público de comunicación audiovisual está comprometida coa transformación dixital e a competitividade a cubrir nunha secuencia sucesiva de transformación cultural, transformación orgánica, transformación profesional e transformación tecnolóxica.

➢ Histórico de resultados orzamentarios

Coa finalidade de presentar unha completa información sobre a execución orzamentaria que facilite a comprensión dos valores do exercicio 2021, a continuación recóllese o cadro de resultados orzamentarios consolidados da Corporación RTVG, S.A. referidos ao período 1985/2021:

Millóns de euros

CONCEPTOS	ORZAMENTO	RESULTADO	RESULTADO ACUMULADO	CONCEPTOS	ORZAMENTO	RESULTADO	RESULTADO ACUMULADO
EXERCICIO 1985		(0,7)	(0,7)	EXERCICIO 2005	125,1	19,9	(55,5)
EXERCICIO 1986	20,5	(1,8)	(2,5)	EXERCICIO 2006	139,7	4,5	(51,0)
EXERCICIO 1987	27,4	(1,4)	(3,9)	EXERCICIO 2007	133,8	3,7	(47,3)
EXERCICIO 1988	35,3	(7,5)	(11,4)	EXERCICIO 2008	142,1	(3,7)	(51,0)
EXERCICIO 1989	41,0	(14,0)	(25,4)	**SUMA 1985-2008**		**(51,0)**	**(51,0)**
EXERCICIO 1990	66,6	(3,8)	(29,2)	EXERCICIO 2009	146,9	2,0	(49,0)
EXERCICIO 1991	72,2	(11,0)	(40,2)	EXERCICIO 2010	145,4	21,6	(27,4)
EXERCICIO 1992	64,1	(9,4)	(49,6)	EXERCICIO 2011	121,5	0,4	(27,0)
EXERCICIO 1993	62,0	(2,3)	(51,9)	EXERCICIO 2012	114,4	0,3	(26,7)
EXERCICIO 1994	68,1	(2,7)	(54,6)	EXERCICIO 2013	104,0	0,3	(26,4)
EXERCICIO 1995	71,6	0,7	(53,9)	EXERCICIO 2014	107,8	0,3	(26,1)
EXERCICIO 1996	76,0	2,4	(51,5)	EXERCICIO 2015	103,6	0,8	(25,3)
EXERCICIO 1997	81,0	(0,1)	(51,6)	EXERCICIO 2016	104,1	3,7	(21,6)
EXERCICIO 1998	87,3	(2,5)	(54,1)	EXERCICIO 2017	107,2	1,6	(20,0)
EXERCICIO 1999	100,9	5,5	(48,6)	EXERCICIO 2018	106,9	2,2	(17,8)
EXERCICIO 2000	101,0	10,6	(38,0)	EXERCICIO 2019	109,2	1,7	(16,1)
EXERCICIO 2001	99,9	1,7	(36,3)	EXERCICIO 2020	111,2	1,8	(14,3)
EXERCICIO 2002	105,5	(21,9)	(58,2)	EXERCICIO 2021	110,4	2,8	(11,5)
EXERCICIO 2003	108,1	(9,6)	(67,8)	**SUMA 2009-2021**		**39,5**	**(11,5)**
EXERCICIO 2004	118,0	(7,6)	(75,4)	**TOTAIS EUROS**		**(11,5)**	**(11,5)**

Fonte: Contas anuais auditadas.

A liquidación orzamentaria da Corporación RTVG correspondente ao exercicio 2021 presenta unha posición cun resultado orzamentario positivo de 2.817.076 euros. As posicións no período 2009-2021 (a.i) acadaron unha sistemática posición do resultado orzamentario con superávit. Deste xeito estase a sanear a acumulación histórica de déficits de tesourería negativos non presupostados, os cales evolucionan desde <-51,0> millóns de euros en 2008 ata <-11,5> en 2021. No período 2009-2021 (a.i) executouse unha xestión centrada na redución do déficit histórico. En total no período sanéanse 39,5 millóns de euros, o cal representa unha porcentaxe do 77 %.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

➢ Evolución do orzamento

A evolución do orzamento consolidado da CRTVG no período 2008 a 2021 é a seguinte:

ORZAMENTO	EUROS	VARIACIÓN S/ANTERIOR	% VARIACIÓN INTERANUAL	VARIACIÓN S/2009	% VARIACIÓN S/2009
EXERCICIO 2008	142.145.146				
EXERCICIO 2009	146.908.995	4.763.849	3,4%		
EXERCICIO 2010	145.428.046	-1.480.949	-1,0%	-1.480.949	-1,0%
EXERCICIO 2011	121.490.783	-23.937.263	-16,5%	-25.418.212	-17,3%
EXERCICIO 2012	114.416.077	-7.074.706	-5,8%	-32.492.918	-22,1%
EXERCICIO 2013	103.964.275	-10.451.802	-9,1%	-42.944.720	-29,2%
EXERCICIO 2014	107.770.030	3.805.755	3,7%	-39.138.965	-26,6%
EXERCICIO 2015	103.575.943	-4.194.087	-3,9%	-43.333.052	-29,5%
EXERCICIO 2016	104.137.617	561.674	0,5%	-42.771.378	-29,1%
EXERCICIO 2017	107.187.830	3.050.213	2,9%	-39.721.165	-27,0%
EXERCICIO 2018	106.882.830	-305.000	-0,3%	-40.026.165	-27,2%
EXERCICIO 2019	109.165.000	2.282.170	2,1%	-37.743.995	-25,7%
EXERCICIO 2020	111.213.000	2.048.000	1,9%	-35.695.995	-24,3%
EXERCICIO 2021	110.351.000	-862.000	-0,8%	-36.557.995	-24,9%

Fonte: Contas anuais auditadas.

3.2. Indicadores de carácter financeiro e non financeiro

➢ Evolución dos gastos consolidados

A distribución dos gastos sobre os que se articula a provisión do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, construído a partir das liquidacións orzamentarias de cada exercicio que se recolle a continuación, para o ano 2010 e para o período 2016-2021, permite presentar o entorno de xestión en clave dinámica:

Milleiros de euros

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA	2010		2016		2017		2018		2019		2020		2021	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%
COMPRAS E SERVIZOS EXTERIORES	79.662,8	53,3%	51.198,1	49,6%	51.772,6	48,8%	49.417,7	47,6%	50.476,6	46,9%	54.575,6	49,4%	52.954,1	48,2%
GASTOS DE PERSOAL	58.359,4	39,0%	49.377,8	47,8%	48.823,0	46,0%	48.774,5	47,0%	50.993,6	47,4%	50.440,0	45,7%	49.797,1	45,4%
SUMA COMPRAS, S.EXT., G.PERSOAL	138.022,2	92,4%	100.575,9	97,3%	100.595,6	94,8%	98.192,2	94,6%	101.470,2	94,2%	105.015,6	95,1%	102.751,2	93,6%
TOTAL CONSOLIDADO DOTACIÓNS	**149.449,1**	**100,0%**	**103.317,7**	**100,0%**	**106.060,4**	**100,0%**	**103.774,6**	**100,0%**	**107.662,9**	**100,0%**	**110.401,1**	**100,0%**	**109.779,7**	**100,0%**

Fonte: Contas anuais auditadas.

Este cadro de distribución dos gastos pon de manifesto que:

- As aplicacións de compras/servizos exteriores e gastos de persoal veñen a representar un peso compositivo medio do período 2016-2021, sobre o total das dotacións da Corporación RTVG, de aprox. o 95 %.

- Os valores 2021 referidos a compras e servizos exteriores, reflicten importes que evidencian unha maior eficiencia na xestión da actividade e mesmo unha maior coherencia dos custos de explotación. Estes evolucionan de 79,7 no ano 2010 a 53,0 millóns de euros en 2021 que en valores relativos representa unha porcentaxe de baixada do <-33,5%>.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

➢ Custo por punto share das televisións autonómicas

O custo por punto de share das televisións públicas autonómicas do exercicio 2021 é a seguinte:

Euros

COMUNIDADE AUTÓNOMA	ORZAMENTO EXPLOTACIÓN	PUNTOS DE SHARE (*)	CUSTO POR PUNTO SHARE
GALICIA	110.416.000	10,8	10.223.704
PAIS VASCO	163.806.332	12,3	13.317.588
MADRID	84.370.616	6,0	14.061.769
CATALUÑA	291.731.586	14,5	20.119.420
ANDALUCÍA	157.364.050	8,4	18.733.815
VALENCIA	62.014.539	3,3	18.792.285
MEDIA 6 CCAA	**144.950.521**	**9,2**	**15.874.763**
MURCIA	5.554.872	4,5	1.234.416
ASTURIAS	24.025.742	8,3	2.894.668
ARAGÓN	52.460.635	10,4	5.044.292
BALEARES	32.608.000	4,7	6.937.872
CASTILLA LA MANCHA	52.239.247	6,4	8.162.382
CANARIAS	58.133.970	7,7	7.549.866
MEDIA 12 CCAA	**91.227.132**	**8,1**	**11.912.237**

Fonte: FORTA e Kantar Media.

3.3. Indicadores de liquidez e recursos de capital

➢ Fondo de manobra

O fondo de manobra ao peche do exercicio 2021 e 2020 é o seguinte:

Euros

FONDO DE MANOBRA	2021	2020
Activo Corrente – Pasivo Corrente	**17.701.435**	**11.513.559**
ACTIVO CORRENTE	31.537.690	26.109.644
PASIVO CORRENTE	13.836.255	14.596.085

Fonte: Contas anuais auditadas.

O valor deste indicador tanto no 2021 como no 2020 é axeitado ao ser de signo positivo, mellorando substancialmente no 2021 en (+) 6,2 millóns de euros consecuencia do incremento dos activos líquidos.

➢ Ratio de tesourería

O ratio de tesourería ao peche do exercicio 2021 e 2020 é o seguinte:

Euros

RATIO DE TESOURERIA	2021	2020
Tesourería / Pasivo Corrente	**1,91**	**1,40**
TESOURERÍA	26.433.601	20.366.062
PASIVO CORRENTE	13.836.255	14.596.085

Fonte: Contas anuais auditadas.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O ratio de tesourería tanto no 2021 como no 2020 é superior a 1, indicativo dunha axeitada capacidade da empresa para cumprir de forma inmediata coas súas obrigas de pagamento a curto prazo. No 2021 mellora de forma significativa como consecuencia do incremento dos activos líquidos.

➢ Ratio de solvencia

O ratio de solvencia ao peche do exercicio 2021 e 2020 é o seguinte:

Euros

RATIO DE SOLVENCIA	2021	2020
Activo Total / Pasivo (Corrente + Non Corrente)	**1,85**	**2,17**
ACTIVO TOTAL	102.763.175	85.662.390
PASIVO (Corrente + Non Corrente)	55.432.866	39.526.876

Fonte: Contas anuais auditadas.

O ratio de solvencia no 2021 e 2020 é superior a 1,5, representativo dunha axeitada estrutura financeira que permite atender puntualmente ao seu vencemento as obrigas de pagamento tanto a curto coma a longo prazo.

➢ Evolución do patrimonio neto

A evolución do patrimonio neto no período 2008 a 2021 é a seguinte:

Euros

PATRIMONIO NETO	EUROS	VARIACIÓN S/ANTERIOR	% VARIACIÓN S/ANTERIOR	VARIACIÓN S/2008	% VARIACIÓN S/ 2008
EXERCICIO 2008	30.245.917				
EXERCICIO 2009	42.148.142	11.902.225	39,4%	11.902.225	39,4%
EXERCICIO 2010	46.011.043	3.862.901	9,2%	15.765.126	52,1%
EXERCICIO 2011	46.356.785	345.742	0,8%	16.110.868	53,3%
EXERCICIO 2012	44.109.412	-2.247.373	-4,8%	13.863.495	45,8%
EXERCICIO 2013	40.182.154	-3.927.258	-8,9%	9.936.237	32,9%
EXERCICIO 2014	36.891.526	-3.290.628	-8,2%	6.645.609	22,0%
EXERCICIO 2015	37.245.067	353.541	1,0%	6.999.150	23,1%
EXERCICIO 2016	35.337.424	-1.907.643	-5,1%	5.091.507	16,8%
EXERCICIO 2017	37.825.304	2.487.880	7,0%	7.579.387	25,1%
EXERCICIO 2018	42.612.639	4.787.335	12,7%	12.366.722	40,9%
EXERCICIO 2019	43.415.068	802.429	1,9%	13.169.151	43,5%
EXERCICIO 2020	46.135.514	2.720.446	6,3%	15.889.597	52,5%
EXERCICIO 2021	47.330.309	1.194.795	2,6%	17.084.392	56,5%

Fonte: Contas anuais auditadas.

A situación reflectida no balance ao remate do exercicio 2021, fixou o valor de 47,3 millóns de euros. Isto representa unha mellora respecto a 2020 dun 2,6 % e consolida a evolución positiva dos catro últimos anos.

3.4. Indicadores de endebedamento

➢ Evolución do endebedamento

A evolución do endebedamento nos exercicios 2021 e 2020 é a seguinte:

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Euros

	2021	2020
DÉBEDA NETA	**14.668.598**	**6.862.603**
(+) DEREITOS DE COBRO E TESOURERÍA	**70.101.464**	**46.389.479**
Créditos e fianzas (l.p.)	106.184	107.960
Débeda AEAT (l.p.)	38.610.694	20.342.000
Débeda AEAT e S.S. (c.p.)	1.175.700	1.025.496
Débedas operacións tráfico (c.p.)	3.775.285	4.547.961
Tesourería	26.433.601	20.366.062
(-) OBRIGAS DE PAGAMENTO	**55.432.866**	**39.526.876**
Financiamento Instituc. Transitorio C. (l.p.)	37.703.114	19.377.689
Provisións responsabilidades (l.p.)	1.993.480	1.899.223
Acredores por arrendamento financeiro (l.p.)	1.900.017	3.653.879
Débedas operacións tráfico (c.p.)	13.836.255	14.596.085

Fonte: Contas anuais auditadas.

En canto á débeda neta (diferenza entre os dereitos de cobro, incluídos recursos líquidos dispoñibles e as débedas, obrigas de pagamento) a Corporación RTVG, S.A. presenta a 31.12.2021 un importe de (+) 14,7 millóns de euros. En termos xerais, esta cifra consolida unha tendencia de mellora da débeda neta total no período 2009-2021.

Sinalar ademais que as cifras correspondentes á débeda bancaria, poñen de manifesto que a mesma evolucionou dende un valor de 32,4 millóns (ano 2009) seguindo unha tendencia descendente nos exercicios sucesivos, de xeito que a 31.12.2013 desaparece a débeda bancaria. Esta situación permanece invariable a 31.12.2021.

4. *Resultado da provisión de servizo público de comunicación audiovisual*

4.1. Entorno da xestión

O 2021 foi un ano de gran incerteza e desafíos para as empresas de Entretemento e Medios (E&M). As forzas que estaban operando na transformación global -dixitalización, globalización, disrupción, cambio de hábitos de consumo e demografía- víronse amplificadas coa problemática sanitaria da pandemia.

Un entorno en permanente estado de cambio.
A transformación actual da industria está profundamente aliñada cos cambios que xerou a pandemia no comportamento do consumidor. Algúns deles perdurarán e aceleraranse. En paralelo e superpostos a estes cambios, os continuos avances en tecnoloxía e na produción e distribución de contidos están creando novos retos e incidindo na complexa relación entre consumidores e provedores, entre creadores e produtores, entre produtores e distribuidores, entre anunciantes e editores, entre gobernos e empresas e entre as grandes plataformas globais e todos os anteriores.

Tendencias comúns.
A pesar da profunda transformación que estamos vivindo, persisten unha serie de tendencias en común. En primeiro lugar, resulta un vector estratéxico ir ao encontro dos consumidores no lugar onde estean. Isto implica ir ao seu encontro *online*, nos seus dispositivos móbiles, na casa, no momento e lugar que eles elixan. En segundo lugar, nesta época de cambio, non se poden concluír que as tendencias actuais continuarán indefinidamente no futuro.

En perspectiva.
Cara ao 2022, as perspectivas para o sector de E&M, aínda que incorporan desafíos, seguen sendo positivas. A extraordinaria adopción do dixital proporcionará un forte impulso ao crecemento global destas industrias durante os próximos anos.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- **Algúns rasgos característicos do sector de entretemento e medios.**

Grandes cambios. Visión disruptiva.
O motor de cambio máis significativo, é a migración ao consumo dixital. Co confinamento domiciliario e o peche dos locais presenciais, o uso dos servizos dixitais disparouse.

Cambios no sector: o acceso a Internet dispárase, a publicidade mantense e o gasto recupérase.
Un dos efectos característicos da pandemia é o incremento da demanda de produtos, experiencias e servizos online. O acceso a Internet e aos datos convertéronse nun salvavidas para o sector, cun aumento moi significativo.

Cambio xeracional: os creadores e a xente nova marcan as tendencias.
Os consumidores máis novos están pouco interesados nos medios tradicionais. Pola contra, as plataformas que se focalizaron nas audiencias máis novas experimentaron un gran crecemento. Esta situación proxecta o seu efecto nunha dobre tendencia nos cambios de relevancia: dos consumidores adultos aos consumidores máis novos, que son quen de marcar as tendencias, e dos produtores aos creadores, que cada vez obteñen un maior beneficio pola súa capacidade de captar a atención das audiencias.

Cambios no modelo de negocio: *streaming.*
Os cambios no comportamento dos consumidores impulsaron profundas transformacións nos modelos de negocio das empresas de E&M. A principal delas é o interese polo streaming experimentado no 2020/21, que colocou á industria nunha nova senda de crecemento.

Cambio de ubicación: centrados nos consumidores alí onde estean.
Unha das tendencias máis claras e evidentes é que os actores da industria, tanto grandes como pequenos, comprenderon a importancia de desenvolver unha oferta de contidos centrada nos consumidores alí onde estean e no momento que o desexen.

En relación co servizo público de comunicación audiovisual PSM (Public Service Media), as tendencias dos medios audiovisuais públicos diante dos feitos que caracterizan á sociedade dixital están focalizadas, entre outros, nos aspectos seguintes:

Xestionar a transformación dixital e poñer en valor o valor público; Xestión do valor público para os cidadáns e a sociedade; Xornalismo de valor público; O servizo audiovisual público necesario na era de internet.

4.2. Resultados da provisión de servizo público

A Corporación RTVG dispón de oito canles polas que emite programación exclusivamente no idioma galego. Esas oito canles son: dúas canles de Televisión Dixital Terrestre TVG e TVG2, dúas canles de televisión vía satélite para o exterior, América e Europa; xunto a catro canles de radio, a Radio Galega convencional e tres canles de música, dúas delas exclusivamente dedicadas á música galega.

A TVG acadou unha cota de audiencia media do 10,1% no conxunto do día ao longo do ano 2021. No horario máis importante do día (prime time) esta aumenta ata o 10,6%.

En posición comparativa coas canles autonómicas que integran a FORTA, a TVG acada a terceira posición no conxunto do día, e tamén no prime time. A canle pública galega preséntase como unha das máis dinámicas do grupo xa que acada no conxunto do día 1,7 puntos de cota máis ca media da FORTA (8,4%). No prime time a TVG acada 1,8 puntos máis ca media da FORTA (8,8%) o grupo CRTVG (TVG e G2), obtivo unha cota de pantalla do 10,8%.

A Radio Galega acadou no ámbito galego 164.000 oíntes diarios de luns a venres, o que supón unha cota de consumo do 17,4% e 152.000 diarios de luns a domingo segundo datos do EGM referidos ao ano 2021, o que supón unha cota do 18,1%.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ao respecto de Radio Galega Música, segundo datos do EGM referidos ao ano 2021 (ano móbil febreiro / novembro 2021), acadou unha audiencia de 57.000 oíntes/día de luns a venres e de 49.000 oíntes diarios de luns a domingo.

Ambas emisoras de radio, contaron cunha audiencia conxunta de 221.000 oíntes de luns a venres no ano 2021 segundo datos do EGM (ano móbil febreiro / novembro 2021). De luns a domingo, segundo a mesma fonte, o conxunto de emisoras de Radio Galega acadaron unha audiencia de 201.000 oíntes.

En relación ás canles dixitais, crtvg.gal acaba o ano con 4,2 millóns de usuarios únicos, 12,5 millóns de sesións e 31,5 millóns de páxinas. Ás apostas dixitais existentes sumáronse G24.gal (outubro 2021), unha canle de noticias informativas que presenta audio e video, RadioGalegaPodcast.gal (outubro 2021), a canle do contido nativo de audio (podcast) da Radio Galega e #DígochoEu, a canle educativa dos contidos do proxecto #DígochoEu (maio 2021). Todos os proxectos dixitais da Corporación RTVG amosan un total de 4,5 millóns de usuarios únicos e 13,4 millóns de sesións.

5. Xestión das persoas

O traballo desenvolvido na área de recursos humanos está enfocado en establecer un continuo progreso na execución operativa dun programa de benestar laboral cuxos eixes básicos son os seguintes: estabilidade no emprego, clima laboral, coidado do entorno de traballo, implantación de instrumentos de teletraballo, recoñecemento e participación dos traballadores/as, comunicación corporativa efectiva e formación continua.

5.1. Un proxecto laboral comprometido coa estabilidade no emprego

A oferta pública de emprego pon de manifesto o compromiso profesional da dirección de goberno Corporativo coa xestión laboral. En idéntico sentido e pola acumulación de propostas dos axentes implicados (Comisión de Control da CRTVG no Parlamento de Galicia, Consello de Administración e representantes dos traballadores/as), todas elas de sentido converxente, cara a procurar entornos de estabilidade no emprego ao conxunto dos traballadores/as con prestación de servizos prolongada no tempo impulsouse a citada oferta. A Corporación é consciente de que este asunto ten unha relevancia social de primeiro orde no obxectivo de mellorar en clave de gobernanza, estabilidade social, recoñecemento ao conxunto dos traballadores/as e mesmo na eficiente provisión do servizo público de comunicación audiovisual.

En definitiva, o obxectivo final da OPE foi o de abrir un escenario de oportunidade para o conxunto do persoal da Corporación cara a conseguir unha completa estabilidade no emprego mediante vínculos de natureza fixa para o conxunto de prazas do cadro. Neste sentido, a oferta inclúe, por unha banda, 31 prazas que permiten cubrir as xubilacións ocorridas durante o ano 2020 e que normativamente se define como taxa de reposición e, pola outra, 212 prazas máis que se corresponden coas ocupadas a data 30 de setembro por persoal con sentenza firme de indefinidade. En total 243 prazas.

Esta actuación a favor da estabilidade no emprego do cadro de persoal da CRTVG que proxecta un efecto positivo de redución drástica da temporalidade, culmina coa publicación o 30.12.2021 no Diario Oficial de Galicia da Resolución do 24.12.2021 da Dirección Xeral da CRTVG pola que se aproba e se dá publicidade á oferta de emprego público cun alcance de 243 prazas.

Ao fío do exposto a execución do "novo proxecto laboral" está asociada aos principios (5) que informan a xestión da Corporación:

Valor estratéxico; Orientación á competitividade e eficiencia; Sustentabilidade económica; Legalidade e seguridade xurídica; Consenso e diálogo en co-responsabilidade.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

5.2. Estado da cuestión laboral

Unha análise retrospectiva pon de manifesto que no ano 2009 a CRTVG tiña un número medio de traballadores/as de 996 e un cadro de persoal de 769 prazas. Isto evidencia que o cadro de persoal non representaba axeitadamente o número de efectivos e a diferenza existente entre ambas, proxectaba unha característica problemática laboral asociada á contratación indefinida. A maiores, o perímetro de risco laboral (principalmente referido aos servizos de novas externalizadas que conformaban o esquema das actuais delegacións territoriais da Corporación, os cales finalmente se fixeron propios) ascendía aprox. a 160, ata completar o seu número total de aproximadamente 1.156 efectivos.

A xestión levada a cabo no eido dos recursos humanos supuxo cuantitativamente pasar dun cadro de 769 prazas e 996 traballadores/as e un perímetro de risco laboral que completaba o seu número en aprox. 1.156 efectivos, cara a evolucionar, no 2021, a un cadro composto por 820 prazas e 892 traballadores/as de media coa conseguinte estabilización dos custos de persoal e a drástica redución da temporalidade na contratación.



Fonte: Contas anuais auditadas.

Millóns de euros



Fonte: Contas anuais auditadas.

A CRTVG pecha o exercicio 2021 co número medio de traballadores máis baixo da serie histórica obxecto de análise (2009-2021) que se fixa en 892.

Cómpre salientar tamén a progresiva redución da contratación temporal implantada na xestión desde o ano 2010 (a temporalidade no 2009 superaba o 40%). A distribución do promedio dos traballadores no exercicio 2021, por tipo de vinculación contractual é a seguinte: fixos e indefinidos 80,38%; relevos 5,49%; interinidade 4,94%; obra 1,57% prácticas 3,36% e directivos 4,26%.

En síntese, unha análise inmediata do número de traballadores/as medios no período obxecto de observación 2009-2021, pon de manifesto que as medidas de mellora da xestión laboral executadas proxectaron o seu efecto en clave de estabilidade e calidade no emprego, diminución da temporalidade, sostibilidade e mesmo coherencia dos custos de explotación. Os resultados propiciaron así entornos axeitados en clave de eficiencia, sen perder de vista presupostos de benestar laboral baseado no diálogo e negociación cos axentes sociais.

Os datos do exercicio 2021 poñen de manifesto que o número medio de traballadores/ano estabilizouse nun valor de 892 traballadores. O desglose por natureza do vínculo é o seguinte:

- Cadro directivo: 38.
- Persoal de cadro: i) fixos: 503; ii) relevistas: 49, iii) indefinidos en praza vacante: 203; iv) interinos en praza vacante: 7 e v) 11 interinos que ocupan prazas reservadas.
- Persoal de longa duración: i) indefinidos sentenza firme: 1; ii) indefinidos sentenza non firme: 10; iii) obras ou servizos determinados: 14 e vi) contratos en prácticas: 30.
- Substitucións (motivadas principalmente por Incapacidades Temporais): 26.

As resolucións xudiciais que declaran a existencia de relacións laborais indefinidas determinan, na práctica totalidade dos casos, que a data da primeira vinculación contractual dos traballadores/as é anterior ao ano 2009.

CSV: BOPGDSPG-kWNozw70N-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6. *Tributación indirecta*

